



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 10

Sesión plenaria
21 de outubro de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGKqbUcizPo1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 728 (11/PNP-000036)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Porro Martínez, María Corina e trece deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España dos cambios normativos necesarios na lexislación orgánica en materia de saúde pública para poder actuar ante a pandemia da covid-19 con plenas garantías e seguridade xurídica

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 9, do 02.09.2020

4.2 850 (11/PNP-000056)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e catorce deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que se restablezan todos os servizos de tren que foron suprimidos amparándose na pandemia provocada pola covid-19, tanto nas conexións interiores na propia comunidade galega como nas conexións de Galicia con outras comunidades autónomas, e para que se lles poida ofrecer un transporte de tren de calidade aos usuarios

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 9, do 02.09.2020

4.3 966 (11/PNP-000072)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co previsible inicio das competicións deportivas federadas non profesionais en Galicia e as exixencias sanitarias derivadas da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 11, do 04.09.2020

4.4 2375 (11/PNP-000231)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa situación de Alcoa en San Cibrao, a aprobación dun estatuto do consumidor electrointensivo e a creación dunha tarifa eléctrica galega.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 23, do 30.09.2020



4.5 2403 (11/PNP-000235)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos servizos ferroviarios suprimidos con motivo do estado de alarma e a modernización e mellora da rede ferroviaria de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo en materia ferroviaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020

4.6 2469 (11/PNP-000244)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de posibilitar a reversión aos concellos da titularidade dos terreos portuarios, cando o seu uso para fins relacionados co porto sexa residual ou inexistente e sexan susceptibles de utilización municipal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020

Punto 5. Interpelacións**5.1 1686 (11/INT-000092)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa garantía da asistencia sanitaria á cidadanía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

5.2 2246 (11/INT-000129)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa distribución das transferencias non finalistas aos concellos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020

5.3 2817 (11/INT-000163)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa contratación de profesionais sanitarios para afrontar a covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 07.10.2020

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 3401 (11/POPX-000005)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do Auto ditado pola Audiencia Nacional o día 1 de outubro de 2020, respecto da fusión das caixas de aforro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 30, do 14.10.2020



6.2 3402 (11/POPX-000006)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Sobre as actuacións previstas para blindar as residencias de persoas maiores diante da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 30, do 14.10.2020

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 2603 (11/POP-000318)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da ruptura das negociacións para a venda das plantas de Alcoa na Mariña lucense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020

7.2 3398 (11/PUP-000076)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Seco García, Martín**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia diante da crise da planta de Alcoa en San Cibrao

Publicación da iniciativa, BOPG nº 30, do 14.10.2020

7.3 3399 (11/PUP-000077)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e dous deputados/as máis**

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto do uso de todas as súas competencias para facer respectar os acordos de mantemento da actividade, emprego e investimentos nos centros de XEAL-Ferroatlántica de Cee e Dumbría e nas centrais hidroeléctricas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 30, do 14.10.2020

7.4 925 (11/POP-000272)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e seis deputados/as máis**

Sobre as medidas concretas que adoptou a Xunta de Galicia para axudar os traballadores afectados por un ERTE

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 2.09.2020

7.5 1591 (11/POP-000124)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis**

Sobre as razóns da ligazón da área de Igualdade á de Emprego na nova consellaría creada na Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020



7.6 2839 (11/POP-000343)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para defender os postos de traballo da empresa Maderas Iglesias, do Porriño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 07.10.2020

7.7 721 (11/POP-000227)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Porro Martínez, María Corina e seis deputados/as máis**

Sobre cal é a avaliación do funcionamento, a actividade e o resultado das medidas de prevención da covid-19 implantadas a través da creación do rexistro de viaxeiros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 2.09.2020

7.8 2645 (11/POP-000312)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre as actuacións xudiciais que se están a levar a cabo no Centro Tecnolóxico da Carne

Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 07.10.2020

7.9 2680 (11/POP-000319)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis**

Sobre a posición do Goberno galego respecto da ampliación dos servizos do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia ás fins de semana e festivos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 07.10.2020



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego do auto ditado pola Audiencia Nacional o día 1 de outubro de 2020 respecto da fusión das caixas de aforros. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Caballero Miguez (S)*. (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

Réplica do autor: *Sr. Caballero Miguez (S)*. (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 17.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas para blindar as residencias de persoas maiores diante da covid-19. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 19.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 20.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 21.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 22.)

A señora Pontón Mondelo (BNG) pide a palabra con base no artigo 76.3. (Páx. 24.)

O señor presidente non lle concede a palabra por considerar que foi un debate de confrontación política respectuoso. (Páx. 24.)

Acumulación de dúas proposicións non de lei para o seu debate conxunto

O señor presidente anuncia a decisión de acumular as proposicións non de lei que figuran na orde do día como puntos 4.2 e 4.5 para seu debate conxunto. (Páx. 25.)



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Candia López e catorce deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que se restablezan todos os servizos de tren que foron suprimidos amparándose na pandemia provocada pola covid-19, tanto nas conexións interiores na propia comunidade galega como nas conexións de Galicia con outras comunidades autónomas, e para que se lles poida ofrecer un transporte de tren de calidade aos usuarios. (Punto cuarto da orde do día.)

Proposición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos servizos ferroviarios suprimidos con motivo do estado de alarma e a modernización e mellora da rede ferroviaria de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo en materia ferroviaria. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a estas proposicións non de lei. (Páx. 25.)

Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: Sr. Fernández Prado (P) (Páx. 25.) e Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 28.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Otero Rodríguez (S). (Páx. 32.)

Os señores Fernández Prado (P) (Páx. 34.) e Bará Torres (BNG) (Páx. 37.) interveñen para posicionarse respecto da emenda.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co previsible inicio das competicións deportivas federadas non profesionais en Galicia e as exixencias sanitarias derivadas da covid-19. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 39.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Francisco Rivera (S). (Páx. 39.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Murillo Solís (P). (Páx. 42.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Castro García (BNG). (Páx. 45.)

O señor Francisco Rivera (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 48.)

Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaoto deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa situación de Alcoa en San Cibrao, a aprobación dun estatuto do consumidor electrointensivo e a creación dunha tarifa eléctrica galega. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 49.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Castro García (BNG)*. (Páx. 50.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Seco García (S)* (Páx. 52.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 55.)

O señor Castro García (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 58.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de posibilitar a reversión aos concellos da titularidade dos terreos portuarios cando o seu uso para fins relacionados co porto sexa residual ou inexistente e sexan susceptibles de utilización municipal. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 59.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 60.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 63.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 65.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 68.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Corina Porro Martínez e trece deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España dos cambios normativos necesarios para a lexislación orgánica en materia de saúde pública para poder actuar ante a pandemia da covid-19 con plenas garantías e seguridade xurídica: *aprobada por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 31 abstencións.* (Páx. 70.)

O señor presidente le o texto transaccionado sobre as proposicións non de lei presentadas polo G. P. Popular de Galicia e polo G. P. do Bloque Nacionalista galego que deseguido se vai someter á votación . (Páx. 71.)

Votación do texto transaccionado sobre a Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Candia López e catorce deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que se restablezan todos os servizos de tren que foron suprimidos amparándose na pandemia provocada pola covid-19, tanto nas conexións interiores na propia comunidade galega como nas conexións de Galicia con outras comunidades autónomas, e para que se lles poida ofrecer un transporte de tren de calidade aos usuarios, e sobre a Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos servizos ferroviarios suprimidos con motivo do estado de alarma e a modernización e mellora da rede ferroviaria de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo en materia ferroviaria: *aprobado por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)



O señor presidente le o texto transaccionado sobre a proposición non de lei presentada polo G. P. dos Socialistas de Galicia que a continuación se vai someter á votación. (Páx. 72.)

Votación do texto transaccionado sobre a Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co previsible inicio das competicións deportivas federadas non profesionais en Galicia e as exixencias sanitarias derivadas da covid-19: *aprobado por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 72.)*

O señor presidente informa da aceptación dunha transacción sobre a seguinte proposición que se someterá á votación, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, así como da votación por puntos. (Páx. 72.)

Votación do punto primeiro do texto transaccionado sobre a Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa situación de Alcoa en San Cibrao, a aprobación dun estatuto do consumidor electrointensivo e a creación dunha tarifa eléctrica galega: *rexeitado por 17 votos a favor, 39 votos en contra e 14 abstencións. (Páx. 73.)*

Votación do segundo punto do texto transaccionado sobre a Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa situación de Alcoa en San Cibrao, a aprobación dun estatuto do consumidor electrointensivo e a creación dunha tarifa eléctrica galega: *aprobado por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 73.)*

Votación do terceiro punto do texto transaccionado sobre a Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa situación de Alcoa en San Cibrao, a aprobación dun estatuto do consumidor electrointensivo e a creación dunha tarifa eléctrica galega: *rexeitado por 17 votos a favor, 53 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 73.)*

Votación do cuarto punto do texto transaccionado sobre a Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa situación de Alcoa en San Cibrao, a aprobación dun estatuto do consumidor electrointensivo e a creación dunha tarifa eléctrica galega: *aprobado por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 74.)*

Votación do texto transaccionado sobre a Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de posibilitar a reversión aos concellos da titularidade dos terreos portuarios, cando o seu uso para fins relacionados co porto sexa residual ou inexistente e sexan susceptibles de utilización municipal: *aprobado por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 74.)*



Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa distribución das transferencias non finalistas aos concellos. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 74.)

Resposta da Xunta: Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela). (Páx. 77.)

Réplica do autor: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 81.)

Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela). (Páx. 83.)

Suspéndese a sesión ás dúas e dez minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e tres minutos da tarde.

Cambio no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente comunica que o punto de preguntas ao Goberno comezará polas preguntas que figuran en oitavo e noveno lugar do punto sétimo da orde do día. (Páx. 85.)

Pregunta de D. Martín Seco García e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións xudiciais que se están a levar a cabo no Centro Tecnolóxico da Carne. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 85.)

Contestación da Xunta: Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez). (Páx. 87.)

Réplica da autora: Sra. Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez). (Páx. 88.)

Pregunta de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Goberno galego respecto da ampliación dos servizos do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia ás fins de semana e festivos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pérez Fernández (BNG). (Páx. 89.)

Contestación da Xunta: Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 90.)

Réplica da autora: Sra. Pérez Fernández (BNG). (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 91.)

Acumulación de dúas preguntas para a súa formulación conxunta

O señor presidente anuncia a decisión de acumular as preguntas que figuran na orde do día como puntos 7.1 e 7.2 para a súa formulación conxunta. (Páx. 92.)



Pregunta de D^a María Elena Candia López e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da ruptura das negociacións para a venda das plantas de Alcoa na Mariña lucense. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia diante da crise da planta de Alcoa en San Cibrao. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención das autoras: *Sra. Candia López (P)* (Páx. 93.) e *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 94.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 95.)

Réplica das autoras: *Sra. Candia López (P)* (Páx. 96.) e *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 97.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 98.)

Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto do uso de todas as súas competencias para facer respectar os acordos de mantemento da actividade, emprego e investimentos nos centros de Xeal-Ferroatlántica de Cee e Dumbría e nas centrais hidroeléctricas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG)*. (Páx. 100.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 101.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG)*. (Páx. 102.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 102.)

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para defender os postos de traballo da empresa Maderas Iglesias, do Porriño. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 103.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 104.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 105.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 106.)

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas concretas que adoptou a Xunta de Galicia para axudar os traballadores afectados por un ERTE. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 107.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 108.)

Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 109.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 110.)



Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da ligazón da área de Igualdade á de Emprego na nova consellería creada na Xunta de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 111.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 113.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 114.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 115.)

Pregunta de D^a María Corina Porro Martínez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre cal é a avaliación do funcionamento, a actividade e o resultado das medidas de prevención da covid-19 implantadas a través da creación do rexistro de viaxeiros. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P)*. (Páx. 116.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 117.)

Réplica da autora *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P)*. (Páx. 118.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 118.)

Interpelación de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa garantía da asistencia sanitaria á cidadanía. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 119.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 123.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 126.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 128.)

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa contratación de profesionais sanitarios para afrontar a covid-19. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 130.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 134.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 138.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 139.)

Remata a sesión ás sete e vinte e seis minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión co punto sexto da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego do auto ditado pola Audiencia Nacional o día 1 de outubro de 2020 respecto da fusión das caixas de aforros

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Caballero Miguez

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Teño que empezar hoxe a miña pregunta facendo unha referencia a unha cuestión histórica que se está vivindo agora no Congreso dos Deputados. Unha moción de censura que pon en risco o modelo de convivencia presentado pola ultradereita, e queremos trasladar desde o PSdeG todo o noso rexeitamento e pedirilles a todas as forzas políticas, tamén ao Partido Popular, que se poñan a carón do Goberno fronte á ameaza fascista do populismo demagóxico da ultradereita no noso país. *(Aplausos.)*

Hai dez anos fusionáronse as caixas de aforro de Galicia. Hai dez anos marcouse unha folla de ruta na que o sistema financeiro de Galicia acabou perdendo, despois de que esa decisión política tomada desde a Xunta de Galicia que vostede preside levase a un burato que implicou un custo de máis de oito mil millóns de euros; cada ano que pasa no seu goberno estamos pagando mil millóns de euros debido á súa xestión na fusión das caixas.

Porque hai un auto, señor Feijóo, do 1 de outubro que é moi revelador. Acaba de dicir a Audiencia Nacional que *«la única razón por la que el FROB intervino fue por la situación económico-financiera en la que se encontraba en 2010 Caixa Galicia, antes de que se produjese la fusión. Caixanova nunca habría sido intervenida si no se hubiera visto obligada a fusionarse con Caixa Galicia»*. Vostede marcou esa obriga, vostede implicou e determinou dende o poder da Xunta unha fusión que Caixanova non quería, que a dirección de Caixanova rexeitou no seu consello de forma unánime, coa abstención do BNG, porque sabían cal era o escenario que había.

E como di un auto, que non é unha opinión, que é unha resolución xudicial, houbo unha intervención que levou a un escenario que deixou Galicia sen as caixas, que deixou Galicia nun escenario tan complexo. E vostede, señor Feijóo, é o responsable desta situación. É o responsable de que mentres vostede brindaba e firmaba cunha estilográfica Montblanc *(O señor Caballero Miguez amósalle á Cámara unha fotografía.)*, feita para a ocasión, *(Aplausos.)* a cidadanía estaba na rúa *(O señor Caballero Miguez amósalle á Cámara outra fotografía.)*, decenas de milleiros de persoas dicíndolle na cidade de Vigo, representando a xente de toda Galicia e de todo o sur de Galicia, que aquela fusión era unha aldraxe contra a cidade, contra o sur de Galicia e tamén contra a antiga Caixa Ourense; que podía existir unha caixa como agora di o auto.



E isto foi o que se marcou noutras comunidades autónomas, onde se buscaron estruturas para que sigan sendo as fundacións das caixas de aforro as que teñen o control e accionariado incluso maioritario en distintas caixas. O que ocorreu en Galicia non ocorreu en Cataluña nin no País Vasco, onde se manteñen fundacións que controlan unha parte importantísima do accionariado dos distintos bancos que emerxeron.

Por iso, esta é a maior catástrofe financeira que ocorreu en Galicia ao longo da historia. E vostede, señor Feijóo, co efe de Feijóo, co efe de fiasco, co efe de fracaso, co efe da fusión, tenlle que explicar a Galicia un auto que implica un burato de oito mil millóns de euros que vostede lles ten que explicar aos galegos e ás galegas, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¡Felicidades, señor Caballero!

En relación con esa moción de censura, que parece ser que vostede acaba de recibir algunha mensaxe de Ferraz, sabe vostede que a nosa opinión desde o principio é que esta moción de censura non deixa de ser un *show* de entretemento que lle vén moi ben ao Goberno do Partido Socialista e a Podemos, e moi mal á alternativa a ese nefasto goberno social comunista.

Señorías, o primeiro ao que lle interesa a moción de censura é a vostede, ao seu grupo parlamentario, ao seu grupo político e, por suposto, a Podemos, ausente nesta cámara, porque os galegos así o decidimos. E o segundo, señoría, sábese moi ben, que para cambiar o Goberno de Sánchez a única posibilidade que hai é que haxa unha alternativa dun grupo parlamentario, que é o Grupo Parlamentario do Partido Popular. *(Aplausos.)* Sigan vostedes, señoría, entretidos mentres España está na peor situación económica, institucional e, lamentablemente tamén, con algún tic antidemocrático que nos preocupa a todos os demócratas.

Pero, evidentemente, vindo de vostede, calquera cousa pode ser posible. Acaba vostede de renunciar a ser o secretario xeral do Partido Socialista e dedícase a ser un dirixente de terceira local dunha cidade de Galicia.

Señoría, na súa pregunta comenta vostede tres falsidades: a primeira, o auto non afecta a fusión das caixas; a segunda, o auto é sobre unha operación de corenta e tres millóns de euros de crédito, dous anos antes da fusión e, polo tanto, nada que ver con isto; en terceiro lugar, o auto —que vostede omite— trátase dun procedemento penal ante unha denuncia da administración pública FROB ante os directivos da caixa que vostede defende, Caixanova. É difícil contar máis mentiras nun parlamento con base nun auto que vostede acaba de manipular; do mesmo xeito que toda a súa intervención é unha manipulación absoluta.

Señoría, sobre a situación previa das caixas, permítame que deberían o Partido Socialista e o Bipartito explicarnos por que cando este goberno tomou posesión estaban en quebra. E vostedes non dixeron absolutamente nada; ao contrario, ocultaron a situación das caixas durante o seu mandato.



Quen o debería de saber tamén era o Banco de España. Por iso o Banco de España, con esa pluma estilográfica á que vostede se refire, firmou a fusión.

Quen deberían de sabelo tamén eran os directivos de Caixanova. E permítame que cite o que dicía o directivo máximo de Caixanova, textualmente: «ou fusión ou morte instantánea unha vez que se incrementa o *core capital*». Di vostede que non; está á súa disposición o recorte de prensa do *Progreso* de Lugo. Espero que os periodistas de Lugo non mintan; vostede si.

Pero o que é máis importante, señoría, é que o que fixemos incluso foi o que dixo o gobernador do Banco de España, é dicir, ao final; porque ao principio o que pretendían o gobernador e o Partido Socialista era que Galicia quedara sen caixas. Unha operación Bankia a Madrid e outra operación Liberbank a Asturias. Ese era o seu obxectivo, señoría, e ese é o obxectivo que impedimos a maioría dos galegos do Grupo Parlamentario Popular. (*Aplausos.*)

Señoría, o seu obxectivo era que Galicia quedara sen ningún centro financeiro, sen ningunha decisión. E por se acaso a vostede, como é evidente, non lle preocupa a verdade, debería vostede de revisar a sentenza da Audiencia Nacional do 22 de outubro de 2015,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...ratificada polo Tribunal Supremo. E aí si fala da fusión e di: Caixa Galicia estaba nunha situación de insolvencia e Caixanova, cuxa situación non era tan grave, tiña serios problemas de viabilidade. E por iso a finais de 2009 iniciaron contactos para o proceso de integración, co fin de asegurar o seu desenvolvemento e a súa estabilidade futura. Señoría, este é o auto da Audiencia Provincial ratificado polo Tribunal Supremo. E vostede vén aquí cun auto de procesamento a directivos de Caixanova que o único que fai a Audiencia é dicir que iso se xulgue nos xulgados de Pontevedra. E vostede fai aquí a parafernalia dun mal dirixente político...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e dun pésimo secretario xeral do Partido Socialista.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Señor Feijóo, segue vostede na escalada de mentiras continuas en referencia ao asunto das caixas.

Vostede tenlle que explicar a Galicia por que vostede forzou, por que vostede obrigou, por que vostede marcou unha fusión de caixas coa que non estaba de acordo unha das entidades,



e na que fronte ás súas mentiras as palabras publicadas polo auto da Audiencia son clarísimas, (*O señor Caballero Miguez amósalle á Cámara unha fotocopia.*) meridianamente claras.

O único que manipula, o único que mente de forma continua, o único que non quere recoñecer o seu fracaso na fusión das caixas, porque tería que explicar a súa xestión, que comportou oito mil millóns de buratos de fondos públicos que houbo que poñer, é vostede. E a sentenza dio con meridiana claridade: «*Caixanova nunca habría sido intervenida si no se hubiera visto obligada a fusionarse con Caixa Galicia*». Non interpreto, señor Feijóo; eu doulle os textos, a realidade, e vostede manipula. (*Aplausos.*) Vostede non quere recoñecer a realidade da súa peor xestión, a maior catástrofe financeira que ocorreu en Galicia e que ten o nome de Alberto Núñez Feijóo. E sábeno tanto os cidadáns e sábeo a realidade do país.

Mire, señor Feijóo: ¿onde está o informe de KPMG, ese no que vostede dicía que era un informe que solventaba esa fusión? ¿Por que non asume vostede que se ten dito xa con claridade que o responsable daquilo..., que non se fixo unha auditoría, que era un mero informe factual, que non concluía a necesidade desa fusión, que vostede enganou tamén niso, e custoulle un millón de euros das arcas públicas que nunca apareceron.

Señor Feijóo, vostede non quere ver o que ocorreu noutras comunidades e está xogando. Por exemplo, en Cataluña, onde a Fundación de La Caixa ten un 40 % de CaixaBank, ou na Kutxabank, onde as tres antigas caixas acabaron configurando fundacións bancarias e manteñen unha implantación territorial. E vostede segue xogando a escapar, a escapar da realidade. E cando se lle ensina, saca declaracións fóra de contexto.

Esta é a mellor realidade (*O señor Caballero Miguez amosa na dirección dos escanos do Goberno unha fotografía.*): unha cidade de Vigo que estivo colapsada, que non había onde moverse porque cada un que quería chegar á manifestación non podía saír do portal da súa casa. (*Murmurios.*) Esa é a realidade que saben os galegos e as galegas, decenas de milleiros que alí estiveron e aos que vostede lles debe unha explicación, porque a súa xestión, tomada polos intereses dos seus socios políticos e económicos en Galicia para intentar facer unha escapada cara a adiante que non solucionou nada, é unha páxina negra que vostede firmou con esa Montblanc.

O Banco de España non estableceu que tivera que establecerse esa fusión entre as dúas caixas. Non marcou ningúen esa axenda máis ca vostede, vostede dende a Xunta de Galicia. E saben todos os actores que estiveron implicados naquel momento que vostede marcou esa liña para intentar facer unha folla de ruta que nos obrigou a quedar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...sen ningunha das dúas caixas e sen ningunha fundación bancaria, que podería hoxe ter unha parte fundamental do accionariado dun banco que estivese fondamente vinculado a Galicia, que non se puidera mover.

E por iso vostede, señor Feijóo, débelle esa resposta aos galegos e ás galegas. Deixe xa de escapar e explique o seu fiasco, o fracaso da fusión das caixas...



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...que é unha páxina negra máis...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...do seu historial de xestión económica...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...que deixa Galicia sen Pescanova, sen Caramelo, sen tantas empresas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Rolda de peche da pregunta, presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Se non fora porque estamos en plena pandemia isto non sería máis que unha intervención, mala iso si, dun cómico, que vén aquí simplemente non saber do que fala. *(Murmurios.)*

Señoría: «*Ordóñez admite que la fusión gallega evitó la intervención de las cajas*», gobernador do Banco de España. *(O señor Núñez Feijóo amósalle á Cámara un folio.)*

Audiencia Nacional, *Sentencia 40/2015, de 22 de octubre de 2015, ratificada por la sentencia del Tribunal Supremo de 9 de septiembre de 2016.* Estas son sentenzas, señoría. Vostede vén outra vez manipular e di que está claro o que di a sentenza da Audiencia Nacional, e non é unha sentenza, é un auto. É un auto que di que a demanda contra os directivos das caixas, por dar un crédito por corenta e tres millóns de euros, catro anos antes da fusión, ten que ser substanciada en Pontevedra. Iso é o que di o auto. E vén vostede aquí, señoría, dimitir de secretario xeral do Partido Socialista.

Presidente da Deputación da Coruña, o 10 de maio de 2009, dixo: «*La fusión de las cajas es viable, solvente y genera valor*». Alcalde da Coruña da época, 2 de decembro do 2009: «*Satisfecho por la decisión de la Xunta de apostar por la fusión*». Delegado do Goberno do Partido Socialista, 28 de abril de 2010: «*No podemos ahorrar ningún esfuerzo para que conseguir esa fusión*». Incluso o portavoz o señor Leiceaga nesta cámara: «*Lo que sería una buena noticia para los gallegos, esa fusión de la cajas*».

Señoría, ¿a que a vostede nin sequera lle preocupa de saber o que opina o seu partido? Pero o seu partido ten unha parte de sentido común e de sentido institucional e de defender Galicia por riba de calquera localismo. E por iso, lamentablemente, o seu partido está na peor situación posible, actualmente.



Mire: dáme a sensación de que vostede veu facer esta pregunta pensando que o Grupo Parlamentario Popular non ía apoiar a Comisión das caixas. E resulta que nós apoiamos a comisión de investigación (*Aplausos.*) para que se investigue definitivamente a Comisión das caixas.

Señoría, xa sabiamos que vostede era defensor de Pedro Sánchez; a partir de agora xa sabemos que é defensor do señor gobernador do Banco de España, do señor Miguel Ángel Fernández Ordóñez, do señor Zapatero e tamén dos directivos dunha caixa. (*Murmurios.*) Claro, señorías, eu non lle debo nada a ningún directivo de ningunha caixa galega, só me debo aos galegos, exclusivamente, señorías. (*Aplausos.*)

Cando vostede vén dicir aquí que, como consecuencia de que este grupo parlamentario se refire ás súas competencias estatutarias, debemos nove mil millóns, ¿de que está falando, vostede? Este grupo parlamentario o que evitou foi a quebra das dúas caixas. Os nove mil millóns de euros debéronos a xestión negligente dos directivos das caixas de aforro de Galicia, que cando chegamos ao goberno estaban quebradas, e vostedes nin sequer nos informaron.

(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Caballero, láméntoo profundamente. Vostede está no seu dereito a defender os directivos das caixas, siga por aí. Nós estamos para defender os galegos e os aforradores, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e os catro mil empregos das caixas.

Señoría, estamos agora dez anos despois, e ocorre que hai catro mil persoas traballando nun banco con domicilio e sede social en Galicia: nos Cantóns e en García Barbón, con xente, os servizos centrais e o comité de riscos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...domiciliada na comunidade autónoma.

¿Cal era a súa proposta, señor Caballero? A súa proposta era que Caixa Galicia se fora a Bankia, é dicir, que desaparecera. Agora fala vostede dunha caixa catalá. ¡Ah!, si, a que está en Valencia, que acaba ou está fusionándose con Bankia. ¿Esa era a súa proposta? A proposta era que Caixa Galicia se fora a Bankia, que Bankia se unira con Caixa Catalana e que se foran a Valencia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...Opción de Caballero. E a segunda proposta é que Caixa Nova se fora a Liberbank, que agora parece ser que se quere fusionar —non lle queda máis remedio— que con Cajasur ou con Unicaja en Málaga.



Cal era a súa proposta: ¿que Vigo se trasladara a Málaga e A Coruña se trasladara a Valencia? Non, señoría, que A Coruña e Vigo queden en Galicia e que teñamos un banco en Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas para blindar as residencias de persoas maiores diante da covid-19

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

A verdade é que empeza esta sesión e vemos de novo o Partido Popular e o Partido Socialista usando esta cámara para defender a Sánchez e a Casado, ignorando os problemas propios que ten Galiza ante o Estado. (*Aplausos.*) A verdade é que é unha mágoa que usen este parlamento simplemente como un eco do que pasa en Madrid.

Porque temos situacións moi graves por resolver no noso país. Precisamente enfrontarnos a unha pandemia que está marcando un antes e un despois nas nosas vidas e que, desde logo, ten na xestión das residencias de maiores unha liña de non-retorno que retrata as consecuencias dramáticas de converter a vellez nun negocio.

Residencia DomusVi San Lázaro, en Santiago, 50 falecidos; residencia DomusVi Barreiro, de Vigo, 32 falecidos; residencia DomusVi de Cangas, 31 falecidos; residencia Nosa Señora da Esperanza, de Ourense, 28 falecidos; residencia do Incio, 18 falecidos; residencia Portazgo, da Coruña, 15 falecidos; residencia Nosa Señora de Fátima, do Barco, 15 falecidos; residencia Santa Teresa de Jornet, na Coruña, 12 falecidos; residencia Moledo, en Vigo, 13 falecidos; residencia dos Gozos, do Pereiro de Aguiar, 13 falecidos; residencia Concepción Arenal, na Coruña, 10 falecidos; residencia Remanso, na Coruña, 10 falecidos; residencia As Fragas, de Pontedeume, 9 falecidos; residencia DomusVi Matogrande, na Coruña, 9 falecidos; residencia San Carlos, de Celanova, 9 persoas maiores falecidas. E así, señor Feijóo, podería seguir cunha lista que encolle o corazón ante un total de 364 persoas maiores falecidas por covid nas residencias. Moitas delas, nin tan sequera foron trasladadas a hospitais. Un colectivo de vinte mil persoas que soporta o 44 % dos falecementos por covid durante esta pandemia.

E podemos entender que en marzo non houbera anticipación, pero é que sete meses despois non foron capaces de blindar as residencias e só actúan cando hai contaxios masivos e mesmo falecementos. E mentres todo isto pasa, vostede ten a desvergoña de dicirle á xente nova deste país que é irresponsable e que provoca contaxios, que provoca ingresos na UCI e que provoca falecementos. Unha acusación deshonesta que negan os propios datos do seu goberno. (*Aplausos.*)



Señor Feijóo, quen causa vítimas pola covid non é a xuventude galega. En vez de culpabilizala debería de pensar na súa incapacidade para anticiparse, na súa incapacidade para aprender dos erros e actuar e no seu modelo de residencias que fai negocio coa vellez deste país.

Pedímoslle, señor Feijóo, que rectifique, porque estamos falando da saúde das persoas maiores, que non deben sentirse nunca máis abandonadas polo seu goberno. Por iso preguntámoslle: ¿que vai facer para blindar as residencias de maiores? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitísimas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, non debería a vostede molestarlle que eu non estea de acordo co Goberno do señor Sánchez. Eu xa sei que vostedes o apoian, aquí e en Madrid, pero eu teño a miña propia opinión. Vostedes están de acordo co Goberno do señor Sánchez e eu non, pois creo que é malo para Galicia e é malo para España. Non debería, polo tanto, de molestarlle que non esteamos de acordo no seu goberno de cabeceira.

Señora Pontón, con todo o respecto, porque creo que isto ben merece cando menos un pouco de respecto e ningunha demagogia. Señoría, nós temos en Galicia unhas trinta e sete mil persoas entre traballadores e usuarios nas residencias da terceira idade e discapacidade. Grazas ao traballo deses traballadores, que vostede parece ser que despreza, Galicia é unha das comunidades autónomas con menor incidencia nas residencias da terceira idade. O 91 % das residencias da terceira idade en Galicia está totalmente libre de coronavirus neste momento. E só están afectados o 1,13 % do total de usuarios e de traballadores. Creo que isto será porque algunhas cousas os traballadores as fan ben.

Sorpréndeme, señoría, que vostede siga coa súa demagogia, cando non é capaz nin sequera de recoñecer que grazas a eses traballadores das residencias, públicas, privadas, de iniciativa social, Galicia é unha das comunidades autónomas con menor porcentaxe de falecidos nas residencias no total de falecidos durante a pandemia. En Galicia, o 43,7 %, dezaoto puntos menos que na media de España, que ascende ao 62 %. Galicia é a terceira comunidade de toda España con menor número de falecidos nas residencias.

En Canadá, o 80 % das mortes do coronavirus está nas residencias da terceira idade; en Noruega, en Israel e en Irlanda, aproximadamente como en España, o 60 %; en Bélxica e en Francia, o 50 %, e en Galicia, o 43 %.

Fálame vostede dunha serie de residencias; sabemos perfectamente cales son, señoría. O que omite vostede é que das residencias que interveu a Xunta de Galicia, que foron oito, cinco son de entidades sociais. ¿Vostede cre que as entidades sociais fan negocio cos maiores? Esa é a súa proposta. A Fundación San Rosendo ou unha orde relixiosa, ¿cando coidan os



maiores é para facer negocio? Pois mire: das oito residencias que intervimos, tres son residencias privadas e cinco son de entidades sociais.

Ese é o resultado, señoría, de non tratar en serio o problema do coronavirus. Dende logo, nós si que o tratamos en serio. Por iso, nós o obxectivo que temos é acertar e, por suposto, dar información, e, por suposto, señoría, denunciar que o Goberno de España non dá nin sequera formación dos mortos polo coronavirus, e vostedes negáronse no Congreso dos Deputados a que se investigue. Fíxese a dobre vara de medir: o BNG no Congreso dos Deputados non quere xa non que se investiguen as residencias, senón que nin sequera se investigue o número de falecidos en España, e vén aquí dar leccións de ética e de moral en relación coas residencias.

Como creo que o que se trata non é do que vostede diga nin o que eu plantexe, nós si que estamos preocupados polas residencias. Por iso temos unha proposta, que será debatida nunha comisión de expertos, de como podemos seguir mellorando o resultado e o coidado nas residencias e como podemos seguir evitando un contaxio do coronavirus que ten en xaque a todas as democracias europeas. Xa sei, señoría, que ao mellor a vostedes as democracias europeas non son o seu exemplo, para nós si.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Galicia está nunha situación de menor gravidade, no ámbito das residencias, que na maioría das democracias europeas, empezando pola democracia española.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, eu pídolle que se poña na pel dun galego ou dunha galega que estivo durante meses sen poder ver o seu pai ou a súa nai, que un día recibiu unha chamada de teléfono dicindo que estaban contaxiados por covid, que ao día seguinte o chamaron para comunicarlle o seu falecemento, que non puido nin tan sequera despedirse e compartir a súa dor. Que vostede lles diga que estamos mellor que a media é absolutamente vergoñoso e unha falta de respecto á situación (*Aplausos.*) que se viviu neste país.

Desde logo, señor Feijóo, nós entendemos que os nosos maiores son persoas ás que temos que respectar e non para estar comparados con ningunha media. Empece a mirar para os mellores e deixe de mirar para os peores. Porque este país necesita un goberno que non se renda nin tire a toalla ante a loita contra a covid. Non podemos asumir con normalidade o que está pasando nas residencias de maiores, non podemos asumilo, señor Feijóo, e a súa responsabilidade é blindalo.

E pídolle por unha vez que deixe de esconderse detrás dos traballadores e das traballadoras; deixe de esconderse, déixeos en paz. (*Aplausos.*) O Bloque respecta eses traballadores e tra-



balladoras. Deixe de facer demagogia e asuma as súas responsabilidades. Temos moi claro que a entrega desas persoas salvou vidas. Pero agora o que queremos saber é que vai facer a Xunta de Galiza para blindar as residencias.

E nós imos volver facerlles algunhas propostas, porque cremos que este tema é importante, señor Feijóo. Nós cremos que no inmediato urxe que se blinden as residencias de maiores. E para iso pedímoslle que se anticipen, que interveñan todas as residencias mentres estamos nesta segunda ondada da covid, que estamos vendo que volve entrar de cheo nas residencias, que incrementen as ratios de persoal e melloren as súas condicións de traballo, porque esa é a maneira de recoñecerlle o esforzo que están facendo, (*Aplausos.*) que se revisen, señor Feijóo, os protocolos, que lles garantan PCR ao cen por cento dos usuarios mentres esteamos nestes momentos críticos da pandemia.

E, por suposto, claro que hai que revisar este modelo que pretende, non que pretende, que está facendo negocio co dereito a unha vellez digna. Xa lle anticipo que desde o BNG imos levar á Comisión de reactivación un novo modelo de atención aos nosos maiores, baseado no servizo público que teñen que realizar.

Porque que me fale o Partido Popular da Fundación San Rosendo como modelo para atender os maiores é de traca despois de todo o que sabemos, pero que eluda vostede que hai grandes fondos como DomusVi, que están sendo ademais un dos focos máis importantes de contaxio, que están controlados por fondos estranxeiros, como se non pasara absolutamente nada, delata a quen defende cadaquén. (*Aplausos.*) O BNG defende que o dereito á vellez é un dereito que hai que salvagardar con servizos públicos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Xa vemos que vostede defende os fondos estranxeiros. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, esa empresa á que vostede se refire tivo a intervención en tres institucións, en tres residencias da Xunta de Galicia, e ten tres expedientes abertos. Polo tanto, señoría, nós non temos máis obxectivo; hai trinta e cinco expedientes abertos pola inspección, e se é necesario abríranse máis.

Agora, falando vostede de demagogia, dicir que non se puido despedir a un maior, un avó ou unha avoa, a un pai durante o estado de alarma, e que omita vostede que estabamos en estado de alarma, é dunha demagogia impropia. É unha falta de ética absoluta. Botarlle a culpa á Xunta de Galicia de que non se puideron despedir dos maiores durante o estado de alarma é lamentable. É cumprir os criterios do Comité Clínico cando temos un falecido por coronavirus, que restrinxe as visitas ao máximo, incluso durante os primeiros días nin sequer se podía despedir a unha persoa que estaba non falecendo nunha residencia, senón nunha UCI. Iso é dunha desfachatez impropia.



E vir aquí coma onte votar en contra dunha lei orgánica para xestionar a pandemia e estar a favor do estado de alarma permanente, que impide exactamente eses dereitos de mobilidade, e agora vir dicir o contrario, iso volve ser unha triple desfachatez que me sorprende. Pero alá vostedes, señorías.

Nós imos seguir cumprindo estritamente. Non me vai ensinar vostede o que é morrer un pai nunha residencia; a min morreume meu pai nunha residencia. Non me vai ensinar vostede o sufrimento que iso supón. Por tanto, un mínimo de decoro coas familias que perderon os maiores nas residencias durante a pandemia e que aínda o seguen perdendo. (*Aplausos.*) ¡Un mínimo de decoro, señora Pontón!

Cre vostede que vostede defende os maiores, cando resulta que despois das noites electorais o único que fai é desprestixialos.

Señoría, onte no Comité Clínico tomamos decisións importantes para seguir loitando contra a pandemia; son decisións motivadas pola preocupación. Preocúpanos a evolución da pandemia en Galicia. Aínda que sexamos a comunidade autónoma con menos camas ocupadas en UCI e con Cantabria a que menos camas temos ocupadas en hospitalización, preocúpanos. E para conseguir os novos resultados, mellores que a media de España, hai un plantexamento permanente: profesionalidade no Comité Clínico e anticipación nas decisións.

Sei que as medidas que propoñemos onte son complexas e que son duras para a poboación, pero é a mellor forma de evitar que a evolución da pandemia se agrave en Galicia, como está agravada en moitísimas cidades e en moitísimas comunidades autónomas de España.

Falo de medidas que podiamos tomar dentro das nosas competencias. Por iso hai que lembrar que as medidas serán máis eficientes cando se tomen de forma coordinada e desde a seguridade xurídica. Por iso non me cansarei de pedir unha lei para xestionar a pandemia; unha lei que dea capacidades ás autoridades de saúde pública para tomar decisións, unha lei que non someta á chantaxe do estado de alarma: *pídelo si lo quieres, y si lo quieres allá tú.*

Señoría, estamos falando de saúde, estamos falando dun virus que mata e estamos falando dunha situación onde non hai ningún fármaco nin ningunha vacina. E aquí a política lamentablemente está intoxicando a xestión dunha pandemia.

Quero aproveitar tamén para apelar unha vez máis á responsabilidade de todos, dos deputados e das deputadas desta cámara, e por suposto dos galegos, para que sigan estando á altura neste momento de dificultade como estiveron durante o estado de alarma. É un chamamento a desterrar os comportamentos incívicos, sen demagogia, señora Pontón. Vainos tocar a todos sacrificar parcelas de liberdade, pero o ben que temos que protexer por riba de calquera consideración é a vida das persoas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E nisto estamos absolutamente comprometidos os trinta e catro membros do Comité Clínico, o Servizo Galego de Saúde, as trinta mil persoas que traballan nel, os trinta e sete mil usuarios e traballadores das residencias da terceira idade. Por iso poñamos un pouco da nosa parte, deixemos de facer demagogia, aprobemos leis para xestionar a pandemia. E non utilizemos a dor da xente, simplemente, señora Pontón, para un minuto, do que vostede se arrepentirá despois de ler no *Diario de Sesións* o que vostede acaba de dicir.

Se cre que a Xunta de Galicia non vai seguir coidando dos maiores, equívocase de país, equívocase de galegos e equívocase de goberno.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Si, señora Pontón, ¿para que quere a palabra?

A señora PONTÓN MONDELO: Con base no artigo 76.3, despois das declaracións que acaba de facer o señor Feijóo, que me parecen indignas atacando esta portavoz...

O señor PRESIDENTE: Non, non, perdoe, perdoe.

A señora PONTÓN MONDELO: ...nun tema tan serio e desde logo manipulando as miñas palabras. ¡Non vale todo en política, señor Feijóo! ¡Indigno!... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Non ten a palabra, señora Pontón. Non constará nada no *Diario de Sesións*.

Non, xa expliquei: non constará nada no *Diario de Sesións*. Díxenlle que non tiña a palabra porque o debate foi un debate de confrontación política respectuoso.

(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, non, non. Señora Pontón, non ten a palabra. Grazas. Terminou. Ademais, non se lle entende nada. Grazas.

(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)

Terminou este debate. Perdoe, terminou este debate... *(Murmurios.)* Non, non vai constar nada no *Diario de Sesións*. Non, non, non. Non, non consta nada no *Diario de Sesións*. Grazas.

(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas, grazas, señora Pontón. Non, terminou isto, Xa está.

(Aplausos.)



Acumulación de dúas proposicións non de lei para o seu debate conxunto

O señor PRESIDENTE: Debate acumulado de dúas proposicións non de lei: unha do Grupo Parlamentario Popular e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Son sobre as demandas ao Goberno central para o restablecemento dos servizos ferroviarios suprimidos con motivo do estado de alarma pola covid-19.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Candia López e catorce deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que se restablezan todos os servizos de tren que foron suprimidos amparándose na pandemia provocada pola covid-19, tanto nas conexións interiores na propia comunidade galega como nas conexións de Galicia con outras comunidades autónomas, e para que se lles poida ofrecer un transporte de tren de calidade aos usuarios

Proposición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos servizos ferroviarios suprimidos con motivo do estado de alarma e a modernización e mellora da rede ferroviaria de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo en materia ferroviaria

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego á proposición do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Xosé Luís Bará Torres, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, un novo punto:

<<3. Demandar do Goberno do Estado a transferencia do ferrocarril convencional, tanto de media distancia como de cercanías, creando a tal efecto o Ente Ferroviario Galego, como organismo encargado da xestión dos citados servizos ferroviarios. Esta transferencia deberá acompañarse dos medios materiais, humanos e económicos necesarios para que poida levarse a cabo coas máximas garantías de calidade e eficiencia.>>

O señor PRESIDENTE: Comeza o debate.

Para iso ten a palabra, en primeiro lugar, polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Martín Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Traemos hoxe unha proposición non de lei sobre o restablecemento dos servizos ferroviarios en Galicia, que eu creo que é un clamor social.



En Galicia, onde queira que un mire e pregunte, hai esta demanda, que ademais teño que dicir que é de total actualidade. Aínda onte coñeciamos que en Vilagarcía (*O señor Fernández Prado amósalle á Cámara unha fotografía.*) se apiñaban os universitarios porque non tiñan prazas suficientes. Sabiamos que isto pasaba en todo o eixo atlántico, non só de universitarios senón en xeral da poboación. Levamos así semanas, meses incluso. En Ourense os funcionarios (*O señor Fernández Prado amósalle á Cámara outra fotografía.*) que ían traballar no tren da mañá cedo ata Santiago, eliminado o tren, como ben denunciou a nosa compañeira Noelia Pérez, teñen que ir agora en coche. A xente de Lugo tivo que saír tamén e manifestarse na estación, acompañada polo noso deputado Ramón Carballo, que acompañou os cidadáns. A xente, en xeral, no Barco e A Rúa, (*O señor Fernández Prado amósalle á Cámara outra fotografía.*) manifestacións en coche para pedir que non pechen as estacións de venda de billetes presencial, ou que lles poidan poñer outro tren de volta para non ter que durmir en Ourense na conexión con Ourense. Os hostaleiros da Coruña pedindo máis frecuencias. Ata os propios empregados públicos de Renfe (*O señor Fernández Prado amósalle á Cámara outra fotografía.*), de todos os sindicatos, de todos, tamén UXT, que se manifestaron pedindo máis servizos, porque ademais isto non só é unha perda de servizos e de calidade, senón tamén de postos de traballo e desemprego, que é o que máis doe nestes momentos.

É igual o lado que miremos, é igual: Galicia enteira está protestando contra estes recortes; recortes do Partido Socialista, e ao mellor incluso chamarlles «recortes» paréceme pouco. Pouco, porque de verdade, se miramos a eliminación de servizos, de frecuencias, as restricións, a falta total de investimentos, os atrasos no AVE, creo que temos que falar dunha auténtica agresión a Galicia e aos galegos e as galegas.

Logo darei algún detalle máis sobre estas agresións, pero a min gustaríame facer unha consideración xeral antes de entrar nestes detalles. Por unha parte, estamos vendo que un Goberno socialista leva dous anos, por certo, co apoio do BNG, con un voto que os fai cómplices —señores do BNG, cómplices deste goberno e sempre acompañando as súas votacións—, que non só fai oídos xordos de todas estas demandas da cidadanía e do propio Goberno da Xunta, de xustísimas peticións, senón que ademais di que vai seguir así e que non pensa escoitar os galegos. Por iso traemos esta proposición non de lei.

Despois de paralizar todos os investimentos, temos que escoitar como escoitamos esta semana o secretario de Estado dicir que van triplicar, ¡triplicar!, os fondos para o corredor mediterráneo. Unha cousa que non é nova, porque levan dous anos, co beneplácito de toda a esquerda, levando fondos ao eixo mediterráneo contra o noroeste español. E ademais anúnciannos que van triplicalo cos fondos Next Generation para o corredor mediterráneo. Do corredor de Galicia, do corredor atlántico, da rama galega, nin unha palabra, nin unha boa noticia, ningún anuncio polo menos, nin sequera fora anuncio, xa non digo vontade ou concreción.

E isto a Xunta véno denunciando reiteradamente, mandando cartas, demandas, traslados. A calada por resposta, sen transparencia, sen información, sen dar ningunha certeza máis que dicir que non se van —escoiten as últimas cousas que dixo o propio presidente da operadora Renfe— repoiñar estes servizos ata que non teñamos esa demanda. Evidentemente, difícil imos ter esa demanda se non temos os servizos.



Permítanme que faga algún breve repaso destes —xa digo— agravios, agresións que estamos sufrindo en Galicia:

Renfe mantivo operativo o 30 % durante o estado de alarma. Sete meses despois estamos aproximadamente nun 50 %. Isto está producindo evidentemente un grande impacto negativo na mobilidade, no dereito de mobilidade dos galegos e tamén na competitividade da economía galega en xeral.

Pero por poñer algún exemplo concreto: o eixo atlántico Vigo-Santiago-A Coruña, dos máis demandados e rendibles, está á metade; dos vinte ou vinte e catro servizos que tiña, dependendo do día, a doce. Conexión con Madrid, tamén á metade, de seis a tres. Os trens hotels de Madrid e de Barcelona desapareceron. Igual que o tren ao País Vasco, desapareceu. A conexión de Lugo con Madrid, unha ao día; grazas a Deus que a presidenta de Adif é de Lugo, que se non... O tren da primeira hora de Ourense, desaparecido. Vigo, fóra da alta velocidade. Na Coruña, onte non se puxo nin a unha videoconferencia a directora xeral do Adif para falar dun convenio, dunha intermodal, estando de acordo o Concello e a Xunta, que son de distintas cores. Pero nin se puxo a unha videoconferencia.

No Barco e na Rúa, pechando a venda presencial, que isto, ademais, recorden que xa o intentaron o ano pasado, xa veu isto aquí o ano pasado. Están aproveitando a covid para concretar algo que levan tempo querendo facer. Recordemos que xa veu isto aquí.

Polo tanto, disto podíamos seguir falando. Isto *pasa de castaño escuro*, que diría o refrán. Xa non é un tema da covid nin nada. Fronte a isto, creo que a Xunta vén demostrando que se pode facer outro tipo de política.

Tamén no transporte por estradas está na demanda no 50 %, pero a Xunta desde xullo xa ten recuperado o cen por cento das liñas interiores dentro de cada provincia e máis do 80 % entre provincias. En calquera caso, desde xullo xa recuperado independentemente da demanda.

¿Que é o que fixo a Xunta? Pois, primeiro, dar o servizo e, despois, compensar as distintas empresas que teñen unha concesionaria por esas perdas, por obrígalos a traballar para dar ese servizo sen a correspondente demanda.

Hoxe sabemos que van —di o periódico— xa por fin abrir o tramo ese de Pedralba-Zamora, que leva desde principios do 2019 esperando, e dinnos que nuns días. Xa veremos, ¡oxalá! Pero xa nos dixo o presidente do Goberno que ían acabar no 2019 as obras do AVE a Galicia, e no 2021 tampouco vai ser. ¡Séguennos mentindo! Unha mentira tras outra, e non é verdade. Polo menos, que non mintan.

¿E que é o que pedimos? Pois non pedimos nesta PNL máis que o que piden os galegos e as galegas: que se cumpran as obrigas de servizo público, porque isto é unha obriga de servizo público. Cando o PSOE e Renfe falan de que non é rendible e de que non é economicamente rendible, isto non é un asunto de negocio, é un servizo público que, ademais, está declarado como obriga de servizo público, e por iso subvenciónase, porque xa é evidente, sobre todo no interior, que non é rendible. Polo tanto, están recortando un servizo público. ¿Que pedi-



mos por tanto? Que se manteña ese dereito dos cidadáns a esa mobilidade e que se repoñan os servizos ferroviarios anulados.

Logo xa falaremos, señor Bará, doutros investimentos e servizos. Pero se non somos capaces de conseguir que o que levamos anos tendo se volva repoñer, é un pouco optimista pensar que este goberno, co seu apoio, vai incrementar os servizos, cando non é capaz de cumprir nin os investimentos que tiña no orzamento do 2018; case tres anos para executalos e seguen se executarse. Aquel orzamento de Rajoy tiña os investimentos e non os executaron en tres anos, vontade clara porque eses cartos foron directamente para o eixo mediterráneo.

Polo tanto, pedimos simplemente que se repoñan eses servizos ferroviarios, que se presten en calidade porque xa eran insuficientes antes da pandemia. Non utilicen como excusa a pandemia para seguir recortándolle os servizos a Galicia e seguir primando o eixo mediterráneo. ¡Que temos que denunciálo neste parlamento!

Se non denunciámos aquí que se están levando como estratexia do Goberno de España os investimentos cara ao eixo mediterráneo fronte ao eixo galego, mal imos; porque este, polo menos, é verdade que dubido de que nos escoiten e que nos fagan caso. ¡Porque mira que levamos protestando por estas cousas! Pero polo menos que lles quede claro e que lles conste a protesta dos galegos e das galegas.

E o único que pedimos é ese servizo con calidade, que se recuperen esas frecuencias, que se recuperen os trens cara a Madrid, Barcelona, o País Vasco, que se melloren eses servizos, que se volvan vender nas estacións cabeceiras do interior con venda presencial, que se repoñan os postos de traballo que están eliminando e que se dea información oficial e veraz. Dun xeito resumido: que non se siga discriminando Galicia e o noroeste español fronte ao mediterráneo. Ou dito doutra forma: que faga o contrario do que está facendo estes dous anos o Goberno de esquerdas, o Goberno socialista en Madrid.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Polo tanto, pedimos e entendemos que terá o apoio maioritario e unánime desta cámara, porque creo que é unha demanda, un clamor de toda Galicia que necesitamos que se recuperen eses servizos públicos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Grazas, presidente.



Volvemos falar do tren nesta cámara. E eu quero comezar facendo unha lembranza para as vítimas do Alvia, que levan sete anos reclamando verdade, (*Aplausos.*) xustiza, (*Aplausos.*) e reparación. (*Aplausos.*), e unha investigación independente, como dixo a Comisión Europea, (*Aplausos.*) que lles negan os partidos centralistas.

É un novo debate sobre o tren que é un debate, desde logo, necesario, un debate oportuno e un debate tamén oportunista para algúns; un debate oportunista sobre a supresión de servizos motivada polo estado de alarma, que ten toda a lóxica. Pero a situación foi cambiando desde o estado de alarma, despois do confinamento e o verán; sobre todo cando despois do verán empeza a actividade escolar e a actividade laboral, e non ten sentido manter esta situación de supresión nalgunhas liñas de ata dous terzos dos servizos ferroviarios. Con todos os problemas que está creando esta situación tanto en cercanías —se podemos falar de cercanías en Galiza— como en media distancia, como tamén nas comunicacións co exterior. A vostede, señor Fernández Prado, esquecéuselle falar do Porto; sei que mira moito para Madrid, pero tamén temos un tren daquela maneira, un tren chuchú, que nos comunica desde Vigo co Porto.

E, claro, nós solicitamos a recuperación gradual de todos os servizos e horarios, e ademais dos máis lóxicos. Porque non ten sentido, efectivamente, que non se recupere ese horario do tren, por exemplo, do Avant que saía ás 6.45 de Ourense, que é a comunicación lóxica para levar a xente ao seu traballo, a Santiago ou á Coruña. Iso non ten pés nin cabeza. E así podemos falar de moitas outras liñas.

E isto hai que facelo non só con criterios economicistas —dixo vostede de «rendibilidade»—; hai que falar de criterios económicos, pero sobre todo de criterios sociais, de criterios ambientais e de criterios tamén de protección da saúde. E iso teno que facer un Goberno que se di progresista; se hai un Goberno progresista ten que ter en conta estes criterios.

E ademais nós non pedimos a lúa, pedimos algo que xa era deficitario antes da pandemia; a situación do tren era moi deficitaria na maior parte das liñas antes da pandemia. E a verdade é que teño que confesar que me sinto absolutamente conmovido pola intervención do representante do Partido Popular. Chegoume ao corazón mesmo esa defensa apaixonada que fixo vostede das manifestacións. ¡Benvido ás manifestacións, señor Fernández Prado! (*Aplausos.*) Ata puxo vostede a foto da manifestación que organizou o BNG en Valdeorras —grazas pola publicidade— (*Aplausos.*) encabezada pola nosa deputada María Albert. (*Aplausos.*) ¡Grazas pola publicidade! (*Aplausos.*)

A verdade é que demostran vostedes unha gran capacidade de sobreactuación. Eu vou propoñer que lle dean un Premio Mestre Mateo á señora Ethel Vázquez pola súa capacidade de actuación nesta materia. Ben, un premio á actriz de reparto, porque nesta película o seu papel é de cultivar o xénero epistolar. Porque a señora Ethel Vázquez é unha experta en mandar cartas a Madrid pero nada máis. Señor Fernández Prado, sobreactuación e sobre todo unha gran capacidade de conversión e de cinismo que teñen vostedes. Porque vostedes pasan dun día para outro de militar na confraría da procesión dos Caladiños á confraría do Santo Lamento. E de repente, cando calaban, agora resulta que se alporizan e se lamentan máis que ninguén. Vostedes estiveron calando durante anos e seguen calando en Madrid cando se fala dos problemas de Galiza. Polo tanto, non veñan aquí darlle leccións a ninguén.



Que mágoa, por certo, que non lle entrase esta ansia de defensa do ferrocarril en todos eses anos en que gobernaron en Madrid, 2012–2018, que iso si que foi un ataque frontal e unha destrución do ferrocarril galego. (*Aplausos.*) Señor Fernández Prado, ¡que estaba o señor Rajoy de presidente do Goberno e estaba a señora Ana Pastor de ministra de Fomento! E o maior ataque da historia ao ferrocarril galego produciuse neses anos, mire o que lle digo. E vostedes na procesión dos Caladiños.

Vostedes no ano 2013 anunciaron o Plan de racionalización do transporte ferroviario e suprimiron cento catro trens á semana. Esa non foi unha supresión temporal causada por un estado de alarma ou de pandemia, foi definitiva. Vostedes suprimiron 1.776 paradas do ferrocarril en Galiza, e pecharon corenta estacións. Polo tanto, o primeiro que tiñan que facer ao subir aquí a esta tribuna é pedir perdón, pedirilles perdón a Galiza e ao pobo galego por toda a desfeita que fixeron co seu ferrocarril. Iso era o primeiro que tiñan que facer.

E daquela o Partido Popular galego, independente e liberal, claro, calaba; agora botouse ao monte, pero daquela calaba. Vostedes aplaudían coas orellas esas decisións, eses ataques ao tren galego. Voulle ler unha cita dun deputado do Partido Popular pronunciada neste parlamento cando se estaban producindo esas eliminacións de servizos no ano 2013: «Os recortes teñen toda a lóxica pola situación orzamentaria, pola demanda social e polo uso real do servizo», señor Román Rodríguez, portavoz do Partido Popular neste parlamento. Esa é a actitude do Partido Popular: calar cando se ataca a Galiza dependendo ou non de quen goberna en Madrid. E esa é a gran diferenza entre o BNG e o Partido Popular, porque o BNG defendía o mesmo no 2012 que agora, exactamente o mesmo. Non cambiamos segundo veña o vento. (*Aplausos.*)

Vostedes, polo tanto, non son de fiar. Por iso vostedes incumpriron tamén un compromiso que trouxeron a este parlamento, que se aprobou aquí, de creación do tren de cercanías en Galiza, de creación do ente ferroviario galego. ¿Que pasou con iso desde que se aprobou en 2009, desde que se licitou e que se licitou en 2010 a creación do ente ferroviario galego? E despois estiveron no goberno e non o crearon, e non só non o crearon senón que o desfizeron, desfizeron o que había. E así chegamos ao 2018–2019. Polo tanto, vostedes non nos veñan aquí dar leccións.

E a realidade que temos no ferrocarril galego, quitando algunhas excepcións, é esa. É a situación da liña A Coruña–Ferrol, que se chega antes en bicicleta que no tren. Xa me dirá: ¿terán algo que ver vostedes que estiveron gobernando moitos anos no Goberno do Estado? E xa non lle digo da situación do tren Ferrol–Ribadeo, cal é a situación: que se avarían os trens cada dous por tres, que non hai maquinistas, que non hai interventores para cobrar o billete — así dan as estatísticas, claro, que non o utiliza ninguén —. Esa é a realidade do tren galego, señor Fernández Prado, e vostedes teñen moita responsabilidade.

Ou o illamento ferroviario de Lugo. Porque a min indígname profundamente que saian titulares de prensa dicindo que a liña de Monforte ten o 9 % de ocupación. Pero é que se son heroes os que collen esa liña, coa cantidade de servizos que hai, co tipo de frecuencias que hai, coa calidade que ten ese servizo e cos tempos de duración que ten. Son auténticos heroes e heroínas. ¡É de auténtica vergoña!



Por non falar da liña entre Vigo e Ourense, na que custa o dobre o tren que o bus, que chega media hora antes. Ou o que pasa —como lle dixen— co tren Vigo-O Porto, no que hai unha frecuencia diaria e que está na cola de todo o Estado na utilización de cincuenta persoas pasaxeiras por día. Unha auténtica vergoña que é responsabilidade do Goberno central, do Goberno portugués e tamén do Goberno da Xunta de Galiza.

En fin, falou vostede tamén do peche de estacións, e tamén teñen vostedes moito que ver con isto. Falou vostede do atraso do tren de mercadorías. Efectivamente, non temos conexión aos portos, non temos conexións aos nós loxísticos; aí está o porto seco de Monforte, aí está a PLISAN. E que veñan vostedes aquí intentar dar leccións sobre o corredor noroeste, cando vostedes foron os responsábeis en 2013 e en 2017 de que ese corredor non entrase no corredor atlántico, ¡é que manda truco na Habana! Son vostedes corresponsábeis desta situación, e agora veñen aquí presumir e dar leccións.

Este é o panorama que nos deixou o Partido Popular, panorama agora agravado polo Estado e pola pandemia, que é responsabilidade esta situación do Goberno central, de Renfe, de Adif, e que está dando excusas de mal pagador, que non ten ningunha explicación e que ademais están poñendo en risco a saúde. Efectivamente, esta foto do pasado domingo en Vilagarcía (*O señor Bará Torres amósalle á Cámara unha fotografía.*) é unha vergoña, que haxa cento e pico estudantes nunha estación agardando polo tren, que vai masificado, que van todos amoreados no tren. Isto é indecente, e con isto hai que acabar, e témoslle que dicir desde aquí alto e claro ao Goberno central que non aturamos isto, que basta xa, que este país e a nosa mocidade merecen respecto.

E niso non nos vai dar vostede ningunha lección, porque imos defender o tren galego como o levamos defendendo durante toda a vida, por terra, mar e aire, por estrada, por ferrocarril e polo que sexa. E facendo manifestacións tamén en coche se fai falta, ¿non?, coa situación que temos. E farémolo ademais como o fixemos con coherencia aquí e en Madrid, señor Fernández Prado; cousa que vostedes non poden dicir. Eu non lles vou recordar todos os cambios de postura que tiveron vostedes en materia de infraestruturas entre o que dicían aquí e o que dicían en Madrid, iso daría para moita literatura; faríanme falta moitas intervencións neste pleno para contar todas as tropelías que fixeron vostedes, por exemplo, con respecto á AP-9.

Nós queremos a recuperación dos servizos, pero queremos moito máis. Non nos conformamos con iso, queremos tamén que este país teña un ente ferroviario propio, que teña un tren de cercanías como merece, que haxa un plan de investimentos extraordinario para corrixir todas esas desigualdades. Cousa que pedía, por certo, en 2017 e 2018 o Partido Socialista; esperemos que o siga pedindo hoxe.

E para todo isto pedimos o apoio deste Pleno...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...non só para recuperar servizos, senón para ter un tren de calidade, un tren moderno, un tren decente, seguro e sustentábel para o século XXI.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

«En calquera caso, creo que, coma sempre, do que se trata ao traer isto de competencia estatal é intentar confundir e xerar ruído con pouco fundamento técnico. E creo que no caso de Lugo-Ferrol estamos traballando agora niso, porque creo que merecidamente tamén teñen que ter esas mesmas infraestruturas. Señor Torrado, novamente traen vostedes a esta cámara un asunto relativo aos servizos ferroviarios que saben que non é responsabilidade da Xunta. E poden traelo, non digo que non se poida traer, pero saben vostedes que o máis áxil, o áxil de verdade sería que presentaran directamente esta iniciativa no Congreso».

Estas verbas non son de Patricia Otero, estas verbas non son do Partido Socialista, estas verbas son do señor Fernández Prado en data do 22 de maio de 2018. (*Aplausos.*) *¡Cómo hemos cambiado, señorías! ¡Cómo hemos cambiado!* Porque estas verbas son de catro ou cinco días antes desa data negra, desa data escura do 1 de xuño de 2018. Entón, o 22 de maio, o señor Fernández Prado dicía que traer iniciativas de competencias estatal que era enganar. Dicían, claro, que cada un era libre de traelas. E eu tamén lles digo que están no seu uso de iniciativas legislativas para traelas, polo tanto... Pero só quería facer esa puntualización de como cambiamos dende o 1 de xuño de 2018.

Pero o que está claro é que os socialistas si que non mudamos, non cambiamos de posicionamento; pediamos melloras ferroviarias, seguimos a pedir melloras ferroviarias; pedíamolas cando estabamos na oposición en Madrid e agora que estamos gobernando en Madrid tamén as pedimos. Nós somos coherentes, nós non mudamos e nós, dende logo, imos apoiar as dúas iniciativas que hoxe se traen a debate, tanto a do Partido Popular como a do Bloque Nacionalista Galego. Pero quero recordar que cando as traíamos nós a esta cámara vostedes votaban constantemente que non. Entón, quero dicir que é bo ás veces facer un pouquiño de memoria.

Claro, vostede di que trae aquí un clamor social. Si, é certo, é unha reivindicación, e a cidadanía pide melloras ferroviarias, pero non é un clamor social de agora, isto vén dende hai moitísimo tempo. E ten razón o señor Bará. Quero dicir vostedes foron os que máis recortes fixeron no ferrocarril galego.

Despois dicía como que a supresión da venda de billetes parece que só foi dende agora presencial, pero é que nós tamén trouxemos a esta cámara iniciativas —a propia compañeira Noela Blanco no ano 2017— nas que tamén se denunciaba esa situación en varios sitios de



Ourense. No 2013 tamén todos os sindicatos denunciaban a importante redución de servizos ferroviarios para Galicia, especialmente para as zonas rurais, as máis illadas da Galicia interior. Dende as vilas e aldeas denunciaban que terían menos servizos públicos, denunciaban que se eliminaban paradas en estacións, que ata agora, ademais, esas estacións con pouca demanda xa tiñan paradas facultativas, de tal forma que ao non haber viaxeiros o tren non paraba, polo que o aforro de diñeiro e o tempo era mínimo. Polo tanto, isto non é dende o 1 de xuño de 2018, ¿vale? Vén dende moito antes.

É para situar un pouco o debate, porque, claro, o señor Fernández Prado dixo que era un tema de actualidade, como se apareceran así de súpeto os recortes. É que isto é consecuencia de todo o que se viña facendo anteriormente, pois neses setenta e oito meses que gobernou Mariano Rajoy en Madrid.

Vostede falaba de moitas cousas e para atacar o Goberno de Madrid deixou caer o tema AVE. ¿Propón vostede que se poña en funcionamento un tramo da alta velocidade sen o informe da Axencia de Seguridade? (Aplausos.) Repito: ¿propón vostede que se poña en funcionamento un tramo de alta velocidade sen o informe da Axencia de Seguridade? Sentidiño e cabeciña, que todos sabemos o que poden traer estas cousas.

A verdade é que lendo o que pide no segundo punto da súa iniciativa, se cambiamos os termos de «servizos ferroviarios» por «servizos sanitarios» é o que estamos a pedir dende hai moito tempo dende o PSdeG, e vostedes votan tamén sistematicamente en contra. (Aplausos.) E se cadra agora tamén toca falar de servizos sanitarios.

Miren: andan vostedes agora moi apurados pedindo obras e mellores infraestruturas no ferrocarril, tamén os senadores do Partido Popular na miña provincia, por poñer un exemplo; pero tamén quero dicirlles que en setenta e oito meses de goberno de Rajoy non se fixo na provincia de Lugo unha soa obra importante en materia de autovías ou de ferrocarril, e agora éntranlles as presas. E só por contrapoñer: en dous anos deste goberno socialista xa está en marcha a modernización da liña ferroviaria Ourense-Lugo, por poñer unha puntualización.

Entendemos a demanda da cidadanía —compartímola dende logo— de contar con máis e mellores servizos ferroviarios. Dende o Goberno central seguíase a traballar para recuperar os servizos ata completar a oferta, porque ademais esta sería un bo sinal, sinal de que Galicia se está a recuperar da crise sanitaria e económica que estamos a sufrir.

Pero quero puntualizar que o que se está a facer é recuperar de forma progresiva os servizos atendendo a recuperación da demanda. Os datos da última semana de setembro revelaron que a ocupación dos trens de media distancia foi do 59 %, e nos trens de longa distancia a ocupación foi do 60 %. É evidente que durante o estado de alarma se reduciu drasticamente a circulación porque non se permitía a mobilidade, pero dende a fase 3 fóronse recuperando, e no día de hoxe son trescentos vinte e oito trens de media distancia os que circulan cada semana por Galicia. E con motivo do inicio do curso académico incrementáronse en tres mil prazas cada fin de semana no corredor atlántico. Ademais, recentemente, Renfe investiu 258 millóns de euros na adquisición de trens para renovar a frota da cornixa cantábrica, o que tamén se fará notar na liña Ferrol-Ortigueira-Ribadeo.



Pero repito, para que non se terxiversen as miñas verbas: entendemos, compartimos e defendemos —porque o defendiamos antes e o seguimos a defender agora— as reivindicacións da cidadanía para contar con máis e mellores servizos ferroviarios, pero creo que era preciso puntualizar o que se está a facer.

A verdade é que nos acusan de que nos agochamos tras unha crise sanitaria, que esa é a escusa para desmantelar os servizos ferroviarios. Dende o Partido Popular din que non podemos utilizar esa escusa para eses recortes. O certo é que estamos ante unha situación inédita con esta pandemia, pero, claro, eu non sei que escusas podían ter vostedes neses setenta e oito meses de goberno de Mariano Rajoy para facer constantemente eses recortes. A nosoutros dinnos: non vos agochedes detrás desa crise da pandemia pola covid-19, pero é que vostedes non sei que tipo de escusas tiveron para recortar constantemente os servizos ferroviarios en Galicia.

Nós —como dicía o señor Bará— no 2018 e no 2017 pediamos esas melloras nesas infraestruturas ferroviarias, seguimos a pedilas. Polo tanto, imos votar a favor das dúas iniciativas. Porque nós non cambiamos, seguimos co noso posicionamento e seguiremos reivindicando as melloras ferroviarias para Galicia, gobernemos en Madrid ou non gobernemos. Outros non poden dicir o mesmo.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polos grupos autores da proposición non de lei ten a palabra, en primeiro lugar, en nome do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Señora Otero, dicía que traía unha PNL con pouco fundamento. Eu ánimoa a que pregunte aos seus veciños da Mariña polo Feve a ver se ten fundamento ou non ten fundamento, pregunte. *(Aplausos.)* Pregunte aos veciños de Lugo que teñen un tren só para ir a Madrid, pregunte tranquila.

Eu recoñecín que un pode traer —grazas a Deus— as iniciativas que considere oportunas. Pero dígolles ademais: ¿que diferenzas temos daquela a agora? Que estamos moitísimo peor que cando estabamos falando daquela. Primeira cousa. *(Murmurios.) (Aplausos.)* ¡Oxalá! Se o que estamos pedindo, señora Otero, é poñernos igual que hai tres anos ou que hai dous, é o que pedimos. Non pedimos a lúa, non a pedimos. Hai igual que dous anos.

Señora Otero, ¿por que temos que traelo? Para reforzar a petición que xa fixemos en Madrid e que non nos escoitaron, para reforzar a petición da Xunta, para reforzar a petición ata dos deputados socialistas que foron a Madrid e volveron coas mans baleiras. ¡Tal como foron, volveron! Por iso traemos isto ao Parlamento, para que se escoite o Parlamento de Galicia.



E vai polo que sei —e agradézoo— escoitar unanimemente que Galicia pide que se recuperen estes servizos. Non falamos de grandes cousas, senón de recuperar os servizos básicos, que é o que defendemos.

Pero, ademais de defender e de votar —porque é o mesmo que fai a alcaldesa da Coruña: eu voto todo e logo todo segue igual en Madrid—, o que pedimos é menos votar e máis facer; máis xestión. Eu ánimoa a que comprobe as votacións esas das que falaba. Cando había que defender os galegos, o Partido Popular sempre votaba a favor, sempre, defendendo iso. E ánimoa a outra cousa... (*Murmurios.*) ...ánimoa a outra cousa, señora Otero...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...que mire e repase os investimentos de toda a época de Mariano Rajoy, con calquera ano destes dous, e a execución tamén. E dígolle a gran diferenza... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...a gran diferenza...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Onte o señor Sobral pedía educación e que deixaran falar ao que fala, e parecíame moi oportuno, onte —digo—, onte. E creo que nesta ocasión pedimos o mesmo.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Hai que encaixar, señor presidente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Ah, perdón! Foi o señor Lourenzo. Perdón, un despiste. Decía eu que onte pedían educación e era moi oportuna a súa petición, e hoxe tamén a pedimos, por favor.

Continúe.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Pode repasar eses investimentos. Por certo, ¿sabe que había peor para investimentos que unha pandemia, bastante peor? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, o que había era unha crise económica que nos deixaron vostedes despois de oito anos socialistas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Torrado.

Perdón, desculpe.

Señor Torrado, por favor. Leva toda a intervención interrompendo. Eu pídlle, por favor, que escoite.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Que se poñan tranquilos.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Leva toda a intervención interrompendo.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: «Cando ladran é que camiñamos». Iso dicíao o *Quijote*, (*Aplausos.*) ¡o *Quijote*!

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Eu escoitei... (*Murmurios.*) ¡Bueno!

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Torrado, chámoo á orde por primeira vez. (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) A vostede, si, a vostede. Señor Julio Torrado, chámoo a orde.

Continúe.

(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)

Chámoo á orde. Xa está avisado. Si, si, vostede, non queda dúbida.

Continúe.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Comproben os investimentos deses anos despois da maior crise económica da historia de España que nos deixou un Goberno socialista, e tivemos que pagar todas as débedas que deixaron por malgastar os anos anteriores e non atendela.

Señor Bará, propoñerémoslle unha transacción para incorporar o seu plan de investimentos. Aínda que —permítame— nós non o puxemos porque entendiamos que non facía falla, porque ¿para que iamos poñelo se xa está no acordo PSOE-BNG? Dabámolo por feito. Igual que cada vez que paso pola autoestrada, xa digo: non, hoxe non pago a AP-9 porque xa o negociou o BNG e o PSOE. (*Aplausos.*) De todo aquilo que estaba na negociación non fixeron nin a primeira liña, e había cousas con data do 2019, nin a primeira, antes da pandemia.

Permítame que xa que falamos do tren lea o texto: modernizar a rede interior ferroviaria galega, acelerando a modernización para os seguintes tres tramos como mínimo: A Coruña-Ferrol, A Coruña-Lugo e Vigo-fronteira portuguesa, así como a electrificación de Ourense e Lugo; modernización da liña Ferrol-Xixón, e actuar tamén nas mercadorías.

A verdade, xa vexo que entende a esquerda por modernizar. Modernizar é eliminar os servizos, eliminar os trens e eliminar as frecuencias. Eliminar é iso que chaman vostedes «modernizar». E vender billetes nas estacións do Barco e A Rúa tamén debe ser modernizar, por iso o quitamos. Isto que chaman modernizando o seu acordo, pois engánanos. Eu sei que o BNG firma isto con boa intención, coma sempre, pero ao final engánanos sempre. É o que pasa.

Por certo, o acordo do corredor de mercadorías foi de 2011, do señor Blanco, ese foi o que firmou e asinou. E xa o máximo, señora Otero, é que me poña como exemplo das grandes



obras deste goberno o tramo Ourense-Lugo. Todo o que está feito aí está licitado por Mariano Rajoy, ¡todo! (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: En calquera caso, o que lle dicía: estudaremos esa emenda, intentaremos facer unha transacción, a pesar de que xa criamos que non era necesario. Pero é moi importante, e agradézollo, o voto favorable dos grupos porque de verdade...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...que é unha necesidade —como ben dicía, social, ambiental, económica, de todo tipo para Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Señor Fernández Prado, se chegan a esa transacción antes da votación, prégoles que nola faga chegar. Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARA TORRES: Señor Fernández Prado, dixo vostede na súa intervención «menos votar». Non sei se foi un lapsus, pero nós queremos votar; estamos nunha democracia. O que necesitamos é menos vetar, que veten menos vostedes os acordos deste parlamento cando van a Madrid, (Aplausos.) como pasou coa AP-9.

¿Como pode vostede falar aquí da AP-9 se aprobamos por tres veces unha Lei de transferencia da AP-9, por unanimidade? Si, si, e vostede foina defender alí. ¿E que votaron os seus durante tres anos? Primeiro, vetárona, non deixaron que se tramitase, presidindo a Mesa a señora Pastor, presidindo o Goberno o señor Rajoy. Vostedes vetaron a tramitación deses proxectos, e así estamos agora. Polo tanto, menos vetar.

E, claro, a súa falta de ambición é absolutamente pavorosa, porque di vostede aquí que o que pretenden é voltar para atrás, voltar a hai dous anos. Nós non queremos voltar para atrás, nós queremos ir cara a adiante, cara ao futuro, traer un tren de futuro para este país. (Aplausos.) E por iso na nosa proposta, que é moito máis ambiciosa que a súa, falamos de moitas máis cuestións que de repoñer os servizos, que tamén o poñemos. E quero que me diga vostede se vai votar a favor das nosas propostas, porque do que dixo aquí non me queda claro.

Primeiro, na liña precisamente dese acordo de investidura, que é un acordo para cumprir. Porque ese acordo non foi asinado co Bloque Nacionalista Galego, ese acordo foi asinado con Galiza. E esperamos do Goberno do Partido Socialista que cumpran os seus acordos, loxicamente.



¿Van vostedes votar a favor dese plan de investimentos extraordinario que merece este país, tendo en conta esa situación que describimos aquí, incluída a do Feve da Mariña, ao que fixo referencia vostede, na que ten a máxima responsabilidade o Goberno do Partido Popular? Por certo, en todos eses anos, ¿por que está o tren da Mariña nesa situación, o tren Ferrol-Ribadeo, máis que por decisións do Goberno do Partido Popular?

E fala vostede de investimentos da época do señor Rajoy. Pero unha cousa é o que puxeron os orzamentos, outra cousa é o que executaron. E había máis de dous mil millóns en catro anos sen executar, que é a débeda que ten o Goberno do Estado con Galiza que queremos que cumpra. Diso hai que falar.

Por certo, falando tamén de acordos, teño que recordarlle por se se esqueceu diso, que o maior nivel de investimentos que tivo nunca o Goberno central en Galiza en materia de infraestruturas foi precisamente cando o BNG en Madrid tivo en 2008 un acordo co Partido Socialista, máis de dous mil millóns de euros para investimentos en infraestruturas en Galiza. ¡Máximo histórico!, señor Fernández Prado.

E quero tamén que nos diga aquí, votando, se vostedes van defender —como propoñemos nós na nosa iniciativa— a creación do ente ferroviario galego. Porque vostedes presentaron unha iniciativa no Parlamento, aprobárono no Consello da Xunta no 2010. Fixeron unha licitación de 158.000 euros, que aínda non sabemos agora, porque o pedimos polo artigo 9, en que tiraron eses cartos. Supostamente estará feito ese estudo.

Queremos un tren convencional, queremos un tren de cercanías, que é un dereito que temos como galegos e galegas, como teñen en Asturias, como teñen en Cantabria, como teñen en Euskadi —ben, alí xa teñen o euskotren, un tren propio xestionado polo Goberno vasco—, como teñen en Cataluña, como teñen na Comunidade Valenciana, como teñen en Murcia, como teñen en Andalucía, como teñen en Madrid, como teñen en Aragón. ¿Non temos dereito os galegos e as galegas a ter un tren de cercanías? O tren de cercanías significa máis servizos e prezos máis baratos, e significa medidas realmente de aposta polo tren, como un modo de mobilidade alternativo, sustentábel, seguro, saudábel, de futuro, que ademais debería ter unha aposta de investimentos nos fondos europeos para a recuperación e reactivación.

¿Están vostedes nesta posición?, ¿van apoiar a nosa proposta?, ¿van demandar como lle propoñemos nós na nosa iniciativa a transferencia das competencias na rede ferroviaria interna para crear ese ente ferroviario e xestionar desde Galiza, loxicamente, con todas as transferencias de fondos para financiar o servizo e para mellorar as infraestruturas e dotalas de persoal para ter ese tren moderno do século XXI que merece este país?

Quero que nos digan se realmente vostedes van estar nunha posición de mínimos, nunha posición absolutamente falta de ambición, de mirar para atrás, de recuperar o que había antes, que non chega, ou de mirar para adiante e de apostar de verdade por ese tren que merece este país.

Esperamos a súa resposta.

Moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co previsible inicio das competicións deportivas federadas non profesionais en Galicia e as exixencias sanitarias derivadas da covid-19

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas: unha autoemenda do propio Grupo Parlamentario Socialista e unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Carlos Francisco Rivera, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da alínea 1 da proposición non de lei polo seguinte:

«1. Aprobar e publicar, coa máxima celeridade, un protocolo de actuacións de cara ao aínda previsible inicio das competicións deportivas federadas de ámbito autonómico, nomeadamente no que atinxe a deportes de equipo.»)

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Lupe Murillo Solís, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta:

1. O Consello Superior de Deportes para que posibilite os mecanismos de axuda e financiamento para o sector deportivo non profesional federado de ámbito estatal.

2. O Goberno galego para que siga atendendo as especiais circunstancias da pandemia mediante axudas dirixidas aos clubs e equipos galegos que participan en competicións de ámbito autonómico.»)

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Grazas, presidente.



Bo día a todos e a todas.

Antes de nada, novamente, como xa o fixen no pleno pasado, gustaríame amosar neste momento a solidariedade do Grupo Socialista con todas e todos os afectados pola pandemia, pero moi especialmente na provincia de Ourense, onde como vostedes saben se están adoptando medidas de restrición moi importantes, mesmamente de confinamento, que afectan a cidade e varias vilas. Hoxe coñecemos que se van adoptar medidas especiais de redución da actividade non esencial no Carballiño e noutras vilas desa provincia. É un confinamento que, efectivamente, está sendo acatado responsable, estoica e lealmente polo conxunto da cidadanía da provincia, de xeito responsable mesmamente, aínda que ese confinamento leve á ruína económica a moitos pequenos autónomos e pequenas empresas.

Polo tanto, nese sentido, sabendo que son decisións clínicas que hai que aceptar e, polo tanto, non cuestionar, dicímoslle ao señor Feijóo que a provincia de Ourense merece unha explicación política de por que se adoptan este tipo de medidas. A cidadanía de Ourense necesita saber por que se adoptan este tipo de medidas.

E digo isto porque o señor Feijóo viámolo a semana pasada da man da señora Ayuso en Madrid cuestionando a decisión que tomaba o Goberno do Estado en relación coa declaración do estado de alarma nesa cidade, nesa comunidade, e cualificando o feito de «atipismo constitucional». E eu dígolle ao señor Feijóo e dígolles a todos os deputados que as medidas que se están tomando en Ourense son moito máis restritivas que as que se toman en Madrid. Polo tanto, en Ourense tamén hai un estado de alarma, neste caso, encuberto.

E pedímoslle ao señor Núñez Feijóo que utilice tamén a canle pública de televisión, tal e como facía cando cuestionaba día si e día tamén as medidas que se ían adoptando nun momento inédito...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Rivera, desculpe un momento. Son eu quen dirixe o debate. O artigo 104...

O señor FRANCISCO RIVERA: Si, vou agora á iniciativa, pero déixeme amosar a miña solidariedade cos meus veciños...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non. Leva dous minutos e medio. Non, eu explícolle —xa lle paro o tempo, non se preocupe—. Normalmente, os deputados saímos e podemos facer unha brincadeira con calquera tema, efectivamente, e a capacidade dun para unir o debate pois moitas veces non fai necesaria nin sequera ningún tipo de explicación. Pero, ¡home!, nesta cuestión, e xa o fixo vostede no outro debate, eu pídlle que se cinga á cuestión.

Hai un artigo no Regulamento que é a chamada á cuestión. Así que formalmente pídlle unha chamada á cuestión do asunto.

O señor FRANCISCO RIVERA: Señor presidente, co debido respecto no uso da palabra que teño como deputado, entendo que debo facer un chamado ao señor Núñez Feijóo para que



estableza axudas directas e inmediatas (*Aplausos.*) ao conxunto dos sectores afectados na provincia de Ourense que se están vendo confinados cun estado de alarma encuberto.

E dito isto, pasamos á iniciativa coa súa benia, señor presidente.

Efectivamente, traemos hoxe unha PNL, unha iniciativa na que somos absolutamente conscientes da situación do deporte no conxunto de Galicia, na que somos conscientes da dificultade de iniciar as competicións mesmamente de ámbito autonómico como consecuencia da situación de pandemia na que estamos e a dificultade que teñen os clubs, especialmente afeccionados e de ámbito autonómico, de dar conta dun protocolo moi exixente para o inicio das competicións. Somos conscientes, ademais, de que o fundamental neste caso é a saúde do deportista. Polo tanto, neste tipo de cuestións nós non imos intentar nin imos facer confrontación de ningún tipo coa Xunta de Galicia nin co señor Lete Lasa, aínda que o podíamos facer, do mesmo xeito que el o fai co Consejo Superior de Deportes, obviando as súas responsabilidades e desprazando esa responsabilidade ao ámbito do Goberno do Estado.

Nós entendemos que a iniciativa é unha iniciativa con ton construtivo. Eu teño falado coa deputada do Partido Popular —ademais, unha persoa implicada no deporte dende hai moitos anos—. Unha proposición de consenso que busca dar saída ao inicio das competicións de ámbito autonómico en Galicia, neste momento inviables como consecuencia dun protocolo demasiado exixente, pensado para o deporte de ámbito profesional e non especificamente no deporte autonómico, un protocolo fisio-covid aprobado pola Xunta, que é un calco basicamente do aprobado polo Consejo Superior de Deportes pero con medidas aínda máis de restrición, máis exixente de cara ao inicio das competicións aquí en Galicia. É un protocolo que despraza, ao noso xuízo, de modo absolutamente inxusto, todo tipo de responsabilidades cara aos responsables dos clubs en relación co inicio das competicións.

Nós sabemos que ese protocolo está publicado, que as federacións deportivas teñen que establecer unha metodoloxía para aplicar ese tipo de protocolos. Nós plantexamos a posibilidade de que as federacións deportivas, cumprindo a base dese protocolo, se poidan adaptar para actuar no marco da súa realidade social, da súa realidade deportiva e da súa realidade económica. E, dende logo, entendemos que nesa posición de consenso, nesa posición de construír a posibilidade de que se inicien as competicións autonómicas, é necesario dar un paso.

No ámbito do deporte non profesional federado, que se desempeña tamén en Galicia a través de distintos clubs, señora deputada do Partido Popular —e presidente dun club máis ben profesional que non profesional, pero que ten tamén categorías de base e ten tamén equipos filiais competindo no ámbito autonómico—, coñece que este protocolo é excesivamente exixente e que necesita adaptación.

Nese sentido, a nós téñensenos trasladado incertezas, inquiredanzas e bastantes reclamacións por parte dos clubs —probablemente á Xunta de Galicia e ás federacións teñan chegado exactamente as mesmas— en relación coa capacidade ou a posibilidade de iniciar as competicións.

No ámbito estatal, a un deportista federado non profesional que compite no ámbito estatal na orde da Xunta véñense establecendo unha exixencia de realización de tests para poder



competir. Mesmamente aos equipos que veñen doutras comunidades autónomas a desprazarse a Galicia para competir con equipos galegos exíxeselles a realización de tests de 24 a 72 horas antes do inicio da competición, feito este que non acontece noutras comunidades autónomas.

E aos equipos autonómicos, á competición propiamente autonómica, non iniciada aínda hoxe en Galicia e que afecta máis de cen mil deportistas, a propia orde da Xunta que desenvolve o protocolo fisio-covid exíxelle unha serie de medidas que nós entendemos, en relación con determinado tipo de disciplinas, que son absolutamente inviables. Falamos do uso da máscara no desempeño da actividade deportiva.

Entendemos que son inviables en deportes de intensidade, en deportes de equipo, en deportes de contacto; podemos falar do fútbol, do fútbol sala, do rugby ou de calquera outra disciplina que implique contacto, que implique intensidade na actividade deportiva.

Fronte a esa situación, esa imposición da orde da Consellería de Sanidade, entendemos que hai que plantexar alternativas. Algunha federación, a de fútbol, ten plantexado algunha posibilidade alternativa, como é a realización de tests. Nós non estamos en contra desa posibilidade, é unha posibilidade. Pero aquí atopámonos na realidade dos clubs, na realidade da que antes falaba, na realidade social, deportiva e económica dos clubs. ¿Como se financian eses tests, quen os financia, quen fai a avaliación e seguimento deses tests, onde están os médicos para fiscalizar e controlar e efectividade deses tests?

E nese sentido, e na necesidade que teñen moitos clubs de coñecer e de despexar incertezas, inxedanzas ao respecto de se é posible o inicio da competición ou non, plantexamos esta iniciativa, e facémolo ademais dende unha posición de consenso, chamando os grupos a buscar unha solución neste sentido, tendo en conta que o fundamental é a saúde do deportista, pero tamén tendo en conta que o deporte é unha actividade esencial, importante, a única actividade probablemente que non se reiniciou dende o estado de alarma, polo menos no ámbito autonómico, e que por tanto é importante dar saída a esa inxedanza dos clubs.

Esperemos que a posición dos grupos sexa de consenso neste sentido e poidamos buscar unha alternativa que permita o inicio das competicións de ámbito autonómico, sempre tendo en conta que é necesaria a axuda das institucións para que iso aconteza.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Francisco Rivera.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra a señora Murillo Solís.

A señora MURILLO SOLÍS: Bos días.

Bos días, señorías, bos días a todos.



Bos días despois de seis meses parados coa pandemia, seis meses nos que o mundo do deporte foi unha das actividades, nesta comunidade así como no resto de España, onde a paralización foi total, por causa de forza maior. Somos un dos sectores máis afectados na actividade económica deste país. É certo —e moitas grazas polo ton que empregou aquí hoxe o novo deputado do Partido Socialista, que sei que coñece o mundo do deporte, que sei que coñece o mundo do fútbol, que sei que é unha persoa implicada e que quere consensos e busca o mellor para o deporte galego, como así mesmo queremos os do mundo do deporte— que o deporte é a materia onde podemos deixar a un lado un pouquiño o que é a ideoloxía política que nos fai confrontar cada día uns con outros. Agardo entón desta lexislatura contar coa súa opinión e colaboración permanentemente para acadar consensos que melloren o tecido deportivo de Galicia. (*Aplausos.*)

O deporte é unha actividade cientificamente acreditada como beneficiosa para a saúde. O deporte é a actividade que move milleiros de persoas cada fin de semana a diferentes instalacións deportivas de Galicia, persoas de calquera franxa de idade que asisten como practicantes, como asistentes, como acompañantes deses practicantes ou como simples afeccionados. Un exemplo da importancia do deporte como axente colaborador no benestar social é a realidade que atopamos cada día en moitos pobos de Galicia. Unha importante cantidade de xente maior, que só sae da súa casa para acompañar o seu neto a competir ou para apoiar o equipo do seu corazón.

O deporte é unha actividade que xera movemento económico. Clubs, asociacións, ximnasios, piscinas, infraestruturas deportivas e eventos activan diariamente importantes recursos económicos, eses recursos que foron paralizados —non o esquezamos— coa aparición da pandemia.

Todos os actores do tecido deportivo galego agardan unha resposta pola nosa parte, pola parte dos políticos, unha resposta útil, efectiva, non palabrería barata que pouco arranxa a realidade, bastante confusa xa neste momento.

Iso é o que, como participante activa no mundo do deporte de Galicia, percibo cada día, en cada conversa, en cada reunión, coa xente do deporte. Esta xente precisa, máis que nunca, información e axudas. A toma de decisións non é doada, a responsabilidade é moita e a unanimidade é pouca.

Entendo que este relato é común a todos os que dalgunha maneira traballamos en prol do deporte galego. Partindo destas premisas, agardo que tras a miña intervención poidamos efectivamente acadar un consenso que sexa bo para o deporte en xeral, para os clubs e os deportistas galegos.

A súa proposición non de lei foi presentada neste parlamento o 27 de agosto do presente ano, cinco meses despois da pandemia máis importante e letal do século XXI, cando aínda o Goberno de España non fora quen de realizar o protocolo dirixido a regulamentar o deporte federado non profesional de competencia estatal.

Vostede nese momento instaba a Xunta a realizar un protocolo para o deporte non profesional, mentres esquecía que moitos clubs de Galicia —como, como vostede mesmo sabe, o



meu — agardaban aínda polo protocolo do Goberno de España para coñecer a que aternos en relación co inicio das competicións estatais. Eses clubs non profesionais que por sorte ou capacidade conseguiron acadar categorías superiores probablemente con máis gastos e máis necesidades a vostede nese intre non o preocupaban.

Na súa iniciativa atrevese a cualificar o secretario xeral para o Deporte de incapaz e inoperante política e administrativamente, cando o único goberno que se foi de vacacións e non tivo a ben convocar o CSD ata o 11 de setembro foi o Goberno do señor Sánchez. (*Aplausos.*) Só lembrarlle que neste parlamento, no eido do deporte, tentamos chegar a acordos evitando as descualificacións, polo que o insto a partir de agora a baixar o ton cando falemos nas próximas intervencións. É certo que a súa intervención de hoxe non ten moito que ver coa iniciativa rexistrada, polo que agradezo, efectivamente, o cambio e a moderación que penso que imos ter ao longo da lexislatura.

É certo que, meses despois, as restricións sanitarias impostas foron levantándose para certas actividades. A nosa actividade deportiva foi das últimas, seguindo aínda parcialmente restrinxida. A protección da saúde dos nosos deportistas, dos nosos afeccionados, dos nosos nenos, da xente do deporte, está por riba de todo.

A Xunta de Galicia asinou un protocolo —xa mencionado por vostede— no mes de xuño para facilitar os adestramentos e deportes sen contacto e así poder pór en marcha a preparación dos nosos deportistas de cara ao inicio das competicións nacionais e internacionais, como así lle foi suxerido polos axentes deportivos de Galicia ante a mellora da pandemia naquel intre.

A este protocolo debería sumarse singularmente, en función das súas particularidades, cada unha das federacións deportivas de Galicia; así o fixeron case todas. Fixérono cincuenta e seis de cincuenta e oito; entón, fixeron o traballo.

Xa no mes de setembro, máis concretamente a partir do día 19, no que se publica a Orde do 17, e coa que se modifican certas medidas previstas no acordo da Xunta de xuño, é posible a práctica de deporte federado con contacto en Galicia, polo que as federacións dende entón empezaron a traballar nos protocolos adaptados ás novas exixencias da competición. Vostede insta a Xunta, pero a Xunta xa fixo o traballo.

O deporte de equipo de contacto xa foi autorizado pola Xunta, iso si, con medidas de seguridade que garantan a saúde dos participantes. Agora, como vostede xa coñece, cada federación fará as súas propostas e protocolos de adaptación, porque, como entes organizadores das competicións deportivas por delegación da administración, son coñecedoras das posibilidades, intereses e necesidades dos axentes deportivos que representan, e así poden adaptar mellor que ninguén o protocolo ás súas disciplinas de competición.

En pouco máis dun mes, das oito federacións de deportes de equipo, catro xa teñen aprobados os protocolos, a dúas fixéronselles requirimentos, e as dúas últimas, as dúas restantes, que son hóckey herba e fútbol, presentaron os seus protocolos hai dous días no Rexistro da Xunta de Galicia.



Centrándonos xa na parte dispositiva da súa proposición, podo dicirlle que o luns vostede autoemendou a súa iniciativa. Na orixinal vostede solicitaba á Xunta un protocolo para regular as competicións non profesionais. Na súa emenda limita o que lle pide á Xunta. Só lle pide que regule as competicións non profesionais de ámbito autonómico. Fixo ben en autoemendarse, porque é imposible que a Xunta regule algo sobre o que non ten competencias. Pero ás veces todo vale no papel.

Dicirlle tamén hoxe que é incongruente instar a Xunta a facer algo que xa está feito. O día 19 de setembro xa se permitía en Galicia o deporte federado non profesional de equipo en competicións de ámbito autonómico. Xa lle avancei o estado de tramitación e aprobación dos distintos protocolos das federacións galegas de deporte de equipo, en base a este protocolo da Xunta, polo que o punto 1 eu penso que carece de sentido aceptalo.

En relación co segundo punto da súa proposta, contará totalmente co noso apoio. A Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral para o Deporte e este grupo parlamentario coñecen da difícil situación que están a vivir os clubs e asociacións deportivas non profesionais de Galicia, que pararon totalmente a súa actividade no pasado mes de marzo, sen moitos recursos fóra da propia competición.

A Secretaría Xeral para o Deporte está a facer un gran traballo, en permanente contacto coas federacións deportivas, escoitando directa e diariamente os clubs e ás veces incluso mediando entre os clubs e as autoridades sanitarias na procura de dalgunha solución axeitada á situación sanitaria actual.

Penso, señoría, que podemos acadar un consenso que poña enriba da mesa a súa proposta e a nosa, de instar o Consello Superior de Deportes do Goberno de España, a través da Xunta de Galicia, e a mesma Xunta de Galicia, polas competencias que ambos teñen sobre o deporte non profesional, para que axilicen a aprobación de liñas específicas de axuda para paliar a crise xerada pola covid-19 para un sector como o do deporte, que nunca pide e sempre agarda.

Aproveito para anunciarlle, señoría, que este grupo parlamentario presentará ante a Comisión, creada recentemente neste parlamento, de reactivación económica propostas que poñan en valor o mundo do deporte como un motor importante da economía galega.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Murillo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Moitas grazas, presidente. Bo día.

Bo día, deputados e deputadas.



En primeiro lugar, señora Murillo, desexarlle a maior das sortes ao Pontevedra. Oxalá teñamos un Pasarón en segunda división ou en primeira canto antes. *(Aplausos.)* Grazas. *(Aplausos.)*

E tamén, se mo permiten —e aproveitando un pouco o sentido desta iniciativa— tanto o señor Rivera como a señora Murillo —han saber ben disto—, gustaríame acordarme e poñer en valor ese traballo voluntario e incansable, que moitas veces acarrea máis desgustos que alegrías, que moitos homes e mulleres, tíos-tías, nais-pais, avós-avoas, irmáns-irmás, fixeron, fan e farán no noso país creando escolas deportivas, axudando co material deportivo, facendo de adestradores e adestradoras moitas veces, e, por suposto, sobre todo sendo as e os choferes que moitos rapaces e rapazas coma min tivemos a sorte de ter *(Aplausos.)* e que grazas a eles e elas podemos gozar do deporte; a verdade, no meu nome e no do BNG, moitas grazas, que nunca estivo moi recoñecido.

Mais hoxe chegamos aquí para falar da iniciativa do Partido Socialista sobre a necesidade de crear un protocolo de actuacións para as competicións deportivas federadas de ámbito autonómico, e que, de igual maneira, se dote os clubs deportivos non profesionais para poder facer fronte ás exixencias que a causan. E a verdade é que desde o BNG nos parece moi necesaria esta iniciativa, e neste caso falamos de deportes —toca deportes— mais poderíamos estar falando perfectamente de calquera outro tema, xa que a falta de investimento e a lentitude na creación dos protocolos podemos dicir que son un pouco a marca da casa do Partido Popular, porque neste eido non os hai mellores.

E, como ben dixo o señor Rivera, non pode ser que despois de seis meses de pandemia aínda esteamos sen protocolo, pero é que para que haxa protocolos ten que haber un traballo por detrás que o sustente, e —máis importante— ten que haber un goberno galego que exerza as súas competencias. Mais non podemos ter un goberno galego que defenda o deporte de base e o deporte non profesional se tal goberno non lle dá a relevancia necesaria e a importancia que o deporte ten para a nosa sociedade.

E faise necesario recordalo, falar da importancia do deporte. O deporte é moi importante para o desenvolvemento dos nenos e nenas, dos rapaces e rapazas —eses que teñen a culpa de todos os contaxios habidos e por haber en Galiza e nas universidades—. *(Aplausos.)* Pois ben, sexa en termos de saúde, sexa en termos de relacións sociais, coma en termos educativos, o deporte ten un impacto terriblemente positivo neles e nelas.

O deporte é tamén moi importante porque cabe recordar que cada euro investido nel é un gasto que se aforra en sanidade; e isto non o digo eu, isto sábeno perfectamente e dino todos os estudos científicos existentes.

O deporte tamén é moi importante en termos laborais porque, como vostedes saben, dá traballo a miles de persoas no noso país, traballos que penden dun fío, porque ¿como vai ser posible que estes traballos se manteñan se os clubs deportivos non teñen diñeiro necesario nin para poder iniciar as tempadas deste ano? E é que o deporte dá traballo, o deporte inflúe na nosa economía, e por esta razón tamén é necesario salvalo, pero, para ben ou para mal, precisa do apoio económico da Xunta de Galiza.



Porque temos que ser realistas. Se realmente queren salvar o deporte e queren que o deporte de base sobreviva, que os clubs deportivos non profesionais sobrevivan e, en definitiva —por resumilo—, que o deporte non profesional sobreviva, ten que ser co apoio económico da Xunta de Galiza —non cabe outra—, porque sen tal apoio o que se crean son situacións surrealistas —que xa nos teñen comentado— nas que clubs non poden competir porque non poden facerse cargo dos gastos que lles supoñen as medidas de seguridade.

E ante isto é posible —como creo que xa fixeron— que desde o Partido Popular nos digan que xa se dan medios para afrontar tales medidas. Pero o que non pode ser é que tales medios sexan insultantemente ridículos, ¡por favor! E é que o deporte non pode ser visto como un sector económico máis, o deporte é necesario para que unha sociedade sexa xusta, democrática e saudable, polo que as políticas do Partido Popular non poden estar guiadas por criterios economicistas, porque, como xa dixen, investir en deporte é aforrar en sanidade, mais non dese tipo de aforro que vostedes levan a cabo.

Mais agora falemos do protocolo de actuacións no ámbito autonómico en competicións deportivas federadas, máis concretamente no que atinxe aos deportes de equipo —hai que resaltar, dos deportes de equipo—. Vamos ver, en marzo vale, en abril tamén vale e en maio pois pódese entender, pero que esteamos a finais de outubro e que sigamos sen un protocolo claro e meridiano iso creo que xa non é admisible. E temos que ser claros e claras, a ver: ¿vaise ter que competir con máscaras? ¿Vanse facer tests rápidos? ¿Que é o que pensan facer, señores e señoras do Partido Popular? Díganlo, porque as federacións deportivas xa nos comunicaron —e fixérono ver en tres medios de comunicación— que están desesperadas, xa demostraron abertamente o seu descontento. Por iso, gustaríanos saber que é o que van facer cos deportes de equipo, e ante isto non caben excusas.

Porque se a día de hoxe os clubs deportivos dos deportes de equipo non dispoñen dunha vía clara e meridiana de actuación e non teñen os medios económicos suficientes non é porque non se poida, é porque non queren. E a verdade é que estou bastante ledo, a verdade, porque —eu xa tiña aquí escrito— teño que recoñecer que, por favor, non empezasen co pim pum pum, co partido de tenis Madrid-Galiza, Galiza-Madrid; vexo que polo menos no inicio nestas intervencións non o fixeron; parabenízoo, porque vai cansando un pouco e espero que non o fagan despois. Porque hai que recordar que nós non vimos ao Parlamento galego ser os espectadores e espectadoras, como xa dixen, dun partido de tenis ou tenis de mesa —o que prefiran—. Nós non vimos aquí ver quen ten máis ou menos culpa nisto ou no outro, nós vimos aquí para buscar as solucións que este país e a súa xente precisa, neste caso no eido do deporte. *(Aplausos.)*

Non me vou alongar moito máis, polo que remato dicindo que, por todo isto e como consideramos que estas medidas son necesarias para o noso deporte, adiantamos o noso voto a favor desta iniciativa, coa vontade de que tanto o deporte de base como o deporte non profesional contén cos medios necesarios tan sequera para poder existir.

Moitas grazas e ánimoos a seguir con este consenso para salvar o noso deporte.

Grazas de novo. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Castro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Si, bo día novamente.

En primeiro lugar, agradezo a posición do BNG ao respecto, entendendo o sentido da iniciativa, comprendendo, en fin, que hai que dar saída ao deporte autonómico de base e afeccionado deste país e que é necesario, en fin, facer protocolos axeitados á súa propia realidade e ademais axudar economicamente.

E tamén teño que agradecer á deputada do Partido Popular, que coñece o deporte, que sabe das dificultades que existen no ámbito non só profesional, no que está instalado ou puido estar instalado o seu club nalgún momento —e oxalá na tempada que vén accedan ao fútbol profesional novamente—, pero tamén coñece o fútbol e o deporte autonómico, o deporte de base, o deporte afeccionado, porque teñen categorías de base.

Nós o que plantexamos na iniciativa —efectivamente, que é de agosto— é que o protocolo que plantexaba a Xunta de Galicia é un protocolo absolutamente inviable; un protocolo, en fin, pensado para o deporte profesional propiamente, onde non asumía as responsabilidades propias que lle son propias a Xunta de Galicia e delegaba xa as responsabilidades directamente nos clubs, onde inviabilizaba o deporte de competición de equipo establecendo medida de distancia que logo foi salvada con distintas ordes no ámbito do deporte non profesional, coa realización de tests, efectivamente, e no ámbito do deporte autonómico co establecemento e obrigatoriedade de impoñer para a súa competitividade unha mascarilla.

Nós entendemos, recollendo o sentir de centos de clubs que está publicado e ademais se nos achega e probablemente a vostede tamén, que é responsable dalgunha federación deportiva, que lle fagan saber que isto é inviable. E diante diso hai que plantexar alternativas, e as alternativas pasan probablemente por adoptar medidas de protección tipo tests que hai que financiar. E aquí ten que estar a Administración autonómica, no ámbito do deporte autonómico, e no ámbito do deporte profesional, tamén o Estado, e do non profesional, no Consello Superior de Deportes.

Existe marxe. A Xunta de Galicia ten que innovar tamén neste tipo de cuestións. No ámbito do País Vasco o propio instituto asimilado ao Igape contempla liñas de axuda específicas tamén para o deporte, para os clubs, liñas de financiamento para asociacións sen ánimo de lucro. ¿Por que non facer aquí tamén o mesmo co Igape? Ese é un plantexamento loxicamente que non afecta esta iniciativa, que nós plantexaremos tamén na comisión correspondente, mesmamente no pleno. Pero é necesario dotar o deporte de mecanismo de financiamento, e eu creo que niso coincidimos tamén. E coincidimos na necesidade de que hai que financiar o deporte dende a Xunta de Galicia nesta situación excepcional, as medidas que o deporte necesita para iniciar as súas competicións.



Respecto da súa emenda, eu creo que podemos chegar a unha transacción. Imos falalo. Nun momento faremoslla chegar á Presidencia da Cámara, en caso de que sexa posible esa transacción. Non a vemos mal, vemos que hai un punto de encontro e que podemos avanzar. Eu quero que saia positivo polo ben do deporte, especialmente do deporte autonómico, do deporte de base, do deporte afeccionado.

Si nos gustaría tamén que neses novos protocolos que se están adaptando desde as federacións deportivas, o protocolo fisio-covid, se flexibilizase dende a Xunta de Galicia, na medida en que é receptor final deses protocolos e, por tanto, o que ten que dar autorización aos mesmos, as exixencias respecto das responsabilidades que teñen que asumir os responsables dos clubs. Sería importante asumir unha corresponsabilidade neste ámbito.

Dito isto, esperemos que este ton que vostede me agradece e eu tamén —e especialmente tamén ao deputado do BNG— se siga mantendo neste tipo de iniciativas.

Moitas grazas e nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Francisco Rivera.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa situación de Alcoa en San Cibrao, a aprobación dun estatuto do consumidor electrointensivo e a creación dunha tarifa eléctrica galega

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e outra do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 2375).

Emenda de modificación:

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto: O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que continúe traballando conxuntamente co Goberno do Estado na aplicación, á maior brevidade posible, de cantas medidas sexan necesarias, incluída a intervención pública temporal para a súa posterior venda a un investidor privado que garanta un proxecto industrial viable, para o mantemento da actividade industrial e dos postos de traballo na factoría de ALCOA en San Cibrao.)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Miguel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 2375 (11/PNP-000231).



Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación: “O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno Central a adoptar cantas medidas sexan necesarias á maior brevidade posible, incluída a intervención pública temporal para a súa posterior venda a un inversor privado que garantice un proxecto industrial viable, para o mantemento da actividade industrial e dos postos de traballo na factoría de Alcoa en San Cibrao.”)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Moitas grazas de novo, señor presidente.

Bo día de novo, señores e señoras deputadas.

En primeiro lugar, se me permiten, gustaríame saudar os traballadores e traballadoras de Alcoa e das auxiliares que hoxe nos acompañan e que, desgraciadamente, non poden estar aquí máis cerca nosa. En nome meu e do BNG, trasladar e darvos as grazas polo voso traballo e, ao igual que toda A Mariña, dicirvos que sodes exemplo de loita. Moitas grazas, seguiremos ao voso carón. *(Aplausos.)*

Desde o BNG traemos esta iniciativa a debate aquí hoxe cunha finalidade moi clara: que o Parlamento de Galiza lle reclame á Xunta e ao Goberno central unha intervención pública que evite que máis de mil traballadores e traballadoras da Mariña vaian ao paro e se asine así a acta de defunción da nosa comarca. Porque isto é o que está en xogo neste momento —hai que recalcalo—. Alcoa xa deixou claro no seu ERE cales son as súas intencións: despedir 524 traballadores e traballadoras e parar as cubas, non hai máis. E fronte a Alcoa, de nada serven as palabras bonitas e os artigos de opinión.

O Goberno do Estado e a Xunta teñen na súa man a única solución: unha intervención pública. Porque a solución non está no xulgado, non, está no Consello da Xunta e no Consello de Ministros e Ministras. E, por certo —téñano en conta—, o tempo corre e estamos nun momento decisivo, máis ca nunca.

A semana pasada, xa a través dunha PNL do BNG, o Congreso xa se posicionaba neste eido. Hoxe é necesario e máis importante que o faga o Parlamento de Galiza, enviándolle un mandato claro á Xunta e ao Goberno central: temos que intervir xa. Porque estamos a 21 de outubro e van xa catro meses de protestas, de mobilizacións, de folga, de xente reclamando unha solución rápida para A Mariña. E ante esta situación dramática non pode ser que se xogue á indefinición nin aos vaivéns, como, por exemplo, poñemos o deste sábado. Atopámonos con declaracións do secretario de Industria desbotando a intervención, o luns a ministra di o contrario e así tamén o podíamos aplicar co conselleiro nesta casa. Non é serio, nunca o foi, pero moito menos cando se está xogando co futuro da industria galega. Así que non nos digan que non é posible unha intervención pública.

Porque gustaríame preguntarvos: ¿acaso foi imposible para Merkel con Lufthansa? ¿Acaso foi imposible para o Goberno portugués? ¿Ou acaso foi imposible para o Goberno italiano, que sal-



vou así unha fábrica de aluminio que Alcoa quería pechar en Cerdeña? O imposible non é unha intervención pública e unha nacionalización da factoría, o imposible é crer que, nun contexto no que unha multinacional xa tomou a decisión de que se quere ir, no que o di abertamente, no que comunica o custo dos despedimentos e no que incluso pon sobre a mesa os nomes de todos os traballadores e traballadoras da empresa que van á rúa, a solución vai pasar porque Alcoa, por obra de maxia, se volva sentar a negociar coa empresa interesada na compra. *(Aplausos.)*

Iso é imposible, hai que ser sinceros e realistas, polo que lles pedimos que deixen de xogar coa xente da Mariña, que se esquezan dos vaivéns políticos e que se decidan a pasar á acción dunha vez por todas. Porque basta xa de ameazas inocuas, basta xa de que unha multinacional se ría —con todas as letras—, se ría de dous gobernos como o galego e o español. E, como basta xa de tanta aldraxe, deben poñerlle fin ao sufrimento dunha comarca enteira intervindo o complexo industrial de San Cibrao.

Teñen os exemplos, teñen os medios, agora só falta o máis importante; saben perfectamente o que é: a vontade política. Porque deben ter algo ben claro: a solución a este problema —xa llelo dixen— non se vai atopar nos xulgados. A crise de Alcoa é un problema político e, como tal, evidentemente, require de medidas políticas, porque non deben pensar en que a solución a ditará un xuíz ou unha xuíza. A solución —repito— atópase no Consello de Ministros e de Ministras e entre os conselleiros e conselleiras. E é por iso que hoxe traemos aquí esta iniciativa ao Parlamento galego.

E é que os galegos e as galegas merecen que a institución na que están representadas e representados dea exemplo e, sobre todo, estableza un mandato claro ao Goberno galego para que poña xa sobre a mesa unha intervención pública que salve a produción de aluminio primario. E este proceso —recorden, xa llelo dixen— precisa de celeridade. Os traballadores, as traballadoras, as familias, a comarca da Mariña, o noso país non pode aguantar máis. Esta intervención tense que facer xa, xa, porque non estamos nin no tempo engadido nin na prórroga, estamos ante o último penalti, hai que intervir xa, pero xa, e darlles esperanza a miles de persoas que teñen o corazón nun puño porque se está a xogar o seu futuro. Recorden: a intervención pública é legal, é viable, e neste momento o máis importante é que é a única alternativa posible.

E ben, alén de todo isto, nestes dez minutos podería falar tamén e aproveitar moito do meu tempo que teño para falar da necesidade de termos por fin un estatuto do consumidor electrointensivo que realmente supoña unha solución para o sector da industria electrointensiva, claro que si. É necesario, temos que ter un estatuto que garanta un prezo estable, predicible e asumible. De igual maneira que, como levamos reclamando moito tempo, temos que ter unha tarifa eléctrica galega que abarate o custo da electricidade tanto para as empresas como para os e as particulares.

E nisto poderíamos falar tamén moito tempo largo e tendido, das responsabilidades do PP e do PSOE neste marco. Mais todo isto agora ten un papel secundario, xa non importa, deixémolo atrás, permitimos que se deixe atrás, xa que o primeiro que temos que facer é salvar os máis de mil postos de traballo do complexo industrial de San Cibrao. Porque antes ca nada temos que salvar a comarca da Mariña. Porque se este territorio se converte no ermo indus-



trial, no que está camiño de ser —e leva moitos anos estando neste camiño—, de pouco van valer estas políticas. E é que chegan tarde. O Goberno do Partido Popular normalmente, desgraciadamente, chega tarde, mais ten a última oportunidade de salvar un elemento importante, importantísimo, do pouco tecido industrial que queda no noso país. Polo que llelo pedimos outra vez: non volvan fallar, estean á altura do momento político que precisamos.

E xa que estamos recordando un pouquiño, podemos retrotraernos a hai quince días, en que nesta cámara o señor Feijóo —aínda que non estea, xa sei que está gobernando—, respondendo a unha pregunta da portavoz do BNG, de Ana Pontón, sobre o futuro de Alcoa, dixo unha gran verdade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —Está gobernando, si, ok, por favor, déixenme falar—. Dixo unha gran verdade —recoñécemolo—, porque cando Feijóo di verdades, o BNG recoñéceo.

El comentaba que sempre defendera Alcoa. Impepinable, ou sexa, non llo negamos; toda a razón. O presidente deste país defendeu os intereses de Alcoa, pero o que hai que defender son os intereses dos traballadores e das traballadoras, que son os que crean riqueza. (*Aplausos.*) Basta xa de ser o mediador coas empresas.

E remato. Alcoa leva demasiado tempo mandando máis que os gobernos, máis que os gobernos. Fíxose cunha empresa que era pública a cambio dunha miseria e actuou como unha empresa que se aproveitou da man de obra de Galiza e da natureza do noso país e que se aproveitou de gobernos febles que antepuxeron o beneficio destas multinacionais ao beneficio e á prosperidade do noso país.

Así que remato. Señores e señoras do Partido Popular, señores e señoras do Partido Socialista, acabemos con esta infamia. Pedímosllelo. Dignifiquemos esta institución, deámoslle valor ao noso país e salvemos A Mariña da súa fin.

Así que, con todo isto dito, agardamos a súa colaboración e o seu apoio a esta iniciativa, e, como dixen hai un par de semanas, repito: téñano claro, A Mariña non fallou, non o fagan vostedes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Castro.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Pasamos agora á intervención, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, do señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados, comezar a miña intervención mostrándolles todo o apoio aos traballadores da planta de Alcoa en San Cibrao, que algúns están hoxe escoitándonos dende esta casa, para garantir e para buscar e seguir traballando nunha solución que garanta tanto a



actividade industrial como o mantemento dos postos de traballo na fábrica. E déixenme, ademais, que lance a mesma mensaxe para os traballadores de Alu Ibérica na Coruña, compañeiros de enfronte deste que lles fala, traballador da industria, e que non deben de ser esquecidos por parte nosa nin por parte do Goberno galego nunha fábrica que tamén produciu e pode producir aluminio primario e que necesita das administracións para que non se produza o baleirado dun investidor que está a incumprir os compromisos asinados cos traballadores ante os ollos das administracións.

Por certo, señores do Partido Popular, transmítanlle ao vicepresidente Conde que dende o comité de empresa están a esperar por unha reunión prometida polo conselleiro para que se tomen as accións pertinentes ante os continuos incumprimentos da dirección da empresa e os graves incumprimentos laborais, e as continuas —case que diría— denuncias diarias ante a Inspección de Traballo, que fan necesario que actúe o Goberno galego. Señores do Partido Popular, non fagan como no caso de San Cibrao esperando ata o final a ver como se destrúe unha actividade industrial simplemente botándolles a culpa aos outros mentres agochan as súas incompetencias —diría eu— en materia industrial. Formen parte das solucións e non esperen ata o último momento aliñados coa posición que lles resulta máis cómodo a empresas que queren pechar as nosas fábricas.

Estamos nun momento tremendamente importante para a planta de San Cibrao —todos o coñecemos—, agora que por fin semella que todos estamos aliñados no que realmente importa, que deixamos a pancarta e a campaña electoral para ter unha estratexia conxunta contra o verdadeiro inimigo, que é unha compañía como Alcoa, que o único que desexa é deslocalizar a produción de aluminio fóra de España e seguir mantendo o monopolio para vender no noso territorio.

Por iso o Partido Socialista presentou unha emenda de substitución á iniciativa que presenta o BNG cun texto que xa foi aprobado no Congreso dos Deputados por todos os grupos que estamos aquí representados na Cámara, que abandona posicións maximalistas e pon o foco no realmente importante, que é o mantemento da actividade industrial e os postos de traballo dunha comarca como A Mariña que necesita desta actividade para sobrevivir, xa que, despois de trinta e catro dos corenta anos de autonomía gobernados polo Partido Popular, vemos como non se apostou por facer unha política de promoción e impulso da actividade industrial, que deixa A Mariña sen alternativas industriais no seu territorio.

E a nosa emenda fala de que a Xunta continúe traballando conxuntamente co Goberno do Estado na aplicación coa maior brevidade posible de cantas medidas sexan necesarias, incluída a intervención pública temporal, para a súa posterior venda a un investidor privado que garanta un proxecto industrial viable para o mantemento da actividade industrial e dos postos de traballo na factoría de Alcoa en San Cibrao. Está tomada do acordo de todos estes grupos, os que estamos aquí presentes, no Congreso dos Deputados e está adaptada a esta institución, porque aquí ten que ser un traballo conxunto, que por fin parece que están facendo ambas as administracións, para que tanto a Xunta de Galicia como o Goberno do Estado fagan o traballo que se espera, cada un nos seus ámbitos.

E onte mesmo o comité de empresa emitiu un comunicado para pedirle medidas cautelares ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para evitar a parada das cubas durante o tempo



que dure o proceso de impugnación do despedimento colectivo e mentres non haxa sentenza xudicial firme, e de maneira subsidiaria que se ordene a Alcoa non executar os despedimentos individuais e, en consecuencia, que non proceda a parar a produción de aluminio na fábrica nin nas cubas de electrólise.

A Xunta tamén debe facer o seu traballo en materia laboral para facilitar que se paralice ese ERE. E despois de ver como o ministerio fixo público que se lle reclamarán as axudas dadas polo Estado, por un valor de cincuenta millóns de euros a Alcoa, agora tamén toca que a Xunta tome medidas no eido medioambiental para que se reclamen os continuos incumprimentos medioambientais desenrolados por Alcoa nos derradeiros anos. Nese traballo debemos estar todos xuntos: Xunta, Goberno e os parlamentos —este tamén, señores deputados—.

A solución pasa por unha venda da planta, e, para iso, todos temos que arrimar o ombro. Non tratemos de poñer o carro antes que os bois, señor Castro. É loable e esencial a presión dos traballadores e a veciñanza da Mariña coas súas mobilizacións, pero dos representantes políticos espérase máis que unha camiseta e berrar «Cuba si, ianquis fóra». A solución política temos que buscala nas institucións, non nas *performances* e falando de nacionalizacións, sen dicir canto desembolso lles pode supoñer a todos os cidadáns esa decisión e a seguridade xurídica dunha acción de tanto calado.

Señores do Partido Popular e do BNG, temos tempo para falar dunha intervención pública temporal, se chegamos a ese punto. Por iso, inclúese na emenda ese punto se fose necesario, pero resulta moi chocante ultimamente escoitar como falamos de nacionalizacións como solución a todos os problemas; ben, nacionalizacións é poñerlle o apelido galego absolutamente a todo e con iso suponse que chega a solución; e, iso si, despois temos que ver por desgraza como grandes empresas de capital galego son adquiridas por empresas foráneas. Nacionalizamos Alcoa; supoño que tamén temos que nacionalizar Alu Ibérica; pero tamén supoño que temos que nacionalizar Xeal e Ferroglobe, que están nun problema importante; podemos nacionalizar Emesa; tamén podemos nacionalizar Maderas Iglesias ou Thenaisie. E ao mesmo tempo podemos seguir pedindo a redución dos impostos, un IVE reducido, axudar os traballadores sen emprego, os autónomos, empresas en risco, podemos exixir un tren de calidade, podemos pedir que as autopistas non teñan peaxes, etc., etc., etc. E así todo, todo cabe, todo por dicir o que todo o mundo desexa escoitar, pero responsabilidade, cero; total, ou eu non goberno ou a culpa vai ser doutros que están noutro lado...

Espérase moito máis da política e dos políticos que as mensaxes populistas, e, por este camiño, señorías, non nos estrañemos logo do éxito que teñen aqueles que chegan á política falando de solucións máxicas e aceptando todo aquilo que lles propoñen. (*Aplausos.*)

Vostedes fan unha trampa. Falan primeiro de artigos en prensa como se foran a solución —non, por suposto que non son a solución— pero logo menten descaradamente intentando confundir a opinión pública non sei se por descoñecemento ou por interese propio de comparar a situación de Alcoa coa situación de Lufthansa. É increíble case dicir que o Goberno alemán nacionalizou Lufthansa cando é todo o contrario, absolutamente todo o contrario. Lufthansa foi asistida polo Goberno alemán para comprar accións para salvar a empresa, pero por petición da propia empresa, non porque unha empresa quixese pechar as súas instalacións. Polo tanto, de verdade que



non deberíamos confundir a opinión pública coa entrada no accionariado —por certo, que lle ofreceu o Goberno actual do Estado a Alcoa— co que se fai noutros sitios. Estamos enganando a opinión pública cunha cuestión que debería ser máis seria para aqueles que estamos aquí e que deberíamos coñecer pois eu creo que un pouco máis. Alemaña non nacionalizou Lufthansa, Alemaña saíu no rescate de Lufthansa por petición da propia empresa para salvala.

Sería desexable que a mensaxe que transmitiramos no día de hoxe sexa a dunha unidade de acción, que os traballadores saiban que teñen o Partido Popular, o BNG e o Partido Socialista preocupados e traballando arreo por unha solución, que temos que poñer unha empresa irresponsable e a súa chantaxe contra as cordas, que non lle vai saír ben a súa estratexia de tratar de tomarlles o pelo ás nosas institucións no corpo dos traballadores da Mariña e da Coruña, que neste país respectamos as leis e somos fiables para a comunidade internacional, pero que en ningún caso imos aceptar que se poña en dúbida a soberanía por parte daqueles que queren facer negocio a custa da vida dos nosos cidadáns. *(Aplausos.)*

Acepten a emenda, señores deputados e deputadas, rememos todos xuntos na busca de solucións, tomemos todas as medidas posibles para conseguir a venda cun investidor que desexa continuar cunha actividade esencial para o noso territorio. E se chega o caso, evidentemente, haberá que falar dunha intervención pública temporal, para permitir esa venda, pero non poñan o carro antes que os bois nin busquen solucións máxicas a algo que debe intentar conseguirse cunha solución axudando os nosos gobernos a que poidan levar a cabo todas as iniciativas posibles para presionar unha multinacional que se está comportando dun xeito irresponsable coa nosa cidadanía e cunha comarca como a da Mariña.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Seco.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Señor Seco, ten conseguido achegar as posturas do Partido Popular de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego. Teño que dicirlle que a súa intervención nos deixa preocupadísimos, francamente, logo do que temos escoitado non do voceiro de industria do PSdeG-PSOE nesta cámara senón, probablemente, do voceiro do Goberno de España no Parlamento de Galicia. Preocupante a súa postura en relación co que propoñemos na emenda, porque a súa emenda e a nosa é idéntica. ¿Que propoñemos na nosa emenda? *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)* É idéntica, a redacción é a mesma; si, señor Seco, léaa; a redacción é a mesma. ¿Que propoñemos? A intervención pública temporal de Alcoa, para a súa venda posterior; exactamente o mesmo que nos demanda o comité de empresa. E vostede veu aquí propoñer unha emenda que fala de intervención pública temporal e ao mesmo tempo crítico-calo na súa intervención. Polo tanto, ¿con que temos que quedar? Ese é o xogo do PSdeG-PSOE e ese é o xogo do Goberno de España, lamentablemente.



Antes de comezar, quero trasladar unha vez máis o noso apoio, a nosa solidariedade, o noso absoluto compromiso por parte do Partido Popular de Galicia cos traballadores de Alcoa e con toda A Mariña lucense. *(Aplausos.)*

Señorías, nin A Mariña nin Galicia merecen o comportamento que está a ter Alcoa, que está a ter a empresa. Dende o Partido Popular de Galicia queremos censurar claramente a mala fe da empresa, a mala fe coa que está actuando a empresa en todo este proceso de negociación, deixando claro que a súa verdadeira intención, probablemente, nunca foi permitir a venda a Liberty House, senón unicamente dilatar prazos, primeiro aceptando negociar e despois negándose a chegar a acordos. Parece que o único que lle preocupaba a Alcoa era, en primeiro lugar, non ter competidores no noso país e, en segundo lugar, castigar os traballadores e as súas familias pola inacción do Goberno de España, pola inacción do Goberno de Pedro Sánchez, durante os últimos dous anos. Porque se algo é certo é que Alcoa está facendo pagar aos seus empregados o abandono, a desidia, a incompetencia, a despreocupación do Goberno de España, do Goberno de Pedro Sánchez, *(Aplausos.)* un goberno que fixo oídos xordos a todas as advertencias que viñemos facendo.

¿Sabe que ocorre, señor Seco? Pasou o que nós levamos lamentablemente anos dicindo que ía pasar. E a min non me gusta usar iso de «xa llo dixemos». Pero e que é certo, é que xa llo dixemos. Levamos dous anos advertindo que se o Goberno de España non aprobaba un estatuto de industria electrointensiva que permitira e fixara un prezo competitivo para a industria electrointensiva do noso país, dous anos, as empresas electrointensivas se verían abocadas ao peche. Esa é a realidade, esa é a única verdade.

¿Cal é o noso obxectivo? O noso obxectivo é claro: que non se despida a ninguén, que non se paren as cubas, que en Galicia se siga fabricando aluminio primario e que se atope un comprador para a planta da Mariña lucense, e, se é necesario —e nós cremos que xa é necesario, necesario non, inevitable—, que se proceda á intervención pública temporal da empresa para a súa venda posterior. Iso é o que nós defendemos con total claridade.

E hoxe traemos unha emenda á iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, que realmente fala de nacionalización, de aprobar un estatuto de industria electrointensiva e da tarifa eléctrica galega. Nós o que propoñemos é a intervención pública temporal da empresa para a súa venda posterior. Este é o acordo ao que chegamos no Congreso dos Deputados a pasada semana entre Partido Popular, Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego.

Nós o que propoñemos é construír un gran consenso, e por iso presentamos esta mesma iniciativa, cun obxectivo: ser útiles, ser útiles a Galicia e resolver as dúbidas que pesan sobre esas 534 familias que ven o futuro negro non, negrísimo, ante a indiferenza dun goberno de España que durante dous anos puido evitar esta situación e non o fixo.

Mire, nós pedímoslle ao Goberno de Pedro Sánchez o mesmo que lles pedimos aos gobernos de Mariano Rajoy e de Rodríguez Zapatero. A diferenza é que os gobernos de Mariano Rajoy e de Rodríguez Zapatero, cando houbo problemas de prezo, adoptaron as medidas necesarias para resolver a situación e dende hai dous anos reproducíuse esta situación e o Goberno de España fixo oídos xordos.



Mire, non agarden de nós un pacto de silencio sobre o acontecido ata aquí, non o agarden. Nós queremos un acordo unánime desta cámara, igual que o houbo a semana pasada no Congreso dos Deputados, pero que o PSdeG-PSOE e o Partido Socialista non agarden de nós un pacto de silencio. Nós queremos falar de como se chegou ata aquí e por que chegamos a esta situación: dous anos sen aprobar o estatuto da industria electrointensiva. Un estatuto, por certo, co que se nos enganou reiteradamente, porque foi arma electoral do PSdeG-PSOE e do Partido Socialista de Pedro Sánchez en dúas eleccións xerais, nas de abril e nas de novembro. Prometérono antes das eleccións de abril, despois das eleccións de abril, prometérono antes das eleccións de novembro e prometérono despois das eleccións de novembro. E ¿que pasou? Que non o aprobaron.

Mire, nós pedímoslle ao Goberno de España exactamente o mesmo que fixeron outros gobernos europeos para garantir a viabilidade, a competitividade da industria electrointensiva do resto de Europa. A diferenza é que outros gobernos adoptaron solucións e o que aconteceu en España é que o Goberno de Pedro Sánchez non fixo nada, nada, nos últimos dous anos.

Polo tanto, ¿cal é o discurso, señor Seco, que veu vostede expresar nesta cámara, cal é o seu discurso? ¿Que o problema é do Goberno da Xunta, como se as competencias do prezo enerxético dependeran da Comunidade Autónoma? É que iso é unha competencia exclusiva do Goberno de España. ¿A quen quere enganar? ¿Quérense enganar vostedes a vostedes mesmos?

Mire, o Goberno socialista aproveitou a pandemia para atacar de forma sistemática a industria galega, acelerando o peche da central térmica das Pontes mentres todos estabamos confinados na casa, deixando sen traballo os estaleiros da ría de Ferrol, atacando a industria de transformación do mar ubicada en dominio marítimo-terrestre a través agora da Lei de cambio climático e deixando na estacada toda a industria electrointensiva do noso país. Ese é o goberno do seu partido.

A Xunta, non obstante, si que actuou. A Xunta fíxese se actuou que se puxo de acordo con outras comunidades autónomas para darlle o traballo feito ao Goberno de España. Aquí houbo un borrador do estatuto das electrointensivas que fixeron as comunidades autónomas e llo deron ao Goberno de España. ¿Que fixo o Goberno de España? Tiralo á papeleira. Esa é a única realidade.

Eu ao BNG —e espero non enturbar as posibilidades de acordo— teño que dicirlle: ¿que fixo en todo este tempo? Pois fixo presidente a Pedro Sánchez. E ese é o pecado capital que os vai acompañar ao longo dos próximos anos. Porque a culpa desta situación é do Goberno de Pedro Sánchez e a Pedro Sánchez levárono á Moncloa vostedes co seu voto. E, polo tanto, facendo presidente a quen creou este problema, facendo o que facían, porque non fixeron, o certo é que vostedes son tamén corresponsables, xunto co Partido Socialista Obrero Español, da situación na que nos atopamos.

Eu teño que lembrarlles que en xaneiro de 2020 o BNG, co seu voto, fixo presidente a Sánchez, a cambio dunha suposta solución para a industria electrointensiva, porque nese documento que asinaron alí viña que, apoiando a Sánchez, ían resolver todos os problemas de Galicia. Aí está a foto dese gran pacto, un pacto de altura, firmado entre Ana Pontón e Adriana Lastra. Vostedes, día si e día tamén, reivindicando ese gran acordo, ese «acordo de país», como llo



escoitamos a un deputado do BNG. E eu teño que dicirlles que este acordo é papel mollado. Ríronse de vostedes, e vostedes ríronse dos galegos reivindicando este acordo que ao final non resolveu nada, nin para a industria electrointensiva nin para ningún dos problemas que neste documento pretendían arranxar. Era tan importante este pacto que ao final o firmou Ana Pontón coa mesmísima Adriana Lastra, un pacto de Estado, un pacto de país. Non, non, non o firmou Pedro Sánchez, non o firmaron cos ministros do Goberno de España, non o firmaron nin sequera co secretario xeral do partido. Foi con Adriana Lastra, «o pacto de Ana e Adriana», ese pacto que realmente non resolve ningún problema de Galicia. ¡Vinte e catro anos de carreira política de Ana Pontón neste Parlamento para firmar un acordo con Adriana Lastra! ¡Noraboa! ¡Noraboa! (*Aplausos.*) E, miren, ¿saben o que pasou ao final? Que o PSOE se riu do BNG, que o PSOE se riu do BNG e non cumpriu nin a primeira das liñas.

A nosa postura está clara, a nosa postura é a de sempre, a nosa postura é que Goberno central e Goberno galego traballen xuntos para plantarlle cara á empresa, para plantarlle cara a Alcoa, para defender os 534 postos de traballo, para defender que non se paren as cubas, para conseguir a venda a un novo investidor que estea interesado en fabricar aluminio primario. Pero a venda non resolve todo, porque podemos vender Alcoa, podemos vender a planta da Mariña lucense a un investidor interesado, pero, se non hai estatuto electrointensivo, esa empresa estará abocada ao peche.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: E, polo tanto, nós imos traballar dende o Partido Popular de Galicia, dende a maioría parlamentaria que sustenta o Goberno galego, para defender os intereses dos traballadores de Alcoa e de toda a comarca. Presentamos esta emenda que reflicte exactamente o que reivindica o comité de empresa e que nos acaban de entregar, ademais persoalmente, a todos os grupos nunha carta coa redacción exacta, a que aprobou esta semana o Congreso dos Deputados e a que nós propoñemos na nosa emenda.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas de novo, presidente.

Señor Seco, eu exactamente dixen «cubas si, ianquis non», Pero reafírmome, ¡eh! E seguimos pensando o mesmo aquí e na Mariña. (*Aplausos.*) E por suposto —é que por supostísimo— que imos reclamar un tren xusto, unha Galiza vertebrada, unha Galiza con tecido industrial forte. Porque para iso a xente nos votou. Se non vimos reclamar aquí o mellor para este país, ¿a que vimos? Vimos para pelexar, para ter a mellor das Galizas posible.

¡A ver!, agora chéganos o señor Tellado para falar do estatuto das electrointensivas. Xa lle dixen que temos moitísimo tempo para falar das implicacións que tiveron o PP e o Partido Socialista nel, mais non o imos facer. ¡E non é porque non queiramos, eh! A pesar de que, como xa dixen,



podiamos falar longo e tendido das súas responsabilidades na lexislación do sector eléctrico —e pódolle recalcar o que pasou no ano 2013—, preferimos centrarnos no que a cidadanía galega nos reclama, que é conseguir que o Goberno galego aposte claramente pola intervención pública de Alcoa. Porque mentres Partido Socialista e Partido Popular seguen aquí —antes, na iniciativa de deportes, non o houbo, agradecino bastante—, na iniciativa para salvar Alcoa, coa batalla Madrid-Galiza, co partido de tenis, o «pim, pam, pum», a ver quen fai máis e quen fai menos, pois, mentres fan iso, os traballadores que están véndonos, os traballadores e traballadoras que están na Mariña, seguen véndose na rúa. Así que traballen e consigan esa intervención. (*Aplausos.*)

E falamos do inmediato, do presente, de salvar os postos de traballo, mais isto tamén é unha medida de futuro. E téñeno que entender, xa que, se o día de mañá o complexo industrial de San Cibrao non segue aí, ¿cal é o futuro dos mozos e mozas da Mariña? Pois a resposta é ben fácil: un futuro aínda menos esperanzador que o que hai hoxe en día; un futuro que quere dicir emigración, emigración e máis emigración —como o de todos os mozos e mozas que tiveron que marchar deste país—, polo que temos que ter en conta que tamén o feito de salvar o inmediato nos asegura o futuro.

E, como xa dixeran, polo ben da Mariña e deste país, imos aceptar as emendas, imos propoñer unha transacción de acordo co dito e o debatido no Congreso, e que vaia nesa liña, que logo aceptaredes ou non —aceptarán ou non, desculpen—. Mais, evidentemente, gustaríanos que chegase moito máis lonxe. Como xa lles dixeran, os traballadores e as traballadoras de Alcoa non poden agardar máis. O que se ten que poñer por riba da mesa, e o que os traballadores e as traballadoras nos piden, é o mantemento dos postos de traballo, que é do que se vive e do que se come. Porque sen industria non hai futuro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Castro.

Como hai moitas posibilidades de transacción, eu prégoles que aquelas iniciativas coas que se poida chegar a unha transacción nolas fagan chegar antes da votación. Imos agora coa última iniciativa. Xa queda menos tempo, pero, para facer a votación máis fácil, se nolas poden facer chegar, moito mellor.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de posibilitar a reversión aos concellos da titularidade dos terreos portuarios cando o seu uso para fins relacionados co porto sexa residual ou inexistente e sexan susceptibles de utilización municipal

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Rosana Pérez Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 2469 (11/PNP-000244).



Emenda de adición.

Propónse incluír un novo punto na parte resolutiva co seguinte texto: “Naqueles casos onde os concellos xa teñan solicitado á entidade Portos de Galiza a reversión da titularidade dos terreos portuarios procederase de oficio á maior brevidade posíbel.”)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Ben, plantexamos hoxe unha iniciativa que non é a primeira vez que se trae a este Parlamento pero que cremos necesario volver debater, porque aspiramos con certo fundamento a que poidamos chegar a un entendemento. E dicimos «con certo fundamento» porque o Partido Popular mudou en algo a súa posición neste Parlamento. Imos ver se é ata o final ou se, polo menos, podemos chegar a un acordo intermedio.

¿De que tratamos nesta iniciativa? Tratamos sobre terreos que están nas vilas, nas vilas mariñeiras de toda Galicia, e que non están sendo, ou non poden ser, utilizados de boa maneira para a actividade de carácter social, cultural, deportiva ou de usos cidadáns, e que non o poden ser por un problema administrativo que as propias administracións teñen na súa man resolver.

A situación parte do seguinte: hai moitos pobos que teñen certa expansión urbanística —para outro día ou outra época sería o debate de se ben ou mal feita—, que normalmente tende a expandirse nos portos e a ganar terreos ou realizar recheos moitas veces sobre o mar. Iso fai que o porto, evidentemente, vaia movéndose cara a dentro; e, por tanto, os terreos de uso portuario e as instalacións de uso portuario vanse movendo con eses terreos. ¿Que ocorre? Que aqueles terreos onde orixinalmente estaban ubicadas as instalacións portuarias se convirten hoxe en día en prazas de uso cidadá, en parques, pero que administrativamente teñen unha pequena diferenza respecto do resto da vila, e é que a súa titularidade é de Portos de Galicia.

¿En que afecta isto en realidade á vida dos veciños? Pois afecta a unha enorme cantidade de asociacións veciñais, culturais, a eventos deportivos, asociacións deportivas, incluso a feirantes, autónomos ou empresarios que queren desenvolver actividades neses terreos e non poden ou teñen moita dificultade. ¿Por que? Porque Portos cobra, iso si, só cobra. Cobra, cobra ben, son moi eficientes á hora de cobrar, pero só cobra. Ninguén fai o mantemento desas zonas, ninguén. Ninguén limpa cando saen herbas nos sitios que non debe, ninguén fai o arranxo dunha acera que se estropea, dunha farola que perde o punto de luz. ¡Ninguén!

¿Que fan os veciños con toda a lóxica do mundo? Van ao concello e pídenlle ao alcalde ou alcaldesa, ao grupo de goberno, algún arranxo, porque son zonas céntricas onde hai moitas posibilidades de uso, onde pasa moita xente. Pasa en moitos lugares que hai bares que teñen terrazas, e que, en función do lado da rúa no que estean —se están a un lado da rúa ou se están ao outro lado da rúa—, pagan taxas distintas. Hai normativas distintas para as terrazas. Fan, polo tanto, competencia distinta. Uns poden poñer máis e outros menos. E non entenden os



comerciantes —e, a verdade, a un, cando ten que explicar isto, cústalle tamén defendelo— por que sendo terreos públicos non poden ter un uso público o máis axeitado posible.

E isto é o que plantexamos hoxe. Hai terreos destes neste país en moitísimos concellos. Podemos dicir que en practicamente todos, non son capaz de levar na memoria todos, pero sería moi difícil atopar un porto en Galicia que non teña baixo a súa titularidade un terreo que se usa para a actividade cidadá pero que non lle concede aos concellos. E entón, ¿que pasa? Hoxe estamos nunha época complicada pero chegará un momento en que poderemos retomar algunhas actividades —pode que doutra maneira, pero retomaremos festas patronais, festas de barrio, etc.—, e se unha asociación quere realizar unha actividade, poñer algunhas instalacións, algunha carpa nun terreo, se non fora de Portos podería chegar a un acordo co concello e non lles cobraría, ou cobraríalle un uso mínimo. Pero Portos pídlle 3.000, 4.000 ou 6.000 euros. ¿Por que? Por instalarse alí.

¿Que fai para iso despois Portos? ¿Adecanta o lugar? Non. ¿Limpa? Non. ¿Facilita os accesos? Non. Pero cobra. E a cuestión está en que ninguén entende por que cobra en lugares que non teñen nada que ver co porto. Fálolles de prazas, de parques, que están non a 50, senón a 100, 200, 300 ou 500 metros de calquera instalación portuaria. Non ten ningún sentido.

E isto é algo que non defende unicamente un partido ou outro partido. Os alcaldes dino, algúns máis alto e outros máis baixiño. Os alcaldes son conscientes, e creo que todos os deputados que temos compartido esta conversa con algún alcalde ou alcaldesa somos conscientes de que entenden que non hai ninguén que poida explicar isto. E é unha cuestión probablemente que necesita dunha solución técnica, pero hai unha vontade política que se pode expresar ou non. Dígoo por esta diferenza que ultimamente se fai entre técnica e política. Incluso escoitamos aquí moitas veces que aquí hai moita xente que di que non vén facer política, ¡nun parlamento! Bueno, pois a política está en ter a vontade de reafirmar ou de cambiar algunhas situacións. Nós defendemos cambiar esta. Por suposto que haberá que atopar as solucións técnicas. Para iso están os técnicos. Os políticos están para levala a cabo. Dígoo para cando digan iso de... Escoitei onte algo aterrador sobre que nós en sanidade non tomamos decisións políticas. Permítanme que os corrixa. Cada decisión, en calquera eido que se toma, é política. Pero, bueno, salvando ese debate, xa sei que... Logo, cando chega a antipolítica —o «trumpismo» e VOX—, botamos as mans á cabeza. E hai algúns que levan defendendo a antipolítica tanto tempo. Pero, en fin, ese é outro debate.

Hoxe o que plantexamos aquí é unha cuestión que non é partidista —que ese si pode ser o termo—, senón que é unha cuestión de vontade política. Nós plantexamos isto porque entendemos que o Partido Popular ten esta conciencia de que hai un problema. Tena porque algunha iniciativa neste Parlamento xa rexistrou, moito menos explícita —probablemente porque poida ter outra posición—, moito menos clara —probablemente porque non queira clarificar a súa posición— e que aínda non levou a debate —probablemente porque ten a súa medida dos tempos e de cando a quere levar ou cando non—.

Pero, en todo caso, nós plantexamos isto. Hai terreos en concellos que para os concellos son moi relevantes e que hoxe son de titularidade de Portos, son terreos que non teñen ningunha utilidade portuaria nin marítima e que non se poden utilizar, salvo pagando taxas excesivas,



para a actividade cultural —que lle vén ben ás asociacións culturais—, para a realización de eventos —que vén ben á dinámica económica dos pobos—, ou para eventos deportivos, para actividades administrativas, para actividades de autónomos ou de empresarios, para feiras, para moitas actividades que non se poden utilizar. E é unicamente un problema administrativo.

Están seguindo este debate asociacións culturais que organizan eventos, asociacións deportivas que organizan eventos, e que teñen a ilusión de que o ano que vén poidan volver organizar algunha actividade. E queren non ter que pagar miles de euros que non ganan e que non teñen para desenvolver estas actividades. Pregúntase tamén algunhas asociacións de hostaleiros por que hai hostaleiros que teñen diferentes taxas e diferentes condicións tendo bares a 10 metros un do outro. E é moi difícil de explicar.

Por tanto, ¿que plantexamos? Plantexamos que deamos unha solución, no formato que vexan. Nós defendemos unha. Unha adhesión voluntaria dos concellos, que todos aqueles concellos que crean que algúns deses terreos que están alí os poden utilizar e poden facerse cargo deles, solicítano e dáselles a titularidade. Porque non é que non queiran facer o gasto. Quéreno, pero é que Portos nin sequera deixa facer as cousas. Póñolles dous exemplos —poderíamos poñer moitos—: Cariño ten un centro de saúde practicamente en terreo portuario —e seguramente o Sergas tamén se preguntará por que debe ter que pagarlle taxas a Portos de Galicia por instalar un centro de saúde, cousa que ten pouco sentido—. Póñolles outro exemplo: O Grove. Se alguén coñece O Grove, O Grove ten unha zona de aparcamento e de parque moi grande cerca do mar, onde se fai a Feira do Marisco —moi importante para O Grove—, onde se fan moitas actividades cidadás, onde existe un parque con actividades para rapaces e onde está o propio edificio do Concello. Todo iso é titularidade de Portos. ¿Que pasa cos bares que están alí? Pagan moito menos que os bares do lado por taxas. ¡Problema! ¿Que pasa co Concello do Grove? Que está en terreo portuario, e prométoles que dende alí non se ve o mar. Hai lugares de terreos portuarios onde non se ve o mar. Non ten ningún sentido. Por tanto, nós plantexamos un debate —pódeno chamar técnico, se queren, pero que é en realidade de vontade—, que é que fagamos algo polos nosos concellos.

E permítanme unha última interpretación —non vaia ser—, que é unha cuestión que, en vez de ser técnica, ten bastante política detrás. E é que isto ocorre sobre todo en tres zonas de Galicia: no Salnés, na Costa da Morte e na Mariña lucense. Ocorre practicamente en todos os concellos desa zona. E a curiosidade é que estes problemas que lles pon Portos de Galicia aos alcaldes coinciden con alcaldías que non son do Partido Popular. ¡Curiosidade! (*Aplausos.*) Como esta medida afectaría tamén en positivo a alcaldías que tamén son do Partido Popular, nós entendemos que debería ser boa para todos. E o é.

E nós propoñemos, polo tanto, que se tome en conta esta PNL, que se vote a favor e que poidamos permitirles aos concellos que lles dean facilidades ás asociacións veciñais, culturais e empresariais para desenvolver actividades. E que Portos non sexa unicamente unha entidade que cobra pero só cobra. Porque, a verdade, iso será moi eficiente para o balance contable pero é unha entidade pública, e é bastante pouco eficiente para o balance social, do que debería preocuparse unha entidade pública.

Polo de agora, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rosana Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Bo día, señor presidente.

Señoras e señores deputados, moi bo día.

Bo día, digo, a todos e a todas, señor presidente.

Non era a miña intención pero comezo facéndolle unha pequena matización ao propoñente, ao señor Torrado. E indícolle, señor Torrado, que nesas tres zonas que vostede comentou probablemente a incidencia sexa máis alta respecto das taxas e da Lei de portos. Agora ben, garántolle que hai outras moitas zonas no país que padecen este mesmo problema, empezando pola zona da Barbanza, continuando pola zona de Muros-Noia, a zona de Pontevedra e moitas outras; por non dicir todas as do país. *(Aplausos.)*

Ben, señorías, tradicionalmente a interlocución directa entre Portos de Galiza e os concellos, e tamén cos sectores económicos que se asentan nas zonas portuarias, foi inexistente; ou, por dicilo dun xeito un pouco máis suave, tivo sempre moitas dificultades. Pero nos últimos anos foi aínda moito peor. Esa interlocución pasou directamente a ser imposición, ou incluso, en moitos casos, conflito. A maiores, na Lei de portos de Galiza destaca, máis que calquera outra característica, o seu carácter privatizador, de procura do lucro e, dende logo, a falta de cooperación e beneficio público. Á Xunta de Galiza non lle interesou nin foi quen de manter nos últimos once anos o vínculo que existiu dende sempre entre os portos, as zonas portuarias, os espazos portuarios, e a poboación en xeral —e, en particular, a poboación onde están precisamente ubicados eses portos—. É máis, a Xunta de Galiza negouse en redondo en todo este tempo a que os espazos públicos —as prazas, os parques, as rúas— tivesen algo que ver cos espazos portuarios, cando a realidade é que na inmensa maioría dos casos —por non dicir en todos— hai terreos cuxa titularidade é de Portos mais nada, absolutamente nada, teñen que ver coa actividade pesqueira ou portuaria. Son terreos dos que os concellos precisan facer uso para todo tipo de actividade, e mesmo son os encargados paradoxalmente, ¿verdade?, do seu mantemento, do seu arranxo, do seu acondicionamento ou da súa conservación. Non existiu —cando menos ata o de agora— a mínima cooperación que se sobreentende que debería ser habitual entre as administracións; moi ao contrario, tanto concellos como asociacións e entidades sen ánimo de lucro están obrigados pola propia Lei de portos a soportar taxas absolutamente abusivas pola utilización deses terreos.

Portos de Galiza é o verdadeiro «home de negro» que aturan os concellos ano tras ano. E non só aturan taxas desorbitadas senón tamén un trato absolutamente despótico, *(Aplausos.)* no que se dan casos tan kafkianos como os de non autorizar, por exemplo, un concerto musical nunha praza pública, nun espazo portuario en réxime de concesión administrativa, ao propio concello. É absolutamente incomprensible. É tan sangrante que agora no recente estado de alarma Portos de Galiza, no lugar de poñerse do lado neste caso do sector hostaleiro —ao que



o señor Torrado facía mención— e anular as taxas mentres duren os efectos da pandemia e non se normalice a situación, decide seguir cobrándoas e facer caixa por utilizar un maior espazo para poder manter as distancias de seguridade; taxas por terrazas que —abran os ollos, señores e señoras deputadas— en moitos casos superan ata en dez veces as aplicadas polos propios concellos: 500 euros por 30 metros cadrados; ou, por exemplo, nada máis nin nada menos que 12.500 euros por terrazas cubertas e durante seis meses. Como comprenderán, o malestar do sector por este atraco á man armada —ou desarmada, pero non deixa de ser un atraco— é enorme; e, dende logo, o BNG é partidario de deixar sen efecto o cobro desas taxas de ocupación cando menos ata que se normalice esta situación que estamos a vivir —que non parece que vaia ser pronto—. Cando todos os datos indican o afogamento económico do sector hostaleiro, entre outros, Portos de Galiza segue co trabuco cargado e insensíbel absolutamente á realidade social e económica do noso país.

Señorías, no BNG cremos no uso compatíbel por parte dos concellos co uso portuario, sobre todo tendo en conta que os beneficios que obtén Portos de Galiza polo uso dos seus terreos para calquera actividade non reverten para nada nos propios concellos, e aínda apenas na mellora das instalacións portuarias. Se existe na Xunta de Galiza algún departamento ou algún organismo, dos moitos que dependen dela —de todos eses chiringuitos que hai montados na propia Xunta de Galiza—, se hai algún, dende logo, que destaque por non facer nin deixar facer, ese, señorías, é Portos de Galiza. É absolutamente absurdo e, dende logo, inexplicábel para a maioría dos veciños e veciñas dun concello costeiro —e, por suposto, para a propia Administración local— que a titularidade duns terreos que están perfectamente integrados na trama urbana impida que eses propios terreos sexan útiles, que teñan algunha utilidade, que non se poida facer uso deles e que o simple feito da titularidade impida ou dificulte o seu uso público.

E claro que estamos a favor, señor Torrado, de que esa titularidade dos espazos portuarios, cando non se estean a empregar para actividades estritamente relacionadas co sector pesqueiro, mariñeiro e portuario, reverta nos concellos. O normal nunha lexislación normal, nun país normal, sería efectivamente que xa o contemplase a lei. Pero a Lei 2/2017, de portos de Galiza, non só non o recolle senón que clarísimamente exclúe os concellos de calquera decisión sobre os espazos portuarios. A Lei de portos converteu, vía *Diario Oficial de Galiza*, os portos en auténticas illas urbanísticas dentro dos concellos, obviando eses concellos; e non só obviándoos senón invadindo as súas competencias urbanísticas, que quedan fóra de calquera tipo de actuación sobre o porto e os terreos portuarios. A Lei de portos só os considerou —os concellos— como meros pagadores, como meros contribuíntes, só como suxeitos de recadación cada vez menos vinculados ao mar. ¡Que menos neste momento —xa debería ser moito antes— que considerar que poidan ser titulares dos terreos portuarios que eles mesmos limpan, que eles mesmos manteñen, que eles mesmos acondicionan e que eles mesmos conservan!

E dende o BNG, señor portavoz do PSdeG, cremos que a súa proposta pode aínda incluso ser máis concreta e, polo tanto, tamén cremos que máis áxil e máis fácil de efectivizar. E con ese obxecto presentamos unha emenda que recolle a reversión da titularidade dos terreos portuarios no caso daqueles concellos que xa a solicitasen, para que se faga de oficio por parte da Xunta de Galiza e sen máis dilación. É unha emenda, señor Torrado, que cremos



que mellora —cando menos, un pouco— o texto do acordo e que agardamos que sexa aceptada polo grupo proponente.

Máis nada.

Obrigada, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Bos días.

Grazas, presidente.

Bos días, deputados e deputadas.

Ben, unhas cuestións previas, señor Torrado. En primeiro lugar, non sei se vostede non se entera ou non se fala moito cos membros do PSdeG. E sobre todo non sei se lle soa a vostede un organismo que é a Fegamp. Porque estamos falando dos concellos, estamos falando da representación dos concellos —vostede falou de moitos—, e realmente a Fegamp está xa con coñecemento e con actividade no que vostede pide. É dicir, eu non sei se vostede vén aquí con descoñecemento ou se é omisión —e non sei o que sería máis grave, calquera das dúas—. Porque falou e estivo falando nove minutos e medio sobre que non quere facer vostede partidismo, pero nos últimos trinta segundos quedou clarísimo que isto é totalmente partidista. E vostede vén aquí defender tres comarcas. Pero si é verdade que iso que propón vostede e do que fala —que non sei, insisto, se é descoñecemento ou se é omisión— xa está en marcha, xa o contemplamos no Partido Popular de Galicia no 2016 e xa o levamos no programa electoral —falarei diso—. E xa houbo varias reunións, ademais por petición dos propios concellos que o solicitan, porque é un tema voluntario, para facer esa posible reversión dalgúns terreos que están agora en titularidade de Portos de Galicia e que poderían ser titularidade do concello.

Despois, outra cuestión, e é que pide un procedemento normativo. E, como digo, xa existe o procedemento normativo. En canto un concello solicita a reversión desa titularidade, isto está tramitado nun expediente que está regulado na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, posteriormente tamén sería na Lei 22/1978, de costas de Galicia, modificada o 31 de maio de 2013, e na Lei 5/2011, de patrimonio de Galicia. Porque, como sabe, pola diferenza, polos diferentes espazos que se poden solicitar ou que poden ser titularidade dos portos, isto podería cambiar.

Non é difícil explicalo. Decía vostede que é moi difícil explicalo nos concellos. Non é difícil explicalo, está clarísimo. Ademais, o panorama que se plantexou aquí, que tamén a voceira do Bloque Nacionalista Galego o puxo enriba da mesa, é certo. É a realidade dos concellos



costeiros. A realidade do vínculo de moitos espazos dos portos, da actividade mariñeira, coa actividade social, deportiva e cultural está moi clara. E creo que todos o deputados que estamos neste hemiciclo a coñecemos.

E dígolle, como dicía antes, que o Partido Popular de Galicia afrontou este tema estando no terreo, falando con diferentes alcaldes, co presidente da Fegamp. E estráñame moito que vostede plantexase hoxe isto deste xeito, porque, ademais, agora dáse a casualidade de que o presidente da Fegamp é o alcalde —eu creo— da vila de onde é vostede; polo tanto, puido informalo de todas as reunións que estiveron en marcha.

No 2016 —insisto—, no programa electoral nas eleccións autonómicas —vou ler textualmente—, puxemos: «Promoveremos unha ordenación xeral das zonas de servizo dos portos coa mellora e modernización dos servizos xerais dos mesmos, amais de catalogar e achegar aos concellos os espazos susceptibles de servir para usos urbanos e dedicados á sociedade en xeral». Está na páxina 98 do programa. Hai unha serie de puntos máis dedicados ao vencillo que hai entre o porto e a cidade, e vostede pode lelo. E cumprimos na pasada lexislatura, cumprimos porque, como lle dixen, o grupo de traballo xa está creado. Xa está creado e xa se reuniu. Pero curiosamente reuniuse —como eu o puider falar con algún alcalde— non nesta lexislatura, nin cando foi nomeado o actual presidente da Fegamp, senón na anterior. E creo que a vontade é total por parte da Fegamp en xeral. Por iso eu digo que, se vostede o omite, me parece máis grave aínda que se o descoñece. Entón a vontade é total, e ademais participan tamén a Dirección Xeral de Administración Local e a Secretaría Xeral Técnica de Patrimonio. Non o esquezan, porque en moitas ocasións —falo por exemplo aquí de Cambados e falo dalgunhas zonas— si que están protexidos por Patrimonio. E habería que ter tamén en conta iso.

Tamén se regularon os espazos portuarios para eventos —que tamén era un compromiso que levabamos no 2016— na Resolución do 8 de maio de 2020 pola que se aprobaba o procedemento de autorización de ocupación de dominio público portuario, competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, con destino á realización de espectáculos públicos e actividades recreativas. Está publicado no DOG do 19 de maio de 2020. Outro compromiso cumprido por coñecer a realidade. Nós non cuestionamos para nada todo o que expuxeron aquí das dificultades que pode encontrar ás veces calquera entidade, calquera persoa, que queira realizar un evento, as dificultades ou as complicacións que pode haber nas tramitacións administrativas, de solicitude de prazos e, despois, de cobro de taxas.

Por iso resulta chamativo —insisto— que non saiba nada disto, porque, ademais, por exemplo, na emenda do Bloque Nacionalista Galego xa se constata o que estou dicindo. Porque di que, nos casos nos que e os concellos xa teñan solicitado á entidade Portos de Galicia a reversión da titularidade dos terreos portuarios, procederase de oficio e coa maior brevidade posible. O Bloque Nacionalista Galego xa ten coñecemento de que algún procedemento aberto hai, ou que algunha solicitude xa está feita. Polo tanto, xa ven perfectamente con esta emenda que xa hai iniciados procedementos, que a vontade de Portos e da Xunta é total. Pero tamén ten que existir —insisto— a vontade do concello. Porque vostede puxo un exemplo e eu vou poñer outro. Por exemplo, no concello de Viveiro o único aparcamento gratuito que existe é de posesión de Portos. Dá a opción a Xunta de Galicia e Portos de ofrecerllo ao



concello. E o concello, cun alcalde socialista, non quere eses terreos. Polo tanto, tamén ten que ser vontade do propio concello. E non todos os alcaldes —insisto, non todos os alcaldes— queren esa reversión das titularidades. Por iso digo que a Fegamp, o máximo organismo onde están representados todos os concellos, ten que ter en conta todos os concellos. Porque vostede despois di que non é partidista, pero no último momento meteu a cuña, xa que di que soamente atendemos os concellos do Partido Popular. E iso non é certo.

O grupo de traballo coa Fegamp mantivo a evolución no tempo —xuntanzas en febreiro e maio de 2019— para avaliar a situación e comezar a recadar solicitudes dos concellos sobre os espazos concretos —de momento postuláronse 18 zonas en 16 termos municipais— e fixar parámetros técnicos —como dixo vostede, son importantes os parámetros técnicos e por iso é importante tamén aquí a cuestión de Patrimonio—. E sempre dentro dos límites que fixa a lexislación, unha vez fixados os criterios técnicos que rexen os trámites administrativos, o grupo de traballo comeza a traballar na tramitación das reversións concretas.

E xa que vostedes piden ademais reunións ou negociacións bilaterais, saiban que tamén houbo reunións bilaterais entre alcaldes, entre representantes dos concellos, e Portos de Galicia —ou tamén con técnicos de Portos de Galicia—, para avaliar esa viabilidade e a definición desas áreas, que tamén en moitas ocasións é complicado. Que non nos escape a complexidade administrativa e a lentitude destes trámites, porque non podemos —para quedar ben cun alcalde, ou para quedar ben—, e para dicilo aquí cunha frase que todos entendamos, pois desvestir un santo para vestir outro. En primeiro lugar, temos a legalidade e a responsabilidade á que está sometido Portos de Galicia na xestión dos seus portos autónomos. Porque, dos 122 que existen, 72 xa dispoñen dun documento de planificación portuaria que fai prevalecer —insisto— o solo de uso pesqueiro-náutico sobre o que poden ser outros eventos. Eses DEUP, como se chaman, eses plans de usos, plans de usos portuarios, en ocasións complican moito tamén as modificacións de usos dos diferentes espazos. Polo tanto, cada porto ten o seu plan de usos, e tamén debe terse en conta ese uso que é preva-
lente —que sempre prevalece o pesqueiro e náutico, por suposto—.

Por outra banda, saiban que as taxas dos usos portuarios, que son públicas —esas taxas son públicas—, se aplican por igual tanto aos mariñeiros como á realización de diferentes eventos. Eu tamén pregunto aos concellos do PSOE con taxas públicas municipais, incluso aos concellos do Bloque Nacionalista Galego, o que van facer. Pois, non sei. Vostedes falan na exposición de motivos —o señor Torrado— dunha inxustiza, inxustiza entre titularidade, utilidade, uso e beneficio. E eu dígolle que me parece un pouco vago iso que vostede puxo, porque ¿é por parte de todas as administracións a inxustiza?, ¿de todos os entes, dos portos estatais, tamén dos concellos? ¿Todos son inxustos, todas as taxas son inxustas? Non me parece que sexa axeitado. E lembro que durante o período de pandemia se conxelaron e se deixaron de cobrar esas taxas estando incluso os portos en marcha e a actividade funcionando. Por suposto que iso si que é de xustiza.

De todos os xeitos, e falando do proceso de reversión —que xa dixen que son lentos e complexos—, existen procesos de cesión de espazos portuarios de Costas iniciados no 2018 e antes. Eu tamén teño aquí e tamén fago referencia na miña intervención a Bares, a Porto do Son —que os iniciaron no 16—; a Ponteceso e Cariño —vostede fixo tamén referencia a Cariño—, dende 2003



e 2006 respectivamente; e, como dicía, con voluntariedade do propio concello, con vontade tamén por parte da Xunta de Galicia e de Portos de Galicia. Polo tanto, creo que neste caso, señor Torrado, este debate puidemos aforralo. Eu creo que está ben que falemos e que cheguemos a un acordo, pero pola nosa parte non houbo nunca dúbida de apoiar esta iniciativa, porque non di, non aporta, nada novo. Non insta a Xunta para nada novo que non se estea facendo; e incluso coa propia engádegas da emenda do Bloque Nacionalista Galego, que hai que dicir que di «de oficio» e «coa maior brevidade posible». E, como digo eu, sempre dentro das posibilidades legais que haxa pero sempre con vontade, de verdade que a Xunta de Galicia e Portos de Galicia teñen toda a vontade de que, se o concello require ese terreo e quere que a titularidade pase ou reverta para a titularidade do concello, non habería problema. Pero insisto en que hai concellos que non queren eses terreos portuarios.

Polo tanto, nós apoiaremos a iniciativa. Insisto en que non temos nada que instar, nada novo. E oxalá todos os concellos costeiros que desexen eses terreos poidan conseguilos e xestionalos, se vostedes cren que o farían mellor que Portos de Galicia.

Por certo, hai unha complicación máis neste caso nos concellos costeiros —xa remato, presidente— coa tramitación da Lei de cambio climático, que dicían tamén que ía ser unha lei de consenso máximo e á que presentaron 758 emendas, ¡758 emendas! Ata o PSOE e Podemos presentaron emendas —24—, e non vimos ningunha do PSdeG —faltando un pouco á súa palabra, porque dixeron que a ían emendar—. E iso vai afectar a preto de cinco mil edificacións nos concellos costeiros de Galicia. Iso tamén hai que telo en conta porque é un factor máis que entra neste tema da reversión de terreos de competencia de Portos e de Costas en Galicia.

Pola miña banda, nada máis.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Eu ás veces creo que no Partido Popular teñen unha especie de aposta para ver se son capaces de coar un determinado tema en todas as iniciativas, como se dixesen entre vostedes: «Dá igual do que vaia o tema. Hai que falar disto». E se o fan —que non sei se o fan, señora Egerique—, vostede gaña sempre; porque de verdade que consegue meter sempre algún tema —que está ben que o meta, paréceme ben—.

Queremos agradecer o apoio do Bloque Nacionalista Galego, e entendín que tamén o do Partido Popular, o cal é interesante. Desde o noso punto de vista imos explicar por que a iniciativa é realmente interesante e por que non tiñamos nada como isto. Aínda que teño a sensación, pola intervención do Partido Popular, que se vai aprobar pero para facer outra cousa.



Pero, ben, aceptamos a emenda. Cremos que en realidade vai implícita na iniciativa. Pero, para ser máis explícitos, está ben aceptala. E por suposto que non diciamos que eran os únicos territorios. A señora Pérez creo que é da Pobra, se non me equivoco, que tamén ten especificamente un problema e que ademais algunha das partes dos terreos nesta situación tamén foron resoltos noutro proceso.

Sobre a necesidade deste tema e por que é, vou dicir, falaz —por non dicir que é mentira— que a Xunta estea nisto, primeiro, ¿por que, se en 2016 traballaban nisto, en 2017 a Lei de portos non o di —que non o di—? ¿Por que en 2018 a esta iniciativa igual —que a defendeu, creo recordar, o señor Fernández Prado na Comisión 8ª por parte do Partido Popular— o PP votou en contra? (*Murmurios.*) En 2016 xa estaban de acordo pero en 2018 votaron en contra. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, estáballe dicindo o señor Fernández Prado que si. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Votaron en contra, entón... E, para ser un pouco máis explícitos, vou apelar directamente á estrita literalidade do Partido Popular. Porque, se teñen tan claro que isto é o que vostedes queren, onde di, efectivamente, que é voluntaria —díu aquí a iniciativa— e onde di, non que exista unha solicitude —que xa verá Portos que fai con ela— senón que os concellos poidan reclamalo de maneira voluntaria, ¡voluntaria! —os que queren, si; e os que non queren, non—... Pero, se os concellos os reclaman, que llelos concedan. Iso é o que estamos pedindo e ao que vostedes queren dicir que si pero non aproban. Porque vou ler e voules pedir un pouco de atención —o Partido Popular xa o sabe porque a rexistrou—, porque é realmente a claridade que di que ten o PP sobre este tema, que di que está clarísima a súa posición. Vou ler a iniciativa que rexistraron hai dous meses. Se a rexistraron para instar a Xunta, é que non estaba feito. Porque, seguindo algunhas instrucións parlamentarias do señor Puy de onte, se a rexistraron para pedirlle algo á Xunta, é que non estaba feito. Empecemos por aí. E imos ver o que pide —vou tardar un pouco pero non ten ningún punto e seguido, así que vou ver se non afogo—:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a complementar as actuacións nos espazos portuarios de cara a adecualos á súa plena operatividade e mellorar a eficiencia e o seu aproveitamento en relación coas zonas urbanas nas que se asentán, para o que se promoverá unha ordenación xeral das zonas de servizo dos portos coa mellora e modernización dos servizos xerais dos mesmos, ademais de catalogar e achegar aos concellos os espazos susceptibles de servir para usos urbanos e dedicalos á sociedade en xeral e avanzar cara á aprobación do plan de equipamentos portuarios que deberá dar resposta ás necesidades de elementos loxísticos e de servizo, así como a impulsar un plan de dragados dos portos autonómicos».

¡Clarísimo! ¡Clarísimo! Téñeno clarísimo. Se é capaz de volver escribilo sen ler isto, eu afíliome ao Partido Popular. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É que estou por lelo outra vez, é fantástico. (*Fortes murmurios.*) Non me queren. ¡Grazas, grazas! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Grazas, grazas! Dicia un mestre meu que te definen máis os teus rivais que os teus amigos. ¡Grazas, grazas!

Dígoo porque, se o teñen tan claro, a ver se alguén me pode explicar isto. E vouno ler outra vez:

«Complementar as actuacións nos espazos portuarios de cara a adecualos á súa plena operatividade e mellorar a eficiencia e o seu aproveitamento en relación coas zonas urbanas



nas que se asentán...». En fin, isto é unha patraña. Se o tiñan claro, non teñen que rexistrar nada. Se o teñen claro, puxéranos na lei. Se o teñen claro, votaran a favor no 2018. ¡Non o queren facer! E está ben, é lexítimo non querer facelo, ¡faltaría máis! O problema está en que vostedes falan e prometen. Prometen moi ben e cumpren moi mal. E a cuestión está en que vostedes queren ter institucións como Portos de Galicia para cobrarlles aos concellos. Por certo, eu non vou falar por ningunha institución. Vostede si. Pero, a verdade, igual si que é certo que coñezo o que pensa algunha institución porque o di publicamente. Deberían preguntar. Por certo, xa que está o señor presidente, ¿por que o Cecop non se reúne desde o 12 de xullo? Debe ser que a partir do 12 de xullo lles importou ben pouco o que pintan os concellos. Tamén, tamén é certo. Pero, en fin, imos deixar iso, que estamos a outros cousas.

En realidade, se os concellos queren e a Xunta di que quere, ¿cal é o problema? Porque hai moitísimas solicitudes destes terreos, moitísimas, que se negan. ¿Por que? Porque a Xunta non quere. E ¿por que non quere? Porque quere cobrar, cobrar e cobrar.

Así que, ademais de felicitar a señora Egerique —se é que gaña esa aposta na que sempre meten un tema, coma se nós quixeramos falar sempre de Ana de Bande, que por aí non vai o tema—, se vostedes queren falar das mesmas cousas, ben, pero se queren facer as cousas, voten a favor e, sobre todo —é moi importante—, despois de votar a favor, fágano. Porque é bastante obsceno que neste parlamento o PP vote a favor de cousas e que logo non as faga, que iso é bastante ridículo.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Imos comezar coas votacións das proposicións non de lei.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Pedro Puy, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España dos cambios normativos necesarios para a lexislación orgánica en materia de saúde pública para poder actuar ante a pandemia da covid-19 con plenas garantías de seguridade xurídica.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Corina Porro Martínez e trece deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España dos cambios normativos necesarios para a lexislación orgánica en materia de saúde pública para poder actuar ante a pandemia da covid-19 con plenas garantías e seguridade xurídica

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; abstencións, 31.

O resultado da votación é positivo.



En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Respecto do debate de xeito acumulado en relación co tema dos ferrocarrís, temos unha transacción sobre as dúas proposicións non de lei.

Leo o texto sobre o que chegaron a acordo os grupos, e que di así:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia para demandar do Goberno de España que:

1. Restableza todos os servizos de tren que foron suprimidos amparándose na pandemia provocada pola covid-19 tanto no que ten que ver coas conexións interiores na propia comunidade galega como coas conexións de Galicia con outras comunidades autónomas, nomeadamente coas cidades de Barcelona e Madrid, ofrecendo servizos acordos co incremento da demanda por parte dos usuarios.
2. Incremente o cadro de persoal de maquinistas e dote de persoal necesario os servizos ferroviarios que se prestan nestas liñas co obxectivo de ofrecer un transporte de tren de calidade aos usuarios.
3. Un plan extraordinario de investimentos para a modernización e mellora da rede ferroviaria galega que inclúa con carácter prioritario as seguintes liñas: Ourense-Lugo, Lugo-A Coruña-Ferrol, A Coruña-Ferrol, Ferrol-Ribadeo, Vigo-Ourense, Vigo-Porto.»

Votamos, a ver se se cumpre.

Votación do texto transaccionado sobre a Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Candia López e catorce deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que se restablezan todos os servizos de tren que foron suprimidos amparándose na pandemia provocada pola covid-19, tanto nas conexións interiores na propia comunidade galega como nas conexións de Galicia con outras comunidades autónomas, e para que se lles poida ofrecer un transporte de tren de calidade aos usuarios, e sobre a Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos servizos ferroviarios suprimidos con motivo do estado de alarma e a modernización e mellora da rede ferroviaria de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo en materia ferroviaria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e tres deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co previsible inicio das competicións deportivas federadas non profesionais en Galicia e as exixencias sanitarias derivadas da covid-19.



Foron aceptadas as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e estaba pendente unha transacción co Grupo Parlamentario Popular. Non sei se se chegou a un acordo. Eu non a teño, a min non ma fixeron chegar. *(Pausa.)* Está aquí, perdón. Fanma chegar agora.

A transacción di:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para:

-Aprobar unha liña específica de subvencións dirixida a clubs federados de ámbito autonómico para facer fronte ás exixencias sanitarias derivadas da covid-19.

-Dirixirse ao Consello Superior de Deportes para que posibilite os mecanismos de axuda e financiamento para o sector deportivo non profesional de ámbito estatal.»

Votación do texto transaccionado sobre a Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co previsible inicio das competicións deportivas federadas non profesionais en Galicia e as exixencias sanitarias derivadas da covid-19.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto transaccionado.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que foi defendida polo deputado Daniel Castro, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa situación de Alcoa en San Cibrao, a aprobación dun estatuto do consumidor electrointensivo e a creación dunha tarifa eléctrica galega.

En concreto, o texto sería a proposta do BNG, que segue igual, cos tres puntos, e despois faríase unha votación por puntos coa inclusión dun cuarto punto que se corresponde coa emenda do Grupo Parlamentario Popular.

¿Están de acordo con isto? *(Pausa.)*

Votamos primeiro o punto primeiro da proposta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. *(Pausa para aclarar os termos da votación.)*

Logo do acordo, a cousa queda como estaba. *(Risos.) (Murmurios.)* É un acordo. Non é menor.

Repetimos. O acordo é que se votan os tres puntos da proposta do Bloque Nacionalista Galego, e que se engade un cuarto punto que votamos tamén por separado, que é a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Entón comezamos votando o primeiro punto da proposta do Grupo do Bloque Nacionalista Galego.



Votación do punto primeiro do texto transaccionado sobre a Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa situación de Alcoa en San Cibrao, a aprobación dun estatuto do consumidor electrointensivo e a creación dunha tarifa eléctrica galega.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 39; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto primeiro deste texto.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o punto segundo da proposta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

Votación do segundo punto do texto transaccionado sobre a Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa situación de Alcoa en San Cibrao, a aprobación dun estatuto do consumidor electrointensivo e a creación dunha tarifa eléctrica galega.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o segundo punto deste texto.

O señor PRESIDENTE: *Votamos o terceiro punto desta proposta do Bloque Nacionalista Galego.*

Votación do terceiro punto do texto transaccionado sobre a Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa situación de Alcoa en San Cibrao, a aprobación dun estatuto do consumidor electrointensivo e a creación dunha tarifa eléctrica galega.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 53.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto terceiro deste texto.

O señor PRESIDENTE: *Agora, por último, votamos o punto cuarto, que é a emenda do Grupo Parlamentario Popular.*

Votamos.



Votación do cuarto punto do texto transaccionado sobre a Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa situación de Alcoa en San Cibrao, a aprobación dun estatuto do consumidor electrointensivo e a creación dunha tarifa eléctrica galega.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o cuarto punto deste texto.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de don Julio Torrado. Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que se acepta.*

Votación do texto transaccionado sobre a Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de posibilitar a reversión aos concellos da titularidade dos terreos portuarios, cando o seu uso para fins relacionados co porto sexa residual ou inexistente e sexan susceptibles de utilización municipal.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto transaccionado.

O señor PRESIDENTE: *Remataron as votacións.*

Continuamos coa orde do día no punto quinto, de interpelacións.

Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa distribución das transferencias non finalistas aos concellos

O señor PRESIDENTE: *Para formular a interpelación ten a palabra o señor Bará.*

O señor BARÁ TORRES: *Señor Rueda, vexo que está vivindo vostede momentos eternos, momentos de meditación e de elevación zen. Espero que lle dean fortaleza para afrontar esta situación, pero que en todo caso non sexa tamén eterna a resposta a todas estas cuestións que lle imos propoñer aquí, que son, como sabe vostede, demandas que ademais lle trasladaron reiteradamente desde a Fegamp todos os grupos políticos que forman parte desta entidade representativa dos concellos galegos.*

E eu o que quero, en primeiro lugar, é precisamente facer un recoñecemento nesta Cámara aos concellos deste país polo seu labor absolutamente fundamental para facerlle fronte á



pandemia, á crise sanitaria e ás súas consecuencias tamén no ámbito económico e social; polo enorme esforzo de alcaldes, de alcaldesas, de corporacións de todos os signos políticos para, sobre todo, facerlle fronte á enorme emerxencia social que se está producindo nos concellos deste país, con xente que non ten para comer, que está acudindo aos concellos e tamén aos bancos de alimentos. Os que están dando resposta en primeira liña, en primeira fronte de choque, están sendo os concellos galegos. Polo tanto, vaia o noso recoñecemento, o noso respecto e a nosa gratitude polo seu enorme esforzo.

Ademais, hai que ter en conta que os nosos concellos veñen xa desde hai moito tempo sufrindo, como sabe vostede, unha grave situación financeira, unha delicada situación. En parte, está causada pola transferencia de competencias que lles fixo a Xunta de Galiza como consecuencia da aprobación de diversas leis —algunhas delas promovidas polo seu departamento—; e ademais, neste últimos tempos, polas obrigas, polas imposicións, tamén do Goberno galego para que lles fagan fronte a gastos extraordinarios derivados da pandemia —como por exemplo os gastos de limpeza e desinfección de centros escolares—.

E o primeiro que lle quero preguntar hoxe aquí, señor Rueda, é se a Xunta de Galiza —como lle pediron na reunión que tiveron recentemente coa dirección da Fegamp— vai colaborar cos concellos para facer fronte a estes gastos que agora teñen que asumir en solitario as corporacións locais.

Tamén saberá vostede que este luns a comisión executiva da Fegamp acaba de pedirilles, tanto ao Goberno do Estado como ao da Xunta de Galiza, que colaboren, xa que reciben fondos extraordinarios —porque este é o paradoxo— tanto o Estado como a Xunta de Galiza. E aquí quen non reciben fondos extraordinarios son os concellos. Non sei se isto lle parece ben. En todo caso, nós pensamos que hai que mudar esta situación e que a Xunta de Galiza se ten que poñer do lado dos concellos diante deste grave drama —tamén orzamentario— que están sufrindo.

Ademais chove sobre mollado, porque vostede tamén sabe, sabemos, que desde hai moitos anos os concellos sofren un sistema de financiamento no Estado que é absolutamente discriminatorio e inxusto para os concellos galegos, que reciben 50 euros de media por habitante e ano menos que a media estatal. Esta discriminación é especialmente grave no caso das cidades galegas, pero aféctalles por igual a todos os concellos. E, segundo os cálculos que fixo a propia Fegamp, estaríamos falando nos últimos quince anos de máis de dous mil millóns de euros que deixaron de ingresar os concellos galegos por este sistema discriminatorio.

Non sei o que lle parece a vostede. Aquí chegamos a acordos para cambiar este sistema, pero a realidade é que nestes quince anos gobernaron vostedes no Estado, gobernou o Partido Socialista e seguimos sufrindo este sistema inxusto e discriminatorio. E non sei, señor Rueda, como lle chama vostede, pero nós no BNG chamámoslle expropiación, roubo, espolio, esquilar recursos que lles corresponden por xustiza aos cidadáns, ás persoas, que viven neste país. (Aplausos.) E non hai dereito.

Os concellos, ademais, tamén foron maltratados por acordos e por lexislación inxusta aprobada nos últimos anos, como a Lei de estabilidade orzamentaria, a Lei Montoro. Por certo,



vostede facía unhas declaracións no mes de agosto pedindo anular a Lei Montoro. E non sei que lle pareceu a votación de onte do Partido Popular no Congreso dos Deputados, que non apoiou a suspensión da regra de gasto para que, polo tanto, puidesen os concellos facer uso deses máis de 900 millóns de euros dos concellos galegos que son tan necesarios para facerlles fronte a todas esas emerxencias. Vostedes non apoiaron esta decisión. E non sei se vostede cambiou de opinión ou cambiou o Partido Popular en Madrid, ou se o que fan vostedes é actuar teledirixidos dende Xénova, como acontece habitualmente, e din «si bwana» a todo o que mandan dende alí.

Señor Rueda, os concellos galegos tamén foron nestes anos maltratados e ninguneados pola Xunta de Galiza do Partido Popular. Está aí o Pacto local do 2006, están anos de reunións infrutuosas da Comisión de Cooperación Local, que non deu ningún resultado en todos os temas que están abertos. Estivo sete anos sen reunirse, ¡xa me dirá!, dende o 2010 ao 2017, e é responsabilidade súa a cooperación local, como vicepresidente e conselleiro de Presidencia. Non lle vou falar tampouco do Pacto local da auga, que xa nolo venderon tantas veces que acabou en papel mollado, ¡nada de nada! Agora sacan da manga, nesta última reunión, nos últimos tempos, que van facer outro proxecto, que xa para advertir por onde van os tiros lle chaman «Sogama da auga» —xa buscando amigos no Partido Popular—.

Os concellos, a través da Fegamp, fixeron propostas concretas ás que nós queremos que nos dea resposta aquí. Esta interpelación é para que nos dea respostas ás propostas acordadas e consensuadas por todos os concellos galegos.

Primeiro, ¿son vostedes partidarios de que se aprobe unha lei de facendas locais, como propuxo de maneira consensuada a Fegamp?

Segundo, ¿defenden vostedes tamén unha lei de regulación da participación nos ingresos da Comunidade Autónoma que fixe criterios obxectivos de repartición e integración das transferencias e subvencións no Fondo de Cooperación Local para que non haxa arbitrariedades?

¿Que lles parece a vostedes modificar os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental de maneira que os seus fondos se distribúan integramente entre os concellos —e, se non é integramente, non con esta confiscación que fan vostedes deses fondos que lles deberían corresponder maioritariamente aos concellos—? E póñolle o exemplo de Mazaricos: recadan 700.000 e ao concello danlle 200.000. E é o concello que ten o impacto directo deses parques eólicos que están no seu territorio.

Tamén pide a Fegamp criterios de repartición de fondos e axudas económicas aos concellos con publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. E non estaría de máis facer tamén, como propuxo a Fegamp, unha aplicación que nos permita visualizar o diñeiro transferido aos concellos ao longo de todos estes anos. Seguro que a vostedes non lles gusta esta medida, porque ía sacarlles as cores polo uso absolutamente e vergoñentamente partidista que fan dos fondos públicos, con criterios partidistas e sectarios de repartición do diñeiro público; unha repartición discriminatoria e antidemocrática, porque eses cartos, señor Rueda, non son seus, non son do Partido Popular, é diñeiro público, diñeiro de todos os galegos e galegas, e débese repartir con criterios obxectivos.



E vostede é o principal responsable desta situación de discriminación, deste *modus operandi*. Porque, claro, vaime falar vostede do Fondo de Cooperación Local, vaime dicir que o aumentaron nos últimos anos. Pero nós queremos falarlle das convocatorias de subvencións, de que se eliminen as que non sexan necesarias e que se transfira ese diñeiro ao Fondo de Cooperación Local; e, sobre todo, de que acaben con ese procedemento absolutamente perverso e antidemocrático dos convenios asinados a dedo con concellos do Partido Popular.

E pódolle falar aí dun ránking e do medalleiro se podemos chegar a ese nivel de debate. No primeiro posto está a Consellería de Medio Ambiente —desde logo xa aprendeu as mañas a conselleira cando estaba en Medio Rural—. É absolutamente escandaloso, e teño aquí os datos, de como «palean» literalmente centos de millóns fóra do Fondo de Cooperación Local e fóra das convocatorias abertas, transparentes e obxectivas para darlles a dedo diñeiro a concellos do Partido Popular.

Pódolle falar da Axencia Galega de Infraestruturas, pódolle falar de Augas de Galicia, pódolle falar da Consellería do Medio Rural, pódolle falar do Plan Hurbe. É absolutamente indecente, é absolutamente escandaloso, como vostedes sistematicamente —e ademais teñen a obriga de publicalo no DOG— fan eses convenios exclusivamente, ou maioritariamente, de forma escandalosamente maioritaria, con concellos do Partido Popular. Isto non pode ser, señor Rueda, hai que acabar con estas prácticas.

E ten vostede, ademais, o exemplo nas deputacións —por certo, noite e día entre Ourense e as demais deputacións, que foron avanzando cara a un criterio obxectivo de repartición cos fondos dos concellos, cos fondos únicos dos concellos—. Desde logo, quen avanzou máis foi a Deputación da Coruña, que pode ser tamén un exemplo a seguir para o Goberno da Xunta. E o mesmo fixeron as deputacións de Pontevedra e a de Lugo. A única que non o fixo foi a Deputación de Ourense, que reparte con criterios obxectivos menos do 10 % dos fondos que xestiona, e o resto son para os amigos e as amigas do Partido Popular. Isto non é decente, isto non é democrático e isto non se pode consentir.

Polo tanto, señor Rueda, quero facerlle unha pregunta concreta para rematar: ¿cando van acabar vostedes con estas prácticas fraudulentas e clientelares de repartición de fondos públicos, que son diñeiro de todos e de todas e que non se poden utilizar para beneficiar concellos e, polo tanto, para discriminar as persoas que non viven en concellos onde non goberna o Partido Popular?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

O señor PRESIDENTE: Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.



Señorías.

Señor Bará, antes que nada e no mesmo bo ton no que vostede o dixo e empezou a súa a intervención, eu dígoille tamén que moitas grazas por seguirme en redes sociais —supoño que se referirá a unha fotografía que publiquei o outro día nunha conta persoal dunha excursión con familia e amigos—. Eu recomendaríalle que lles dedique máis tempo á familia e aos amigos. Non todo é política nesta vida, e ao mellor ve as cousas doutra maneira. É unha práctica moi saudable que eu lle recomendaría, pois creo que, polo que di, non o fai o suficiente. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Vostede mesturou un pouco. A verdade é que fai na interpelación catro preguntas concretas. Despois mesturouno e acabou, ademais, poñendo exemplos aos que vou intentar entre a miña primeira intervención e a réplica contestalos. Porque, en fin, que vostede me poña como exemplo de repartición obxectiva de subvencións —probablemente por cercanía, aínda que sexa por cercanía xeográfica e porque coñecemos os nomes desa corporación— a Deputación de Pontevedra... Por moito que repita o de repartición obxectiva de subvencións, eu voulle dar unhas cifras, porque de verdade que, se ese é o seu modelo, dende logo non é o noso. Entón, se está repetindo todo o día que a repartición que fai a Deputación de Pontevedra é unha repartición obxectiva —insisto, o caso que mellor podemos coñecer, ao mellor podíamos falar doutros—, é que non entendo nada do que vostede me quere plantexar. En realidade plantéxame cousas que, efectivamente, se veñen poñendo enriba da mesa entre os diferentes órganos de goberno, entre a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Xunta de Galicia. É certo que eu levo uns cantos anos tendo a responsabilidade de levar as relacións cos concellos dende a Xunta de Galicia, e eu creo que se chegou a bastantes acordos, sinceramente, con independencia —que non era unha boa cousa e así o dixemos, e empezouse a reunir con máis regularidade dende hai tres anos—..., con independencia de que houbera ou non reunións da Comisión Galega de Cooperación Local —e insisto en que é bo que as haxa, pero tamén é certo que é necesaria a vontade polas dúas partes, non só por parte da Xunta de Galicia—. E na planificación e proposta de asuntos creo que, con diferentes federacións galegas de municipios e provincias —que cambian, como saben, cada vez que hai eleccións municipais—, se chegou a acordos e tivemos boas relacións. Houbo —e hai, contando o actual— catro presidentes da Fegamp, dous do Partido Popular, dous do Partido Socialista, e creo sinceramente que fomos chegando a acordos no que se podía chegar. Porque, claro, hai outras cousas que vostede plantexa na interpelación que son complicadas e non temos un marco xeral. Vostede mesmo recordaba o acordo que tomou onte a Fegamp, que tomaron todos os grupos políticos, no que se lles pedía unha serie de cousas ao Goberno do Estado e á Xunta de Galicia.

Mire, a verdade é que incluso o que se lle pide á Xunta de Galicia, e que vostede formula na súa interpelación, depende moito do que poidamos acordar co Goberno do Estado. E é que é moi difícil falar de criterios de distribución de fondos da Xunta de Galicia cara aos concellos, fondos que recibe en gran parte tamén do Estado, sen antes saber cal é o marco xeral. ¡Oia!, é que nos anos que eu levo hai moita diferenza entre os primeiros anos e estes últimos á hora de ter unha relación co Ministerio de Facenda —ou con quen teña as competencias en cada momento da Administración central— para que nos diga cal é o marco. Non hai interlocución, e ao final chegamos ao desbaraxuste absoluto que vimos nestes últimos meses co



tema dos remanentes. ¡Oia!, cun goberno que ten as dúbidas que tivo o actual Goberno socialista do señor Sánchez á hora de falar de relacións económicas e financeiras cos concellos ata chegar a esa votación, a esa perda histórica —que ata vostedes mesmos tiveron que recoñecer que así non podía ser—, respecto dos remanentes, claro, empezar a preguntar cal é o marco para despois fixalo nosoutros non é nada sinxelo. E, aínda así, a esa pregunta concreta que me fai, se nós estamos de acordo en que os concellos tamén reciban, igual que o están recibindo as comunidades autónomas —non na contía nin nos prazos nin coa celeridade á que se comprometeu inicialmente o Goberno central—, se o plantexamento é que os concellos reciban tamén fondos da Administración central para loitar contra a covid e para facer fronte aos gastos que están tendo, ¡por suposto! E apoiarémolos nesa petición, xa llelo dixemos nesa reunión da Fegamp á que vostede se referiu. Loxicamente, o que non podemos admitir é ese plantexamento tan cómodo para o Estado, que supoño que vostedes tampouco apoiarán. É que, non, eles dánnolo a nós. E despois, se o queremos repartir, ¡alá nós! Aínda sabendo que o que nos dan —dito por eles mesmos— é exclusivamente para financiar os gastos que estamos tendo as comunidades autónomas —que temos, ao final, as competencias exclusivas nunha serie de materias que están supoñendo durante a pandemia uns gastos moi grandes—. Bueno, se o queremos repartir, ben. Entón xa parten da base de que non sería suficiente para nós pero que, aínda así, se o queremos repartir... Non, non, señor Bará, supoño que vostede estará de acordo con que isto non se pode facer así.

E por suposto a ver se os concellos, a Fegamp en Galicia e a Femp a nivel nacional —a ver se esta vez o señor Caballero consegue acertar na súa proposta— son capaces de conseguir que tamén se lles distribúan fondos dende o Estado, eses fondos extraordinarios. Por suposto que apoiamos iso, non teña ningunha dúbida; eu creo que non a ten a Fegamp e non deberían tela vostedes.

Respecto doutras cousas, volvo dicirle que necesitamos un marco xeral do Estado. Mire, resúltame moi curioso que vostede plantexe todas estas cuestións, que me parecen moi necesarias, sobre todo, o cambio de criterio de distribución dos fondos que se reciben —que agora mesmo está claramente prexudicando os concellos galegos porque non se teñen en conta nin a dispersión poboacional, nin o envellecemento nin unha serie de factores que encarecen os servizos—, e, en cambio, no acordo que plantexaron vostedes, que firmaron e do que tantas veces temos falado aquí e que aínda está por ver o mínimo desenvolvemento, non lle dedican unha soa liña a plantexar todos estes temas. Se era a gran oportunidade darlle a volta a ese acordo histórico, pois é o sitio, o momento e o lugar para tamén dicirle ao Goberno central que cambiase todo este sistema de distribución. Nós xa o levamos plantexando dende a Xunta de Galicia dende o principio. Non o conseguimos. Vostedes tiñan unha oportunidade de ouro e, ¡oh, casualidade!, esquecelles, ou non era un tema importante, ou non era dos que había que poñer, ou xa sabían que non lles ían facer caso. Pero no pacto que teñen vostedes, bueno, eu creo que iso nunca tivo... Ao mellor era o momento tamén de... (*Pronúnciense palabras que non se perciben.*) Xa sei que o que me interpela é vostede, pero estamos falando deste tema e a min gustaríame saber, como Goberno da Xunta de Galicia, por que vostedes, que tanto presumen desa capacidade de influencia co Goberno central —insisto, non demostrada en absoluto ata o de agora—, non puxeron nese pacto que había que cambiar os criterios. Probablemente aínda que os puxeran, como non houbo, xa digo, ningunha interlocución durante todo este tempo nesa materia, non terían conseguido absolutamente nada.



Pero estaría ben, e así fariamos forza entre todos e así o conseguiríamos. Nós, desde logo, na escena das nosas competencias imos seguir avanzando nestas materias.

Mire, a inmensa maioría do financiamento que vai da Xunta aos concellos é, primeiro, o financiamento incondicionado a través do Fondo de Cooperación Local. Son moitos. Xa imos por máis de mil millóns de euros nestes últimos dez anos, e é do que nos toca dar conta a nós, do Fondo de Cooperación Local, financiamento incondicionado. Mantemos, ademais, en momentos moi difíciles unha contía moi superior a outras comunidades autónomas con moito máis orzamento. Agora mesmo somos a quinta, e hai que meter aí o País Vasco e Navarra, que teñen un sistema de financiamento que non debería nin ser comparable co noso. Pero, ¡oia!, estamos ao nivel de Cataluña no que transferimos aos concellos de xeito incondicionado.

Despois hai ata uns 450 millóns que van todos os anos en diferentes transferencias aos concellos. ¡Oia!, pois ao redor do 80 % distribúese ou de forma finalista a través do fondo ou de xeito absolutamente obxectivo a través de subvencións —case todas de concorrencia competitiva e algunhas, por unha serie de cuestións sempre explicables, por un sistema de concorrencia non competitiva—. Pero nada, por moito que repitan ese mantra de que hai moitísimos cartos por convenios e hai moi poucos cartos por concorrencia competitiva, non é así. E os números están aí para demostralo.

Por suposto que hai que axustar, si. E xa sei que a Fegamp repetidamente —non agora esta nova directiva, senón as anteriores— pedía sempre nas reunións que tiñamos con eles que moitos dos cartos que se reparten por subvención se meteran no Fondo de Cooperación Local e fosen incondicionados. ¡Oia!, nós sempre dixemos que estabamos de acordo, pero, se lles pregunta aos seus compañeiros concelleiros na Fegamp, tamén lle dirán que nunca foi posible determinalo cando chegabamos a esa fase de concreción, á de dicir —das subvencións que reparte a Xunta de Galicia— cales deberían desaparecer e integrarse no fondo incondicionado. Nunca fomos capaces de chegar a un acordo porque sempre había algúns concellos que dicían que si, outros que dicían que non, e, ao final, iso non se podía concretar. O novo presidente da Fegamp —igual que os anteriores— poderalle dicir que a Xunta de Galicia sempre dixo «si, identifíquenos esas subvencións, que haxa un acordo xeral na Fegamp sobre que xa non se deben repartir máis mediante ordes e que vaian ao fondo, e entón a Xunta de Galicia non terá ningún problema».

Ben, queda unha segunda réplica. Pero, señor Bará, creo que avanzamos bastante durante estes anos en financiamento. Estou totalmente de acordo con que nunca vai ser dabondo o financiamento que reciban os concellos, porque ademais está o tema das competencias propias e impropias. Por certo, por fin chegamos a un acordo para facer un estudo independente co que sería propio e o que é impropio, co que se está financiando en cada administración e que debería financiar outra. ¡Home!, eu creo que houbo avances importantes. O Fondo de Cooperación Local é unha conquista da que todos nos temos que sentir moi orgullosos.

E, dende logo, nin moitísimo menos hai o sectarismo que vostede denuncia nin a porcentaxe de cartos que se distribúen por un sistema que non sexa o de concorrencia competitiva. Non é así en absoluto. E na segunda parte da réplica, se quere, podemos falar de exemplos concretos.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Réplica do señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Pois imos falar de casos concretos, señor Rueda, sen ningún problema. Pero, en primeiro lugar, quero dicirle que vostedes están recibindo fondos do Estado para determinados gastos extraordinarios e os concellos non están vendo un can, non están vendo nin un euro. (*Aplausos.*) E iso non é xusto, señor Rueda, porque están asumindo competencias que non lle corresponden. Están asumindo competencias en limpeza e desinfección extraordinaria, por exemplo, que é moitísimo diñeiro que non lles corresponde.

E, claro, di vostede que sufrimos un sistema discriminatorio na repartición do financiamento dos concellos e que o BNG non fixo nada cun deputado que temos en Madrid. Pero, claro, é que vostedes estiveron oito anos gobernando con maioría absoluta no Goberno do Estado, (*Aplausos.*) e tiveron a oportunidade de cambiar este sistema inxusto. (*Aplausos.*) ¿Que estiveron facendo? (*Aplausos.*) A culpa é dun deputado do BNG. Vostedes estiveron gobernando con maioría absoluta e non resolveron este problema. ¡Pero de que me está falando, señor Rueda!

Mire, ningún problema en falarlle das deputacións. ¡Encantado! Teño aquí, ademais, os datos. (*O señor Bará Torres amosa un papel desde o estrado.*) E ademais falei moitas veces con concellos, con gobernos e con alcaldes e alcaldesas do Partido Popular que están encantados porque reciben agora moito máis do que recibían antes, porque se destina moito máis diñeiro ao Plan concellos do que se destinaba antes. Teño aquí os datos, por exemplo, de Pontevedra: no 2015, 30 millóns; agora, máis de 42 millóns do Plan concellos. E á parte hai outras convocatorias tamén de subvencións que van para os concellos. ¡Están encantados! Teño aquí datos concello por concello, e todos reciben máis agora —¡todos!, os do Partido Popular tamén—. Reciben máis agora do que recibían antes cando gobernaban vostedes. ¿De que me está falando, señor Rueda?

E teño tamén os datos da Deputación da Coruña —se quere, pásollos—. (*O señor Bará Torres amosa un papel desde o estrado.*) Mire, no último ano do Partido Popular, 36 millóns. ¿Sabe canto se reparte agora polo Plan concellos? ¡Máis de 100 millóns de euros! O 45 % do orzamento da Deputación da Coruña vai aos concellos, e ademais con criterios moi flexibles para o gasto en obras, cousa que non teñen vostedes, que sacan convocatorias de subvencións en abril, en maio ou en xuño, remata o prazo en outubro, sae a resolución a mediados de outubro e teñen que xustificalo en quince días. A Deputación ten moita máis flexibilidade. Deberían aprender tamén da Deputación da Coruña nestas cousas.

E teño tamén os datos, ¿como non?, do «baltarato», do Partido Popular ourensán. Miren, destina menos do 10 % ao Plan concellos; o resto, dedazo para o Partido Popular. (*Aplausos.*) ¡Dedazo para o Partido Popular! (*Aplausos.*) Pásolle, se quere, as gráficas. (*O señor Bará Torres amosa un documento desde o estrado.*) Mire, señor Rueda, a Baixa Limia, está de cor azulón. ¿Sabe



cal é? O azulón é o Partido Popular, o vermello é o Partido Socialista e o azul claro —que non se ve porque non recibe nada practicamente— é o BNG. E esa é a realidade. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Claro, non se ve porque vostedes non dan, porque vostedes apalancan, porque vostedes malversan. Porque isto é malversación de fondos públicos, non se lle pode chamar doutra maneira. Non se pode discriminar os cidadáns dependendo de quen goberna os seus concellos.

Mire, Guitiriz e Allariz —que acaban en «iz»— teñen o mesmo número de habitantes. ¿Sabe canto máis recibe Guitiriz respecto de Allariz? Recibe sete veces máis por ser da provincia de Lugo, porque a Deputación de Lugo reparte os cartos dunha maneira máis equitativa e máis xusta que a do Partido Popular de Ourense. (*Aplausos.*) Sarria contra O Carballiño, cunha poboación tamén semellante: Sarria recibe nove veces máis. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señora Candia, é así, aínda que non lle guste escoitalo, porque están facendo un uso perverso, obsceno, do diñeiro público. (*Aplausos.*)

Señor Rueda, mire, vostede fáleme o que queira do Fondo de Cooperación Local e tamén das convocatorias de subvencións. Nós xa lle dixemos que todas as convocatorias, as que poidan ser, vaian a través do Fondo de Cooperación Local. É o que lle está pedindo tamén a Fegamp. Pero, mire, Medio Rural (2018), listaxe publicada no DOG —non estou mentindo, téño aquí, vostede tamén o pode consultar—: de 46 convenios asinados, 45 son para concellos do Partido Popular. Isto é unha indecencia, señor Rueda, si. Axencia Galega de Infraestruturas (maio de 2019): 12 convenios para concellos do Partido Popular. Isto é unha indecencia. Podo lerllos —aínda que non teño tempo—: Abegondo, Lousame, Carral, Coirós, Páramo, Vilalba, A Gudiña, Ourense, Beariz, Larouco, Cerdedo-Cotobade —un clásico—, Salvaterra de Miño. E o curioso disto é que na mesma comarca vostedes teñen a indecencia de facer convenios con concellos do Partido Popular —en Crecente (no Condado-A Paradanta), en Arbo, en Salvaterra de Miño—, pero os do lado que son doutros partidos non teñen dereito a convenios. Isto non é xusto, isto é antidemocrático, señor Rueda.

Axencia Galega de Infraestruturas, outro tanto. No terceiro trimestre de 2018, 12 convenios. Están no DOG. Once son para concellos do Partido Popular. E sempre poñen un aí para disimular, pero son para o Partido Popular.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Axencia de Infraestruturas, no segundo cuadrimestre do ano 2018: 8 convenios, e 7 para o Partido Popular.

Máis da Axencia de Infraestruturas, e podía estar aquí todo o día falándolles, pero remato co Plan Hurbe, que é o escándalo maior do reino —do reino non, do país—. (*Murmurios.*) Pedimos a documentación polo artigo 9 e estamos aínda esperando desde a pasada lexislatura. Non imos parar. Se fai falta imos ir alí buscala á Consellería. Nos dous últimos anos houbo 76 convenios asinados do Plan Hurbe, que son para obras de urbanismo. E deses 76 ¿sabe cantos son para concellos do Partido Popular? Son 75.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.



O señor BARÁ TORRES: Isto é unha indecencia, isto non se pode consentir.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: E preguntolle, señor Rueda, se van tomar medidas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

O señor BARÁ TORRES: ...para acabar con este uso absolutamente partidista... *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)*

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peche da interpelación polo vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, é que despois a xente, claro, sempre di que entramos no «e ti máis». Pero é que é inevitable, claro. Vostede vén cun ataque directo poñéndose de exemplo, cando sinceramente... Agora voulle dar un par de cifras nada máis. E ao mellor o debate non tiña que ser así, pero é certo tamén que o que cala outorga. Polo tanto, se vostedes repiten mentiras como mantra ata pensar que van ser verdade, non hai como darlles as cifras para ver o de «dime do que presumes e direiche exactamente do que careces».

Mire, no último ano do Bipartito completo, o ano 2008... *(Fortes murmurios.)* ¡Claro, imos falar do Bipartito, claro! É que vostedes levan moitos anos —afortunadamente— sen gobernar a Xunta de Galicia, porque se, de catro anos, fixeron no último ano o que lle vou dicir agora, imaxine se tivesen máis oportunidades. Pero o certo é que son os datos dos que teño que tirar se queremos facer unha comparación.

No seu último ano completo, o 2008, os convenios con concellos supuxeron 160 millóns de euros. A porcentaxe de cartos que deses 160 millóns foron a concellos gobernados polo BNG, polo PSOE ou por unha coalición foi o 87,5 %. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)* Esa é a diferenza.

¿Quere máis exemplos da súa enorme pulcritude? Xa lle dixen que o que máis coñecemos é o da Deputación de Pontevedra, porque coñecemos persoas que están aí. Mire, está moi ben iso do Plan único, e vostedes sempre din que todos os alcaldes e alcaldesas están encantados co que fai agora a Deputación de Pontevedra —segundo vostedes—. Despois vai un preguntando por aí e a realidade é moi diferente.



Pero, mire, fóra do Plan único repártense moitos cartos tamén a través doutros plans. Danelles outros nomes, e non lles dan tanta publicidade. Porque hai que falar do Plan único, pero eu dígolle outros dous: Plan de reequilibrio e Plan DepoRemse. En total son 29 millóns. ¿Sabe cantos deses 29 millóns, en porcentaxe, van a concellos que non son do PP? O 68 %. *(Murmurios.)*

Seguimos un pouco máis. Deses plans que van fóra do Plan Único —é dicir, plans repartidos a dedo—, ¿sabe, dos dez concellos que máis recibiron, cantos son do PP e cantos son do Bloque e do PSOE? Son 2 do PP, 8 do Bloque e do PSOE. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Claro, vostedes téñeno perfecto!

E última cousa. Dos concellos que quedaron sen estes plans que vostedes dan por fóra e aos que non lles dan publicidade pero son moitos cartos, dos concellos en branco, dos 12 concellos que non recibiron absolutamente nada destes plans dados a dedo, ¿sabe cantos son do PP? Son 11, 11 do PP que non recibiron nada por 1 nada máis. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Esta é a súa transparencia, señor Bará. Polo tanto, ¿de que vimos falar?, ¿de que vimos falar? *(Aplausos.)*

É unha pena, pero xa lle digo que non por calar podemos outorgar, e, polo tanto, sen ser en absoluto certos os datos que vostede dá, que xa lle dixen antes o que se dá por concorrencia competitiva fronte ao que se dá por convenios... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, todo o noso está no DOG, e estes plans que eu lle digo non aparecen en ningún sitio. Teñen que escarvar moito os meus compañeiros da Deputación de Pontevedra para poder dar as cifras reais. ¡Se vostedes mesmos recoñecían que agora mandan alí e teñen que reequilibrar para poñer as cousas máis ou menos igual e, polo tanto, teñen que dar moitas cousas a dedo! ¡Non, se ese argumento lles parecerá ben e despois virán dicindo que son obxectivos, que hai que favorecer descaradamente os concellos que non son do PP para que os concellos do PP aprendan o que é bo e aprendan quen manda agora! Iso chegaron a dicilo tamén, iso chegaron a dicilo os adaís da transparencia, os que denuncian sempre a repartición sectaria dos demais.

Señor Bará, pregunte un pouco o que están facendo vostedes mesmos, e ao mellor, sinceramente —e dito con todo respecto—, caeríalle a cara de vergonza por vir aquí a dar exemplos de cousas das que non pode dar exemplo, sinceramente. Porque as cifras son como son. E se non tiveramos que estar respondendo a isto —eu, desde logo, non vou calar— podíamos estar falando doutras cousas. Menos mal que falamos coa Fegamp, por moito que pareza que a vostede lle fastidie un pouco que poidamos negociar coa Fegamp e poidamos seguir chegando a acordos. E ímolo seguir facendo.

Efectivamente, «Sogama da auga», ¡como se chamarlle «Sogama» a unha cousa fose algo...! E din: «Para facer amigos chámalle Sogama». ¡Oia!, pois vostedes son dos mellores clientes de Sogama, ¡eh! Habería que ver o que sería do concello de Pontevedra se non existise Sogama. Pois, efectivamente, imos facer unha proposta de financiamento tamén, a ver se as deputacións queren entrar, para definitivamente darlle unha planificación racional e estender toda unha rede de saneamento digna e axeitada ao século XXI en toda Galicia. Iso ímolo plantexar, a ver como responden todos vostedes. ¡A ver como responden! *(Aplausos.)*



Igual que me resulta curioso que vostedes non puxeran nada no pacto, nese gran pacto de goberno que asinaron —insisto, sen executar no cen por cento— con ese só deputado que ás veces vale para todo e ás veces non vale para nada porque só é un. Resulta que se esqueceron de calquera referencia ao financiamento dos concellos galegos porque, como total xa estivera o PP antes e non fixera nada, vostedes ¿para que se van molestar? ¿Para que van intentalo? ¿Para que van dicir que iso é o importante? ¿Para que van dicir que podían conseguir, e vai conseguilo todo o mundo, e iso nin o puxeron porque non se acordaban? ¿Que pasa, que non tiña importancia e agora non hai que darlla? Nós dixemos sempre que nós estabamos de acordo co sistema de distribución que se estaba facendo dende o Goberno central —tamén cando gobernaba o PP— respecto de Galicia. E houbo acordos aquí no Parlamento e votamos a favor, e mandámoslos a Madrid. ¡Claro, din que vostedes non tiñan a capacidade de influencia no Goberno! Ben, pois ao final máis ou menos é a mesma. O que pasa é que nós non estamos todo o día con que vostedes lle van dar a volta a todo porque firmaron un pacto que vai facer marabillas, onde non se acordaron nin do financiamento. Polo tanto, eu —e remato xa, señor presidente— creo que imos seguir falando coa Fegamp, governe quen a governe, compóñase como se compoña, porque creo que é moi beneficioso que se chegue a acordos entre administracións. Se vostedes queren estar aí, perfecto; se non, siga poñendo exemplos, que despois ao final, cando lle damos as cifras reais, eu sinceramente calaría. Vostede non vai calar, pero eu sinceramente, con estes exemplos, calaría un pouco máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Suspendemos a sesión ata as 16.30.

Suspéndese a sesión ás dúas e dez minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e tres minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión co punto sétimo da orde do día, que son as preguntas ao Goberno.

Cambio no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE: Hai unha alteración aquí da orde do día que xa foi consultada e comentada aos portavoces.

Pregunta de D. Martín Seco García e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións xudiciais que se están a levar a cabo no Centro Tecnolóxico da Carne

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Boas tardes a todos e a todas.



Grazas, presidente.

Señor conselleiro, no Parque Tecnolóxico de Galicia, sito no concello de San Cibrao das Viñas, en Ourense, encóntrase ubicado o Centro Tecnolóxico da Carne; unha fundación dirixida por un padroado e un protectorado formado por membros da Consellería do Medio Rural cos obxectivos de dinamizar e mellorar a capacidade competitiva do sector agroalimentario de Galicia e de fomentar a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico do sector a través de diversos medios como a asistencia técnica a empresas e produtores, a análise nos seus laboratorios ou a formación. Unha fundación que ten convenios de colaboración con universidades, asociacións sectoriais, entidades formativas, centros tecnolóxicos, etc.

Pero, lamentablemente, señor conselleiro, esta fundación está baixo sospeita. Xa foi no ano 2017 cando se produce unha investigación xudicial coa intervención da Unidade de Delincuencia Especializada, a UDEV, e a Comisaría de Policía de Ourense co fin de esclarecer presuntas irregularidades na xestión do centro tecnolóxico. Investígase a presunta comisión de posibles delitos de prevaricación, falsidade documental e malversación de fondos públicos durante os últimos anos. Ademais, os axentes que interviñeron no rexistro, segundo o publicado nos medios de comunicación, levaron caixas de documentación contable.

Polo visto, a investigación arrancou por unha denuncia ante a Fiscalía por un suposto desvío de cartos: fondos públicos recibidos de Bruxelas e da Administración estatal e autonómica para a posta en marcha de proxectos de investigación, desarrollo e innovación por importe de máis de dous millóns de euros.

Nese momento, a Consellería do Medio Rural non deu explicación ningunha ao respecto, cando xa un sindicato lle reclamara un ano antes a esta consellería que abriera un expediente de investigación interna, cousa que non fixeron tampouco. Prácticas administrativas e contables baixo sospeita de corrupción e a Consellería do Medio Rural, nin mu.

Señoría, a fundación tampouco estivo exenta de conflitos laborais graves: queixas de acoso laboral e discriminacións arbitrarias —recorden a declaración de nulidade dun despido dunha traballadora embarazada—, de fraudes de lei nas contratacións e a polémica da negación do teletraballo a unha das traballadoras.

A cousa non termina aí. O pasado 27 de setembro, hai un mes, coñecemos por un xornal galego unha nova operación policial en torno ao Centro Tecnolóxico da Carne. Nesta nova actuación procédese á detención ante a xustiza e despois á posta en liberdade de máis de media docena de persoas ligadas ao centro, que ten na súa xerencia o que fora director xeral de Gandería da Consellería do Medio Rural.

Hoxe, señorías, continúa no seu labor de xerente, a pesar...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta, ten outro turno despois.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...das investigacións abertas. Pedímoslles que expliquen a situación.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Resposta do conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Señora Rodríguez, señorías, boa tarde a todos e a todas.

É traballo dun servidor público dar sempre explicacións ante a cidadanía, representada neste Parlamento polos diferentes grupos aquí presentes. Polo tanto, agradezo a pregunta e o feito de poder estar aquí trasladando a información da que dispoño.

Como digo, esta tarde e nesta resposta podo dar a información da que dispoño nestes momentos; iso si, debemos deixar claro e patente que parte da información que vostede solicita na súa pregunta só a ten a xustiza no día de hoxe.

En relación coa investigación á que vostede fai referencia na pregunta oral desta tarde, temos constancia da existencia dunhas dilixencias no Xulgado de Primeira Instancia número 2 de Ourense, nas que se están a investigar determinados expedientes do Centro Tecnolóxico da Carne, e estas dilixencias forman parte dun único procedemento que comeza, como dicía vostede, en xullo de 2017.

Nestas dilixencias, a Consellería, por suposto, prestou toda a colaboración requirida e remitiu toda a documentación e información solicitada polo dito xulgado. En todo caso, a Xunta de Galicia non está personada no citado procedemento, e, dado o carácter segredo das dilixencias, carecemos de máis información sobre as concretas actuacións e as pesquisas que se están levando a cabo.

En todo caso tamén, o principio de prudencia exige esperar o resultado da citada investigación para poder coñecer se se produciu algún tipo de irregularidade na xestión da dita fundación, e, de ser o caso e se fose necesario, para o personamento da Xunta de Galicia como posible prexudicada.

Estamos totalmente en consonancia e alineados cos procedementos da xustiza, aportando, ademais, toda a información requirida, e esperamos, igual ca vostedes, que todo se aclare canto antes. Tan pronto como se dispoña de máis información, daráselle traslado dela. A confianza nos poderes xudiciais seguro que é compartida por todos os que estamos nesta Cámara.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Conselleiro, cremos neste partido, no PSdeG, firmemente no principio de presunción de inocencia e de segredo sumarial, pero o Partido Popular utiliza este principio distinto, que é:



agora toca e agora non toca. Tocaba en Madrid cando o señor Casado, o seu xefe de filas, apelaba continuamente a el na «operación Kitchen», pero parece que non toca cando piden continuamente o cese do vicepresidente primeiro en Madrid ao señor Sánchez.

Pero, bueno, coas dúbidas que xera esta investigación xudicial, o mesmo día que saía publicado solicitaba o Partido Popular a creación doutra fundación de investigación agraria aplicada baseada nesta actual investigada. En Ourense, señor conselleiro, non necesitamos de máis chiringuitos ao servizo do señor Baltar sen previamente explicar a situación na que se encontra a fundación requirida despois da intervención xudicial por delitos tan graves. Se non o fai, señor conselleiro, se non dá explicacións, será cómplice e responsable político, se a investigación xudicial dá como resultado a imputación e posterior condena dalgún dos investigados

Queremos saber tamén, señor conselleiro, se pensa manter no seu cargo ao xerente do centro tecnolóxico, que xa foi director xeral do Medio Rural con vostedes. Déixese de políticas de bombos e platillos e preocúpese de apostar polo valor engadido ao sector da investigación do medio rural, porque os datos demostran o contrario: o abandono sistemático do sistema investigador e unha mercantilización de todo o que toca na Consellería.

Aposten pola incorporación de novos investigadores e pola formación destes e modernicen os centros.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Para o peche da pregunta, o conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Si, moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Rodríguez, antes de nada, quero dicirlle que penso que vostede ten formación xurídica suficiente para darse conta de que algunha das cousas que trasladou non é moi correcta. Eu tomo de novo a palabra para poder completar este turno e definir algún dos elementos que quizais non quedaron suficientemente claros na resposta anterior.

Miren, a investigación que hoxe nos trae aquí está aberta, e o sumario —repito— é segredo. Se non fose así, pouco espazo habería para as dúbidas, porque os feitos xa estarían aclarados. Pero, determinada información que vostedes están solicitando só a podería dar a xustiza, non a Xunta de Galicia. E a xustiza aínda non se pronunciou. Como escoitaron xa na anterior resposta, eu podo dar a coñecer nestes momentos a información da que dispoño. Os feitos que vostede narra, feitos que dicía antes que foron en setembro deste ano, repito, son a continuidade dun procedemento iniciado en xullo de 2017, non un novo procedemento. E naquel entón o Xulgado de Instrución número 2 de Ourense abriu dilixencias previas por procedemento abreviado e con actuacións declaradas secretas. A xustiza, dentro desa investigación



aberta en xullo de 2017, solicitou documentación e información á Consellería de Medio Rural, que foi entregada cada vez que se pediu e sempre coa maior dilixencia posible.

O principio de prudencia exige esperar o resultado da citada investigación para poder coñecer se se produciu algún tipo de irregularidade na xestión da fundación e, de ser o caso e se fose necesario, o personamento da Xunta de Galicia como posible prexudicada nesa investigación.

Finalizo como finalicei a miña primeira intervención: a confianza nos poderes xudiciais seguro que é compartida por todos nesta Cámara, e desde a Xunta de Galicia seguiremos sempre colaborando coa xustiza coa maior dilixencia posible.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Goberno galego respecto da ampliación dos servizos do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia ás fins de semana e festivos

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Boa tarde, señor presidente.

Señora conselleira, antes de formularlle a miña pregunta, quero convidala amablemente a imaxinar. ¿Imaxina vostede, señora conselleira, un hospital, un centro de saúde que peche as súas portas os venres ás tres da tarde e non as volva abrir ata o luns ás nove da mañá? ¿Imaxina un hospital sen servizo de urxencias e sen gardas do seu persoal que garanta a saúde das persoas que acoden fóra do horario dos días laborábeis? ¿Imaxina que a calquera persoa cunha dor aguda a atendan no hospital un mércores anterior aos festivos de Semana Santa e non lle fagan análises ata o martes seguinte, case unha semana despois, e que precisamente por iso teña que acudir a un laboratorio privado para solucionar o seu problema? ¿Imaxina que, aínda facéndolle as análises, unha persoa vaia a un laboratorio privado a repetilas porque non se fía das que lle fixeron no hospital?

Señora conselleira, por último, ¿imaxina que un hospital, que o Sergas, tivese que indemnizar con 400.000 euros a un paciente logo dunha sentenza xudicial porque lle avisou tarde de que as súas análises non eran correctas, e de que iso, polo tanto, era prexudicial para a súa saúde? ¿Imaxíno? Pois todo iso, señora conselleira, é o que pasa con Intecmar, o «hospital» —entres aspas— do medio mariño de Galiza. E falo non dos seus traballadores, quero anticipalo xa, falo da súa dirección política. É un organismo público que nos custa ás galegas e aos galegos máis de 3,6 millóns de euros ao ano e que só realiza análises de luns a venres.

As súas actuacións, as actuacións do Intecmar ou, mellor dito, a súa falta de actuacións, en lugar de estar para favorecer ao sector do mar, parece que están para prexudicalo unha e outra vez. Ninguén entende, señora conselleira, é incomprendible, que un centro de control mariño público non realice analíticas nas fins de semana e nos festivos, o que implica que o propio sector faga



as análises pola súa conta, e o que é peor, as faga tamén en laboratorios privados durante a semana, aínda estando feitas as do Intecmar, porque non se fía. Non é a primeira vez que se teñen que devolver miles de quilos de marisco ao mar e que, en definitiva, se perden moitos cartos e moitas horas de traballo que se converten nun lastre para miles de persoas en Galiza.

Señora conselleira, ¿están vostedes dispostos a ampliar os servizos de Intecmar ás fins de semana e festivos para evitar máis perdas ao sector do mar?

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Resposta da conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Pérez, como vostede ben sabe, ou debería de saber, o traballo do Intecmar foi sempre acorde coas demandas do sector e da normativa vixente. O principal cometido deste centro é dar cumprimento á lexislación vixente en materia de calidade da produción de moluscos e outros organismos mariños e contribuír a protexer e mellorar a calidade do medio mariño.

O sistema de control que leva a cabo o Intecmar é un sistema de control documentado e regulado; está regulado non só a nivel europeo, senón tamén a nivel autonómico.

Polo tanto, o traballo do Intecmar plásmase de forma cualitativa e cuantitativa; cuantitativa nas máis de 85.000 análises realizadas no ano 2019, que superan a media anual da última década anterior, e nas máis de 7.400 resolucións e informes de seguridade alimentaria emanadas nese mesmo ano. E cualitativa por canto este centro vén cumprindo e adaptándose estritamente ás directrices da Unión Europea en materia de controis, probas e analíticas, que fai que Galicia teña o programa de control en zonas de produción de moluscos máis intensivo de toda a Unión Europea.

Neste senso, sendo Intecmar un centro de referencia mundial, que conta cunha grande e recoñecida experiencia na materia, temos que referendar esa situación, e por iso o funcionamento do Intecmar vén tendo unha tendencia de orzamentos crecentes dende o ano 2013.

Ademais, non cabe dudar da eficacia e axilidade do Intecmar, nin de que os resultados sexan transmitidos con rapidez. É o único laboratorio de toda a Unión Europea que ten esta información á disposición dos investigadores e de todos os cidadáns en tempo real. Así, as resolucións tanto de apertura como de peche son publicadas na páxina web do Intecmar no mesmo momento en que son emitidas, e notificanse de xeito inmediato por correo electrónico a máis de 500 destinatarios.

En todo caso, e no relativo ao caso que vostede nos refire, cabe subliñar que o Intecmar, con base nos controis que realiza, establece os peches e aperturas das zonas de produción afec-



tadas por este fenómeno para protexer a saúde pública e a calidade dos produtos galegos do mar. E isto, de conformidade e de acordo coa entidade do sector que organiza os traballos na ría de Noia, foi o que fixo proceder a un peche cautelar por precaución, pero acompañado tamén dun seguimento exhaustivo do estado das zonas, que supera con moito a frecuencia mínima fixada na lexislación europea dunha mostraxe por semana.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Para a réplica, a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Señora conselleira, permítame que non poida concordar con vostede. A folia de servizo do Intecmar é moi, moi, moi mellorábel. As queixas do sector de depuradoras, de produtores, de exportadores e de cocedeiros son habituais. A máis recente, efectivamente, é a irrupción da toxina en Noia, que non a viron vir e que a detectou a propia confraría o domingo 27 de setembro. E grazas a facer esas análises privadas e pagadas do bolsillo da confraría, puido comunicar aos máis de 1.500 mariscadores que non foran a traballar ao día seguinte.

Pero é que, ademais, señora conselleira, no Intecmar menten, e menten por escrito, non de palabra, porque, mire, ás 8.15 da mañá do luns día 28 —8.15— notificánlle por escrito á confraría a prohibición cautelar para ir mariscar. ¡Ás 8.15, señora conselleira!, cando non analiza o Intecmar durante a fin de semana. Utilizaron as propias análises privadas da Confraría de Noia.

E a última, señora conselleira: na Comisión de seguimento sobre o estado do Eume, celebrada onte mesmo, a persoa que asistiu representando o Intecmar, afirmou que eles non toman datos directamente, senón a través das confrarías, que á súa vez, efectivamente, os teñen que pagar; son as confrarías as que llo transmiten ao biólogo de zona da Consellería. En fin, o mundo ao revés, en vez de transmitirllo o Intecmar ao sector, transmítello o sector ao Intecmar. Pero dixo máis, dixo que teñen tres estacións fixas de mostraxe ao inicio da zona de marisqueo ao final do río Eume, pero que toman mostras —botemos as mans á cabeza— mensuais, señora conselleira, e que como as últimas foron a finais de setembro non tocan as seguintes ata final de mes.

¡Coa que está caendo no río Eume, na comarca do Eume e na ría, non farán análises ata finais de outubro! Iso si, na reunión do Intecmar alertaron de que o problema pode quedar...

O señor PRESIDENTE: Grazas, rematou o seu tempo.

(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Para o peche da pregunta, a conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.



Señora Pérez, mire, eu invítoa formalmente a visitar o Intecmar para que coñeza realmente como é o funcionamento deste centro; un centro que, de maneira continua, está sufrindo auditorías, tanto da Oficina oficial veterinaria permanente da Unión Europea como auditorías da empresa Enac, de certificación, que veñen a dicir que os controis oficiais se realizan en función do risco, coa frecuencia axeitada e conforme os procedementos documentados, como require o Regulamento 882/2004. En Galicia as decisións a raíz dos seguimentos se adoptan de conformidade con toda a lexislación da Unión Europea.

Vostede vén aquí e confunde todo. Vén aquí e di que tivemos que pechar o luns, día 28 de setembro, cuns resultados positivos dun laboratorio privado. Iso non é así. En ningún momento o Intecmar detectou ningún valor de positividade en canto a toxinas mariñas se refire. O que aconteceu foi que a Confraría de Noia, como organismo xestor dun banco marisqueiro, acolléndose á posibilidade que ten o promotor de facer autocontrois, encargou a un laboratorio privado unhas analíticas que lle deron un resultado positivo, pero iso non significa que o resultado realmente fora positivo, (*Risos.*) posto que as 13 mostras que se tomaron no Intecmar cun método acreditado oficialmente, en ningún caso deron ningún valor positivo. (*Aplausos.*) Polo tanto, o peche que houbo que facer foi un peche cautelar a petición do propio patrón maior da Confraría de Noia, con base nun resultado dun laboratorio privado, que eu non vou criticar. O único que eu veño defender aquí é a exactitude coa que se traballa no Intecmar, cunhas técnicas acreditadas documentalmente por auditorías externas, tanto da Unión Europea como de Enac, que é a entidade acreditada.

Vostede vén aquí e mezcla o tema das toxinas co seguimento que se fai da calidade das zonas de produción e mezcla o río Eume cunhas toxinas lipofílicas. Non ten nada que ver unha cousa coa outra. A posibilidade de establecer as toxinas faise directamente coa toma de mostras por persoal do Intecmar. As mostras de calidade das augas fanse a través das asistencias técnicas das confrarías —que son biólogos tamén—, e recollen as mostras coa periodicidade que establece o Regulamento comunitario. En ningún caso pode confundir vostede as mostras de auga que se toman para saber como está a calidade das zonas de produción coas mostras de fitoplancton que se toman para detectar se hai ou non hai toxina.

Repito, en ningún caso houbo na ría de Noia nesta situación un peche por un criterio de positividade obtido cun método de laboratorio acreditado. De todas as mostras que se tomaron, que foron 13 exactamente en 10 días, os 13 resultados foron negativos.

Polo tanto, non confunda a opinión pública, non confunda a ninguén, vaia ao Intecmar e infórmase, que o Intecmar cumpre o dobre traballo: por unha parte, garantir a saúde dos consumidores e, por outra parte, facilitar que a maior parte...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira, terminou o seu tempo.

(*A señora conselleira do Mar, Quintana Carballo, pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Acumulación de dúas preguntas para a súa formulación conxunta

O señor PRESIDENTE: Debátense agora de xeito acumulado dúas preguntas.



Pregunta de D^a María Elena Candia López, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da ruptura das negociacións para a venda das plantas de Alcoa na Mariña lucense

Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia diante da crise da planta de Alcoa en San Cibrao

O señor PRESIDENTE: Comeza formulando a pregunta doña Elena Candia, do Grupo Parlamentario Popular.

Cando queira.

A señora CANDIA LÓPEZ: Moi boa tarde.

Señor conselleiro, señorías.

Esta mañá asistiamos novamente a un debate sobre un asunto que nos preocupa moitísimo aos veciños da Mariña, á provincia de Lugo e estou convencida de que a toda Galicia; un debate que, teoricamente, acababa coa unanimidade de pedir ao Goberno do Estado e ao Goberno da Xunta que adopten todas as medidas para salvar os postos de traballo en Alcoa, na factoría de aluminio primario en San Cibrao. Pero na posta en escena de cada grupo político viamos claramente e contextualizabamos datos que eu creo que son importantes antes de formular a pregunta no pouco tempo que teño.

En primeiro lugar, viamos claramente un Bloque Nacionalista Galego que pedía unha intervención urxente. Quedaba exposto dunha maneira perfectamente clara e nítida que aquela foto de xaneiro do ano 2020 era a foto do maior engano que tivo o BNG na nosa comarca da Mariña e que, por suposto, non garantira ningunha solución para a nosa factoría.

En segundo lugar, viamos tamén a un Partido Socialista nada decidido, penoso incluso, á hora de dubidar na votación, e por suposto con ningunha tranquilidade sobre o traballo que ía facer o Goberno de España para transmitirles unha mensaxe de tranquilidade aos nosos traballadores e traballadoras.

Hoxe, señor conselleiro, cónstame —e, ademais, agradezo a súa preocupación— o seu traballo, o traballo do Goberno da Xunta, no seguimento desta que para nós é das principais crisis na nosa comarca. Sabemos que o 27 de setembro expirou o prazo para a negociación da venda das fábricas de Alcoa na provincia de Lugo.

Nestas semanas Alcoa rexeitou de maneira sistemática todas as ofertas que se puxeron enriba da mesa, tanto dende o grupo Liberty House como dende o Goberno de España, para comprar temporalmente a planta e vendela inmediatamente a continuación a Liberty.

Dende o Grupo Popular estamos convencidos de que a situación se pode reconducir coa axuda de todas as administracións implicadas e de que Alcoa aínda está a tempo de recapacitar e



reflexionar sobre as consecuencias que a súa decisión terá para os traballadores e as súas familias; en definitiva, para a economía da comarca da Mariña.

Por iso os deputados e as deputadas asinantes formulámoslle a seguinte pregunta: ¿como valora o Goberno galego a ruptura das negociacións para a venda das plantas de Alcoa na Mariña lucense?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

Formula agora a pregunta dona Patricia Otero, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Bueno, señora Candia, que empece vostede a súa pregunta botando balóns fóra e botándolle a culpa da situación de Alcoa ao Bloque Nacionalista Galego e tamén ao Partido Socialista a verdade é que é faltar bastante á verdade. E é verdade que ten pouca memoria, porque resulta que vostedes xa tiñan a solución ao problema. Xa no ano 2012, o por aquel entón ministro Soria se acercou ata as portas da factoría e dixo que en xaneiro do 2013 xa estaría resolto o problema da tarifa eléctrica, e estamos no 2020. Díxoo o ministro Soria e tamén repetiu... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...esas palabras o señor Villares, que creo que coñece aos dous. Polo tanto, bueno, imos ser un pouco coherentes.

Señor Conde, vostede ten un serio problema cos seus portavoces de industria, pola mañá co señor Tellado e agora mesmo coa señora Candia. Porque vostede ultimamente fala de unidade, fala de colaboración entre Goberno central e a Xunta de Galicia na busca dunha solución para manter os postos de traballo de Alcoa e para que non se paren as cubas, da unidade entre traballadores, da unidade entre administracións..., e, claro, chegan hoxe os portavoces do Grupo Parlamentario Popular e o que fixeron foi intentar boicotear e intentar romper esa unidade amosada por todos os grupos parlamentarios e que se viu tamén a semana pasada no Congreso dos Deputados. ¿E saben por que puxeron en risco esa unidade? Todo con tal de non poñerlle deberes á Xunta de Galicia, só ao Goberno central.

Pero miren, señorías, nós non mudamos o noso posicionamento, aprobamos esa iniciativa na que se insta o Goberno central a que adopte todas as medidas precisas para garantir a actividade industrial e o emprego na factoría e, se é necesario, a intervención pública temporal, para trasladala posteriormente a un comprador. Por certo, resolución no sentido da emenda presentada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas no Congreso dos Deputados á iniciativa presentada polo BNG.



Entendemos que a resolución que hoxe votamos sería máis completa se tamén lle puxeramos deberes á Xunta, porque, claro, ten competencias, ten competencias en materia laboral e ten competencias tamén medioambientais, pero o Grupo Parlamentario Popular púxolle deberes a Madrid, si, pero deberes á Xunta de Galicia, non.

Miren, este grupo parlamentario, o Goberno central e tamén a propia Xunta de Galicia prefiren a venda para non darlle ningún tipo de beneficio a Alcoa. Nós non nos opoñemos, e non eliminamos de enriba da mesa esa intervención pública e temporal, se chegado o caso é preciso chegar a iso. O que cremos é que non é preciso esgotar e cruzar esa ponte antes de chegar ao río.

O que hoxe preguntamos é: ¿que está a facer a Xunta de Galicia para solventar este problema?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Candia, señora Otero, eu agradézolles ás dúas e aos dous grupos parlamentarios que traian a situación de Alcoa a este Parlamento e, polo tanto, que se poida unha vez máis poñer de manifesto que hai un traballo conxunto e sobre todo que hai unha unidade de acción para conseguir un obxectivo. Porque iso é o que dende a Xunta de Galicia estamos impulsando, que non é outra cousa que as cubas non paren e que se poida manter a actividade industrial en Alcoa San Cibrao. É o único obxectivo no que levamos traballando todos estes meses e é o obxectivo que eu lles pediría que se manteña dende o punto de vista do consenso e da unidade de acción, porque simplemente iso é o que nos están pedindo os traballadores.

Polo tanto, señora Otero, aquí non se trata de poñerlle deberes a ninguén, trátase simplemente de traballar conxuntamente, que é o que estamos facendo o Goberno de España e a Xunta de Galicia, cada un no eido das súas competencias. Estamos traballando de forma coordinada e con ese obxectivo único —como digo— de conseguir manter esa actividade industrial.

Loxicamente, para nós —tamén para o Goberno— a venda é a mellor opción, sen lugar a dúbidas, pero tamén é certo que se a empresa mantén esa decisión unilateral de non avirse a un acordo, pois, loxicamente, non desbotamos ningún tipo de medida administrativa e xurídica para garantir a continuidade da actividade industrial e, polo tanto, a continuidade dos empregos.

Tanto o Partido Popular, o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego deron mostras dese consenso; polo tanto, eu creo que non deberíamos de trasladar ningún tipo de mensaxe equívoca. No mes de setembro, os tres grupos políticos aprobamos a proposición non de lei presentada polo Grupo Popular para solicitarlle ao Goberno que, efectivamente,



se poida establecer un prezo eléctrico competitivo. Todos sabemos as necesidades que ten a industria electrointensiva en Galicia e en España de ter ese prezo eléctrico competitivo e, ao mesmo tempo, de poñernos de acordo para amosar o compromiso de avaliar que proxectos do plan industrial de Liberty para as fábricas de Alcoa podían optar ao Fondo Europeo de Reconstrución. E demos mostra dese consenso tamén a semana pasada no Congreso dos Deputados aprobando instar o Goberno a unha intervención pública temporal no caso de que fose necesario, e así o ratificamos tamén esta mesma mañá no Parlamento.

Polo tanto, creo que a folla de ruta está perfectamente trazada. Hai dúas administracións que están traballando conxuntamente para conseguir ese obxectivo e, entón, creo que non hai que buscar ningún tipo de deberes.

Recórdolle á señora Otero que dende un punto de vista laboral a Autoridade Laboral desenvolveu un traballo ímprobo e fundamental para que nestes momentos a impugnación do ERE realmente poida dar lugar a demostrar que, efectivamente, Alcoa desenvolveu un traballo de mala fe durante todo o proceso. Houbo dez advertencias e unha última comunicación da Autoridade Laboral. Polo tanto, creo que non é razoable poñer en dúbida que a Xunta de Galicia asumiu e desenvolveu as súas competencias en materia laboral. Recoñéceno os traballadores, recoñéceno os sindicatos e, xa que logo, creo que iso non habería que poñelo en dúbida.

Tampouco hai que poñer en dúbida o labor que a Xunta de Galicia está desenvolvendo dende un punto de vista medioambiental, entre outras cousas, porque a aprobación da renovación da autorización ambiental integrada lle recordo que é unha garantía para que a infraestrutura, para que a fábrica, poida seguir a súa actividade. Polo tanto, este goberno está garantindo en todo momento que realmente poida haber un futuro para a fábrica de Alcoa. Outra cousa moi distinta é que, efectivamente, tanto o Goberno de España como a Xunta de Galicia sigamos traballando para identificar todos os aspectos de carácter administrativo e todos os aspectos de carácter xurídico que poñan en evidencia e que nos permitan conseguir ese obxectivo para garantir esa continuidade e esa garantía dos empregos

Polo tanto, creo sinceramente que hai dúas administracións que están traballando conxuntamente cunha unidade de acción, a Xunta de Galicia e o Goberno de España, e os tres grupos parlamentarios mostraron ese acordo de unanimidade para establecer esa visión de futuro. Xa que logo, creo que o único que temos que facer dende a Xunta de Galicia e dende este Parlamento é seguir apoiando os traballadores para conseguir ese obxectivo, que non é outro que non paren as cubas e que se manteña a actividade industrial en Alcoa San Cibrao.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Para a réplica, a señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Señor conselleiro, creo que, chegado este momento, é indubidable que os traballadores, as familias e os sectores económicos principais da Mariña piden solucións. E reitérolle o meu agradecemento porque sei do compromiso e do traballo da Xunta



de Galicia. Eu quero que este último minuto ganen protagonismo, precisamente, as reivindicacións dos traballadores.

Esta mañá faciannos entrega dunha carta dende o comité de empresa onde, unha vez máis, recordaban o perigoso momento que están a vivir, a incerteza sobre as súas economías e sobre as súas familias e a petición de que instemos o Goberno a adoptar cantas medidas sexan necesarias na maior brevidade posible, incluída esa intervención pública temporal para a súa posterior venda a un investidor privado. Aí debemos de concentrar a nosa forza e a nosa enerxía.

Pero tamén fago público o comunicado que horas máis tarde do debate desta sesión facía o propio comité: que o Goberno segue sen responder nin confirmar cita para a multilateral prometida a semana pasada. Eu non quero recordar a Soria; é indubidable que no seu momento puxo enriba da mesa unha solución, e tamén é indubidable que non chegou ao momento no que estamos agora. Ningún traballador na época do Goberno de Mariano Rajoy tiña encima da cabeza unha carta de despido. Podemos comparalo, é indubidable, pero non sería real, nin tampouco sería xusto. Entón, é o momento —coincido co conselleiro— de traballar conxuntamente, pero tamén é o momento de dicir verdades, e co futuro laboral de máis de mil persoas na Mariña non valen nin titulares, nin gritos de guerra, nin, por suposto, pancartas; neste momento só valen solucións, (*Murmurios.*) só vale un traballo conxunto, que me consta que se está facendo. Pero é indubidable tamén que o tempo aprema, que o vindeiro día 28 de outubro se celebra unha vista para decidir a medida cautelar e é indubidable que as solucións deben poñerse enriba da mesa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

Para a réplica, a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

A verdade é que me alegro de que hoxe a señora Candia traia as reivindicacións dos traballadores de Alcoa a esta Cámara, que agora parece que, por fin, se reúnen con eles, porque antes o único que facía o Partido Popular —e sobre todo o Partido Popular de Lugo— era ir ata a porta da factoría, pero non se reunían cos traballadores. (*Aplausos.*) ¡Benvidos! Benvidos, porque imos todos da man nas reivindicacións dos traballadores. (*Aplausos.*) É que agora lles gusta moito coller as pancartas. Antes a verdade é que parecía que tiñan tirria ás pancartas, pero agora incluso algunha se pelexa por ir diante coa pancarta. (*Risos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Bueno, señor conselleiro, eu o outro día poñía en valor as súas palabras e dicía que benvido agora, despois das eleccións autonómicas, coas súas manifestacións de unidade, de colaboración e de coordinación entre as dúas administracións —entre a central e a autonómica—. Nós era o que lle estabamos a pedir dende o PSdeG dende hai moito tempo, e poñiamos as mans para que viñeran e traballaran xunto con nós. ¡Benvido sexa! Agradézolle, a verdade, a



súa disposición; e o que desexo, dende logo, é que sigan a traballar as dúas administracións xuntas —a Administración central e a Xunta de Galicia—, que sigan a traballar para buscar unha solución. E non deixen que isto se entorpeza polo que plantexa algún grupo parlamentario, porque, sen dúbida, a unidade entre as administracións é fundamental para solventar este problema.

Vostede xustificaba o que se fixo a nivel laboral, e eu creo que a nivel medioambiental teñen tamén moito camiño por percorrer e que serviría tamén para solventar esta situación.

Eu o que dicía tamén na miña primeira intervención era que nós preferíamos a venda antes que beneficiar a Alcoa; quero dicir, non descartamos e non poñemos como primeira opción esa intervención pública temporal. Pero se, chegado o momento, é necesario, as propias verbas da ministra dixeron que todas as solucións estaban enriba da mesa.

Polo tanto, eu o que lles pido é que sigan nesa unidade e nesa coordinación...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...que están a ter as dúas administracións.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche destas preguntas, o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Otero, entendo perfectamente que cando vostede ten que facer unha valoración do Partido Socialista e cando ten que facer unha valoración da actitude do Goberno vostede fala de parte, loxicamente, pero eu pediríalle que non se confunda. Onde houbo un cambio de actitude na posición de Alcoa foi no Goberno, (*Murmurios.*) non se confunda. E quen non cambiou en ningún momento foi esta Xunta de Galicia. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Seguramente vostede agora quere trasladar esa actitude por parte do Partido Socialista de Galicia, que foi en todo momento unha actitude errática con respecto a Alcoa; estaba máis preocupado por defender o Goberno de Pedro Sánchez que por defender os traballadores de Alcoa. Polo tanto, non se confunda porque este goberno en todo momento identificou claramente cales eran as necesidades que tiña Alcoa. Dende xuño do ano 2018 levamos trasladando a importancia de que en España haxa un prezo competitivo para a industria electrointensiva, ¡dende xuño!, e estivemos sós. O Partido Socialista de Galicia en ningún momento estivo defendendo nin os traballadores de Alcoa, nin tampouco as 5.000 familias que dependen das industrias electrointensivas e dese prezo eléctrico competitivo.

Polo tanto, non veña agora intentar sacar partido dun cambio de actitude por parte do Goberno, que eu agradezo. Despois das eleccións autonómicas, efectivamente, houbo un cambio



de actitude por parte do Goberno de España. E non teña ningunha dúbida de que esta Xunta de Galicia, que non mudou a súa actitude nin a súa posición, o que está facendo é traballar con responsabilidade co Goberno de España, porque o único obxectivo que temos é, precisamente, defender a posición dos traballadores e, polo tanto, darlles continuidade ás 534 familias que nestes momentos dependen da decisión que se tome con respecto a Alcoa.

Dicíalle que nós non mudamos o noso compromiso. A Xunta de Galicia foi a que, no eido das súas competencias en materia industrial —como non podía ser doutra forma—, logrou que se construíse o gasoduto da Mariña, que é o que lle permite hoxe ter competitividade. As axudas para reconverter os fornos de fueloil a gas natural na planta de alumina foron outra das medidas que tamén desenvolvemos dende a Xunta de Galicia, igual que a semana pasada declaramos o sector electrointensivo galego como esencial e estratéxico. E estamos trasladando a importancia de que dende o Goberno se poidan impulsar tamén medidas para a modernización da industria electrointensiva a través dun plan nacional de recuperación e de resiliencia para o sector.

Polo tanto, nós non imos desbotar ningún tipo de medida dende o punto de vista industrial para acompañar o proxecto e o plan industrial que neste caso está ofrecendo Liberty, que lle permitiría esa competitividade. Levámolo facendo durante os últimos anos e seguiremolo facendo porque, efectivamente, en materia industrial temos axenda, temos política e temos claro como garantir esa competitividade.

E dende o punto de vista de Alcoa —e xa de forma particular—, por suposto que tampouco desbotaremos ningún tipo de medida, nin dende o eido administrativo nin dende o eido xudicial, para reverter esa decisión unilateral de Alcoa. Non hai ningún tipo de argumento que xustifique unha decisión que nestes momentos está prexudicando a todas as partes, e nós entendemos que tamén está prexudicando a propia compañía. Alcoa está esquecendo que pechar a planta non só significa aboar os gastos polos despedidos, significa tamén que ten que devolver os 50 millóns de euros polas axudas recibidas en compensación dos custos por emisións de CO₂, e sabe tamén, loxicamente, que terá que facer fronte ás obrigas de carácter medioambiental que poidan derivar da decisión que está tomando de pechar a fábrica de aluminio.

Por iso —insisto—, como lles trasladei ao comezo da primeira pregunta, a mellor saída para todas as partes, señora Candia e señora Otero, non é outra que o feito de que Alcoa acepte a venda da planta de aluminio primario. Entendemos que así acadaremos máis pronto ese obxectivo, no que estamos traballando o Goberno de España, a Xunta de Galicia e os traballadores de forma coordinada, para solventar a situación que nos trasladou a empresa. E, dende logo, a Xunta de Galicia apoiará calquera tipo de intervención pública temporal por parte do Goberno, tal como se aprobou no Congreso e tamén neste Parlamento.

Polo tanto, señorías: unidade de acción e ter claro que o obxectivo é o mantemento dos postos de traballo. Seguiremos traballando nas medidas cautelares, apoiando os traballadores. A Xunta de Galicia personarase na vista desas medidas cautelares. Tamén acompañaremos os traballadores na impugnación do expediente de regulamento de emprego e desenvolveremos todas as medidas que sexan necesarias para conseguir ese obxectivo, que non é outro que garantir a viabilidade e a continuidade dos empregos e da actividade industrial en Alcoa San Cibrao.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidente.

Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto do uso de todas as súas competencias para facer respectar os acordos de mantemento da actividade, emprego e investimentos nos centros de Xeal-Ferroatlántica de Cee e Dumbría e nas centrais hidroeléctricas

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Boa tarde, señorías.

Obrigado, señor presidente.

A situación da empresa Xeal na Costa da Morte, a antiga Ferroatlántica, é moi grave, e iso que conta cunhas particularidades que deberan mantela a salvo de problemas; unhas particularidades que xa queren para elas moitas outras empresas, sobre todo de carácter industrial e grandes consumidoras de enerxía. Trátase dun complexo industrial perfectamente situado no mercado mundial das ferroalixas e que conta cunha vantaxe competitiva, como dicía, insuperable para ter un futuro non xa tranquilo, senón cargado de éxitos: unha subministración eléctrica por debaixo dos prezos de mercado garantido polas centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande e unhas centrais asociadas á actividade industrial por virtude das concesións públicas.

Mais o que debería ser un complexo enerxético industrial modélico, protexido e mimado polo Goberno galego está en risco de desaparecer. Un proxecto de enerxía limpa para a produción industrial, de aproveitamento dos recursos propios para crear un tecido industrial e riqueza na Galiza, todo no aire por causa das manobras do grupo Villar Mir, que desde hai ben anos está empeñado en segregar as actividades industriais das de produción eléctrica para vender as centrais.

Temos que dicir que isto non pode coller por sorpresa a ninguén, e menos que a ninguén á Xunta de Galiza, porque o mesmo día que o grupo Villar Mir se fixo coas concesións das centrais hidroeléctricas, presentou o recurso xudicial para conseguir segregaras da actividade industrial; o mesmo día. Pretensión que, ademais de ser desestimada polo xulgado, mereceu a cualificación de ser unha actuación empresarial de mala fe. Polo que, coñecendo os precedentes, ninguén na Costa da Morte entende que a Xunta de Galiza autorizara alegremente o recente cambio de titularidade da empresa e das concesións hidroeléctricas a favor dun fondo americano vinculado coa propia Ferroglobe. (*Aplausos.*)

A situación hoxe é que os actuais titulares de ambas as dúas actividades están reducindo a produción industrial até un 10 % do seu potencial, poñendo en grave risco o mantemento das instalacións e aplicando ao persoal medidas colectivas manifestamente ilegais.

Antes de que comecen a mirar para outro lado, quero lembrarlles que no caso concreto desta nova crise industrial a Xunta non poderá dicir que non ten competencias. As concesións hidroeléctricas son competencia da Xunta.



A concesión mineira de Serrabal, de onde o grupo Villar Mir tamén extrae o mineral, tamén é concesión da Xunta, e incluso o porto de Brens, construído especificamente para dar servizo ás fábricas, tamén é competencia da Xunta.

Teñen vostedes a tixola polo mango, así que: señor vicepresidente, ¿teñen vostede e o seu goberno intención de exercer as súas competencias e de actuar para garantir o futuro deste complexo enerxético industrial da Costa da Morte?

Obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonso.

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): É sorprendente, verdadeiramente sorprendente, que vostede... Eu pediríalle realmente, señor Fernández, que revise as actas deste Parlamento e que revise con detalle os debates que se celebraron aquí e a posición que mantivo a Xunta de Galicia en defensa dos traballadores de Xeal, e a partir de aí seguramente se arrepentirá da intervención que acaba de facer.

En primeiro lugar, porque o que non é de recibo é que vostede intente trasladar a máis mínima dúbida de que este goberno actúa conforme a legalidade. Iso, señor Fernández, non é de recibo, porque se vostede ten algún tipo de dúbida sabe onde debe de ir. Non pode vir aquí a este Parlamento intentar xerar a dúbida de se este goberno está traballando conforme a lei. *(Aplausos.)*

Señor Fernández, este goberno reuniuse en numerosas ocasións cos traballadores e co comité de empresa e en todo momento lles trasladamos que para nós é irrenunciable —repítolle, irrenunciable— que se cumpran as condicións que se estableceron nas concesións de Xeal. ¡Irrenunciable!

Pero non é que vostede me crea ou non me crea, é que este goberno simplemente demostra as súas actuacións con feitos. Debería de saber como este goberno impediu en todo momento que se producise a segregación das centrais hidroeléctricas e da planta industrial de Cee-Dumbría —ano 2017—. ¿E vén vostede aquí, tres anos despois, intentar xerar dúbida de se este goberno vai facilitar a segregación das dúas actividades? Señor Fernández, vólvolle recomendar que lea detidamente as actas deste Parlamento.

Este goberno vai garantir en todo momento que se cumpran as condicións impostas nas concesións de Xeal: en primeiro lugar, manter a actividade industrial e, en segundo lugar, que non se segreguen as actividades de produción de ferroalixes e de produción de enerxía eléctrica. Non merecen os traballadores o descoñecemento que vostede ten, dende o punto de vista xurídico, da situación desta planta. Porque, señor Fernández, non é certo que a operación de venda de accións de Ferroatlántica precise dunha autorización administrativa. Iso é simplemente descoñecer a normativa e, se non a coñece, polo menos debería de ser prudente cando fai intervencións neste Parlamento.



Sabe que non afecta a titularidade das concesións hidroeléctricas no río Xallas e sabe que segue ostentando Ferroatlántica —agora co nome de Xallas Electricidade— a titularidade. Polo tanto, non houbo ningún tipo de operación ilegal na operación na cal...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): ...Xallas, Xeal, adquire esa planta. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Para a réplica, o señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Señor vicepresidente, o comportamento de Ferroglobe con Galiza, a empresa presidida polo xenro de Villar Mir, o famoso «*compiyogui*» do rei Felipe VI, é o típico comportamento desa aristocracia do Antigo Réxime e que hoxe replican as grandes corporacións empresariais, que se cren con dereito de apropiarse de todo canto teñen á súa vista e que lles praxe e non aceptan un non por resposta. Levaron a planta de I+D+i que estaba comprometida con Arteixo para Puertollano nunha operación duramente criticada xa nesa altura por este grupo, mais tamén polo alcalde popular da localidade, ante a evidencia de se tratar dunha represalia da empresa contra a Xunta, enviando ese mineral galego de calidade incomparable da mina de Serrabal tanto para Puertollano como para outras latitudes a través do porto de Vilagarcía, nun modelo de explotación colonial dos nosos recursos naturais que a Xunta debería esforzarse por corrixir e que precisamente leva camiño de agravarse de non evitarse o golpe de man de Ferroglobe na Costa da Morte, matando a actividade industrial para segregrar pola vía dos feitos a produción eléctrica das centrais e poder vendelas.

Esa é a folla de ruta da empresa desde o principio, nunca enganaron a ninguén; póñanlle remedio a isto. Fagan respectar as condicións das concesións, fáganse respectar como goberno.

Os traballadores e traballadoras da Costa da Morte non queren cartas publicadas en xornais, non queren chamadas á unidade, que xa existe, nin retóricas estériles, queren solucións e, por certo, que están na súa man. Solucionen agora o que non quixeron solucionar antes. Nin a Costa da Morte nin Galiza poden permitirse ter un goberno en permanente estado de xenoflexión diante destas corporacións depredadoras.

Observen a resposta social, atendan ese exercicio de dignidade colectiva e actúen dunha vez con todas as consecuencias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonso.

Para o peche da pregunta, o vicepresidente segundo, conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Señor Fernández, da sorpresa pasa vostede ao anacronismo; é ab-



solutamente anacrónico o seu discurso. Vén aquí falar da aristocracia, do Antigo Réxime, da explotación, da depredación... A súa ideoloxía non vai garantir a continuidade dos postos de traballo de Xeal. (*O señor Fernández Alfonzo pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) Non vai garantir a súa ideoloxía a solución do emprego.

A única garantía que teñen nestes momentos os traballadores para saber se os seus postos de traballo se van poder manter é a firmeza deste goberno para manter as dúas condicións esenciais que están impostas nas concesións —reitérolle—: continuar co negocio das ferroalixas e a non segregación das actividades de produción de ferroalixas e de produción de enerxía hidroeléctrica. Así o resolvemos no ano 2017, así o mantemos e así o imos manter. E por moito que o Bloque Nacionalista Galego veña con este discurso anacrónico, ideolóxico, intentando simplemente ter unha foto, non vai iso darlles solución aos postos de traballo.

Fíxese, o que si lle daría solución e garantías, máis garantías, incluso a de incrementar a plantilla en Xeal, sería que o Bloque Nacionalista Galego, en vez de facer fotos co Partido Socialista, realmente se unira á Xunta de Galicia e ao Partido Popular para exixir un prezo eléctrico competitivo. Porque, ¿sabe que pasa? Que Xeal, no ano 2017, percibía —escoite as contías— 28 millóns de euros en concepto de subasta de interrompibilidade de CO₂. ¿Sabe canto vai recibir no ano 2020 deses 28? Dous, ¡dous, señor Fernández! Debería estar vostede preocupado polo réxime do sistema eléctrico que lle afecta as empresas electrointensivas, como é Xeal.

E se vostede, en vez de perder o tempo en ideoloxía, que non leva a ningunha parte aos traballadores, se centrase realmente no que precisa esa planta, que é nun prezo eléctrico competitivo, seguramente lles estaría facendo un gran favor aos traballadores e, dende logo, a este goberno. (*Aplausos.*)

Polo tanto, non se confunda, señor Fernández e non se confunda o Bloque Nacionalista Galego. Temos demostrado que a Xunta de Galicia actúa sempre conforme a lei, sempre defendendo o interese público e sempre defendendo os traballadores e o emprego. Así o temos demostrado en Cee-Dumbría e así o seguiremos demostrando.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para defender os postos de traballo da empresa Maderas Iglesias, do Porriño

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Señor Conde, vimos aquí coa nosa ideoloxía, que é a ideoloxía de defender os intereses deste país, (*Aplausos.*) a clase traballadora deste país, os postos de traballo de xente honrada, humilde, loitadora e traballadora, como as 148 mulleres —a maioría— e homes que traballan aínda en Maderas Iglesias de moitos concellos do sur da



provincia de Pontevedra, como Salvaterra, O Porriño, Pontearreas, Mos, Vigo, Salceda, Tui, As Neves, Redondela, Tomiño..., ata 16 concellos do sur da provincia de Pontevedra, e 148 postos de traballo que están nestes momentos na picota debido á mala xestión empresarial e tamén á inacción da Xunta de Galiza. Neste momento están nunha situación crítica debido á sentenza do Xulgado número 3 do Porriño, que ordenou a subasta da fábrica para facer fronte á débeda coas entidades bancarias, que sobrepasa os 35 millóns de euros.

E queremos chamar a atención, señor conselleiro, neste momento —é a nosa ideoloxía— sobre a importancia dos postos de traballo na industria, e máis que nunca agora para a economía da comarca pola repercusión, ademais, tan positiva que ten o emprego industrial nestas zonas. Necesitamos poñer freo á sangría de perda de empresas e emprego industrial que sofre esta comarca, e agora, precisamente agora con esta crise que temos enriba, non é momento de pechar empresas, é o momento dun plan de reindustrialización de todo o sur da provincia de Pontevedra. E a Xunta, señor Conde, non pode permanecer impasíbel.

Mire, voulle dicir unha cousa, vostede mañá está de aniversario, de sétimo aniversario desta fotografía, (*O señor Bará Torres amosa unha fotografía.*) cando mantiña un idilio, un auténtico idilio, co empresario de Madeiras Iglesias, visitaba a fábrica e ademais a poñía como exemplo: «Conde pon Maderas Iglesias como exemplo de empresa capaz de superar as dificultades a través da calidade, a innovación e a internacionalización». Agora vostede está *missing*, agora non comparece, señor Conde. Antes facía fotos co empresario e agora desapareceu.

Entón, o que lle queremos dicir aquí é que nos congratulamos de verdade de que grazas a cousas que pasaron nos pasados días, fundamentalmente á mobilización dos traballadores e tamén ás preguntas que fixo este grupo, vostedes moveran ficha. O Igape convocou o comité de empresa e houbo unha reunión este luns co investidor e tamén coas entidades acreedoras. Pero non chega isto, señor Conde, queremos que vostede reciba o comité de empresa —está aquí unha representación, ten hoxe unha oportunidade de recibilos, merecen unha explicacións da súa parte— e convoque tamén esa mesa que lle pedimos con todas as partes para buscar solucións e unha saída de futuro para defender estes postos de traballo.

¿Que van facer, señor Conde, porque ata agora non conseguiron resolver a situación? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, con todo o cariño, cando vostedes falan de ideoloxía, defendendo os postos de traballo, ¿a que se refiren, aos traballadores de Elnosa, aos de Ence, aos do sector da automoción en Vigo, cando vostedes non apoiaron a modificación da lei para que PSA puidera facer os investimentos? ¿Onde está esa ideoloxía? (*Aplausos.*) A ideoloxía de vostedes é que,



cando gobernaron no Bipartito, lle concederon un aval a Alfageme de 30 millóns de euros e lles xeraron un quebranto aos galegos; ¿esa é a súa ideoloxía? (*Aplausos.*)

Mire, señor Bará, a credibilidade creo que ten que ser un valor fundamental para exercer unha política ao servizo das solucións.

Eu lamento enormemente que vostede erre no seu relato, e o peor é que o fai conscientemente; faino conscientemente. E digo isto porque, cando vostede intenta trasladar que a Xunta de Galicia non está actuando, sabe que non está respondendo á verdade. Vostede sabe que a Xunta de Galicia desenvolveu numerosas reunións cos traballadores, coa empresa, coas entidades financeiras e con investidores dende o ano 2009. Vostede sabe perfectamente que a Xunta de Galicia estivo apoiando permanentemente esta empresa; sabe perfectamente que Maderas Iglesias non deu percorrido aos investidores que quixeron apostar por esa planta; sabe perfectamente que esta planta ten 35 millóns de euros de débeda coas entidades financeiras, ademais das débedas que teñen con outros provedores; e sabe perfectamente que a Xunta de Galicia nestes momentos está mediando coas entidades financeiras acreedoras, pero tamén sabe perfectamente que non pode haber unha solución para ningunha empresa se non hai unha proposta solvente e viable para garantir os postos de traballo. Porque, señor Bará —e resúmollo moi facilmente—, se a proposta do Bloque Nacionalista Galego é que a Xunta de Galicia asuma as perdas de 35 millóns de euros que ten esta empresa coas entidades financeiras, a resposta é que non.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Para a réplica, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Señor Conde, ¿sabe cal é a nosa ideoloxía? A nosa ideoloxía é que todas as empresas son iguais ante a lei, que Ence non está por riba da lei e que non hai porta xiratoria nin trato de favor que tape o que vostedes pretenden perpetrar, que é un atentado ambiental. (*Aplausos.*) Por iso non imos pasar. Esa é a nosa liña vermella, esa é a nosa ideoloxía.

Señor Conde, vostedes non fixeron todo o que puideron facer, vostedes estiveron varios meses desaparecidos. E foi grazas ás mobilizacións dos traballadores nas últimas semanas que tiveron que comparecer, foi grazas a que presentamos esta pregunta que vostede tivo que mover ficha para poder vir aquí a dicir que o Igape convocou dúas reunións nos últimos días. As cousas son así, foi así. Pero isto non chega, señor conselleiro. Nós queremos plantexarlle aquí —á parte do que lle dixen antes, que espero a súa resposta—: ¿vai recibir ao comité de empresa? Están aquí doce persoas da empresa. Creo que merecen as súas explicacións, creo que merecen que os reciba.

En segundo lugar, señor Conde, ¿vai pedir o aprazamento ou vai colaborar a Xunta para pedir o aprazamento da execución da sentenza, que é unha espada de Damocles neste momento? ¿Que vai facer a Xunta de Galicia a este respecto? ¿Vai a Xunta de Galicia tamén negociar ou colaborar para unha negociación coa banca, cos acredores? Vostedes tamén brindaban no



seu momento de gloria, de rosas e de Albariño con esas entidades acreedoras, supoño que terán tamén teléfono directo con elas e poderán facer algo.

¿Van apoiar un plan de viabilidade da empresa, se o hai ou cando o haxa? ¿Van facer algo a ese respecto? ¿Coñecen que investidor está apostando polo futuro desta empresa? ¿Que opinan desa proposta? ¿Que teñen a este respecto? ¿Valoran vostedes...? Eu non lle digo que vostedes se fagan cargo desa débeda, loxicamente, pero poden valorar opcións como, por exemplo, que XesGalicia poida participar nese plan de viabilidade e nun proxecto dun investidor, se é un investidor do sector industrial, se é un investidor galego que está apostando por esta empresa.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ¿Que van facer, señor Conde, e que ata agora non fixeron?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Xa rematou o seu tempo.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que, señor Bará, a súa ideoloxía, e sobre todo a autocampaña que vén facer aquí o Bloque Nacionalista Galego intentando reescribir o seu currículo, dende o punto de vista laboral non vai axudar os traballadores de Madeiras Iglesias, lamentablemente. O que vai axudar os traballadores de Madeiras Iglesias é o que está facendo este goberno, mantendo o seu compromiso, iniciado no ano 2009 —recórdolle que no ano 2009—, porque no ano 2009 axudamos ao refinanciamento da débeda cun aval de máis de 5 millóns de euros. Debería saber —e non o recorda— que no ano 2013 volvemos axudar a empresa a saír dunha situación concursal. Debería saber que no ano 2018 volvemos axudar a empresa no seu financiamento cambiando as garantías. Tamén debería saber que no ano 2019 volvemos axudar a empresa facilitando un acordo no expediente de regulación de emprego. E debería saber que neste ano 2020 seguimos apoiando a empresa porque o que vostede me está a pedir xa o temos feito.

Chega tarde, señor Bará. O que non pode é vir aquí a facer unha foto cos traballadores porque non o merecen, non o merecen e, polo tanto, señor Bará, nós seguiremos intentando axudar a encontrar a mellor solución posible neste momento; unha solución que ten que pasar polo realismo. Lamentablemente, a situación da empresa, tal e como está sendo xestionada, é unha situación realmente complicada, pero nós estamos aí. Estamos reuníndonos cos traballadores, estamos reuníndonos coas entidades financeiras e estamos reuníndonos tamén co investidor, que está trasladando tamén as súas propostas.



Polo tanto, creo que a situación é crítica porque a débeda da empresa non permite, señor Bará, ningún tipo de propostas irrealis como as que pretende trasladar o Bloque Nacionalista Galego, porque permanentemente e lamentablemente o Bloque Nacionalista Galego fai ideoloxía co emprego, fai ideoloxía coa industria.

Polo tanto, creo que no caso de Maderas Iglesias nós seguiremos traballando, seguiremos facendo todo o posible para que as entidades financeiras e o empresario —o empresario, señor Bará— se senten a negociar para chegar a un acordo que garanta esa viabilidade. E, dende logo, a Xunta de Galicia seguirá estando aí —estivo dende o ano 2009, xa lle fixen todo o relatorio—, seguiremos estando. O único que pedimos é que se plantexe un plan realista que garanta esa viabilidade e, sendo así, nós estaremos para colaborar, para axudar a través de XesGalicia e a través do Igape.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas concretas que adoptou a Xunta de Galicia para axudar os traballadores afectados por un ERTE

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, os expedientes de regulación temporal de emprego, máis coñecidos como ERTE, demostráronse como unha ferramenta imprescindible e moi útil durante o proceso de peche da economía pola pandemia e agora tamén ao longo do proceso de reactivación económica. Dáse a curiosa circunstancia de que os ERTE son froito da reforma laboral que impulsou o Goberno de Mariano Rajoy, a mesma reforma laboral promovida no ano 2012 polo Partido Popular e que agora algunhas formacións políticas, dun xeito temerario e irresponsable, queren eliminar.

Os ERTE son unha figura moi eficiente porque dan unha alternativa a traballadores e empresas en situación de crise, evitando o seu despido, que tradicionalmente era a resposta común que se daba ante tales circunstancias. Esas mesmas formacións políticas parecen descoñecer que se o Goberno Popular non implantara naquel momento a medida dos ERTE hoxe moitos millóns de traballadores en España quedarían en paro nesta pandemia e o actual Goberno de Podemos e do Partido Socialista non tería practicamente capacidade de manobra.

Os ERTE tamén foron obxecto de análise durante o proceso de diálogo social iniciado no ano 2019 entre a Xunta de Galicia e os principais interlocutores, é dicir, empresas e sindicatos. Precisamente un destes acordos foi a posta en marcha dun programa que favorece o mantemento do emprego ante as flutuacións económicas, en particular, unha liña de apoio a empresas e traballadores naqueles períodos nos que a súa actividade se vexa reducida.



No actual contexto derivado da pandemia e coa situación de intermitente parálise económica, foi preciso axustar esta orde de novas demandas. Nos momentos máis duros da emerxencia sanitaria Galicia tivo máis de 200.000 traballadores en situación de ERTE. Ante esta realidade, e coa incapacidade do Goberno Sánchez de facer efectivo o pago das prestacións durante meses, o Goberno galego levou a cabo iniciativas pioneiras, como o aval de ata 1.500 euros de anticipo aos traballadores cun ERTE que non cobraban as prestacións no seu momento.

Señora conselleira, hoxe queremos avaliar como funcionaron estas medidas e, por iso, desde o Grupo Popular formulámoslle a seguinte pregunta: ¿que medidas concretas adoptou a Xunta de Galicia para axudar os traballadores afectados por un ERTE e, especialmente, que medidas concretas puxo a Xunta de Galicia para axudar os traballadores por un ERTE, xa que o Goberno central non lles pagaba as prestacións no seu momento?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Balseiro.

Ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Moitas grazas, vicepresidente.

Boas tardes, deputadas e deputados.

Se mo permiten, vou estruturar esta pregunta en dúas partes. Unha primeira vaise centrar en compartir coa Cámara o traballo conxunto desempeñado pola Xunta de Galicia e os distintos axentes sociais e económicos de cara a identificar e analizar a afectación dos distintos sectores da economía galega, dos distintos traballadores e traballadoras afectados pola crise da covid. E unha segunda parte da intervención será para dar conta das medidas concretas que o Goberno galego ten adoptado no seo deste diálogo social do que lles falo para apoiar estes traballadores e traballadoras afectados.

Para comezar, pois, a primeira parte da intervención gustárame falarlle da Mesa do emprego autónomo de Galicia, así como dos foros do diálogo social que se manteñen periodicamente cos sindicatos máis representativos e coa Confederación de Empresarios de Galicia. A primeira iniciativa —que se activa dende o ano 2016— e a segunda —dende o ao 2005— poñen de manifesto que o traballo conxunto e a coordinación para crear políticas activas de emprego non é froito da situación actual de pandemia, de alarma ou de necesidade.

Mediante a Mesa do emprego autónomo, e como resultado dos catro encontros mantidos ata o de agora este ano, analizamos as problemáticas ás que se están enfrontando os distintos sectores económicos, determinando cales se ven máis afectadas polas consecuencias da covid. Así, concretamos cales deberían ser as liñas de actuación, algunhas delas en distintas medidas xa desenvoltas polo Goberno galego, e en concreto a través dun novo plan de rescate que estamos deseñando, priorizando a axuda a aqueles sectores máis sensibles, pero tamén establecendo como pilar fundamental a recuperación e o mantemento do emprego.



En sede do diálogo social mantivemos neste ano 2018 reunións, e o pasado 23 de setembro foi asinada pola Administración autonómica e os axentes sociais unha declaración para a reactivación económica e social de Galicia e para a continuación do diálogo social na presente lexislatura. Recóllese aquí un compromiso de cooperación entre a Xunta de Galicia e os principais axentes sociais e económicos da comunidade para diminuír o impacto da pandemia e estar ao lado dos cidadáns nesta complexa situación.

Pois ben, paso ao segundo punto da miña intervención, ao punto de cales son as medidas concretas que no seo deste diálogo social do que lles falo foron e están sendo adoptadas polo Goberno da Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia nos momentos máis complexos da pandemia resolveu 36.000 ERTE e colaborou activamente para que os traballadores afectados puideran acceder canto antes a estas prestacións. Así mesmo, puxemos en marcha anticipos para máis de 3.400 persoas, pendentes do Goberno central, para cobrar as súas prestacións. A Xunta preocupouse dos traballadores autónomos poñendo en marcha o paquete de medidas de autónomos que xa coñecen e temos referido nesta Cámara noutras ocasións. Por outra banda, aprobamos o Plan de recuperación para o ocio nocturno, 4,8 millóns de euros, no Consello do pasado xoves para apoiar un dos sectores que máis está sufrindo as repercusións da pandemia.

E o seguinte paso será o Plan de rescate para autónomos e microempresas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Este plan, como foi anunciado polo presidente da Xunta de Galicia, está dotado con 70 millóns de euros e afectará 30.000 autónomos e 100.000 microempresas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica, ten a palabra o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora conselleira.

Moitas grazas pola súa resposta.

Vostede falou de 18 reunións no diálogo social, falou de 36.000 expedientes resoltos e falou de 3.400 persoas que, no momento máis difícil que estabamos a pasar —loxicamente, porque estabamos confinados e ninguén pensaba estar confinado—... Hai uns meses o Goberno de España tiña que facerlles un pago e, como non llelo facía, entón, a Xunta de Galicia tivo que facer xustamente o que tería que facer o Goberno de España, pero, como o Goberno de España non o fixo, tivo que chegar a un acordo con catro entidades financeiras para que estas persoas, moitas delas pais de familia, tiveran cartos para darlles de comer ao seus fillos. Polo cal, unha vez máis, o Goberno de Galicia tivo que facer o que non facía o Goberno de España. *(Aplausos.)*



Voules dar un consello, señorías. Ao Partido Socialista, que goberna, que malgoberna en España, e ao Bloque Nacionalista Galego, que apoia ese malgobierno, e ademais apoiou a investidura do señor Sánchez, téñolles que dicir que derrogar a reforma laboral do Goberno de Rajoy é xustamente derrogar os ERTE neste momento. Esa é a realidade.

E tampouco deben esquecer vostedes que agora algúns dos seus compañeiros en Madrid enorgullécense desa ferramenta laboral que ten impedido que moitos traballadores perderan o emprego, pero no seu día votaron en contra, incluído o actual presidente do Goberno de España, o señor Sánchez.

Esa é a realidade na que nos encontramos. Polo cal, señora conselleira, vostede acaba de dicilo e supoño que o dirá na réplica, o Goberno de Galicia fixo os deberes, o Goberno de Galicia preocupouse, no momento máis difícil, nun dos momentos máis difíciles polos que pasamos na nosa comunidade autónoma, polas familias que o necesitaban nese momento... *(O señor Balseiro Orol pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Balseiro, rematou o seu tempo.

Moitas grazas. Xa rematou o seu tempo.

(Aplausos.)

Para a réplica do Goberno, ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Moitas grazas.

Efectivamente, a Xunta de Galicia ten amosado durante toda esta pandemia que é un goberno unido e un goberno con experiencia, e cando hai que tomar decisións con pouca marxe de tempo porque a cidadanía o necesita, resulta imprescindible ter á fronte un goberno competente.

Como xa lle dicía na miña primeira intervención, a Xunta de Galicia foi a que resolveu eses 36.000 ERTE, a Xunta de Galicia foi a que foi quen de poñer á disposición os anticipos a máis de 3.400 persoas, e esa mesma experiencia é a que leva anos demostrándonos que para sacar adiante calquera tipo de plan ou calquera tipo de proxecto, a Administración autonómica debe contar cos axentes sociais implicados, porque o éxito dos resultados baséase precisamente na cooperación, e da cooperación, como estamos a facer en Galicia, no seo do diálogo social.

Pero a cooperación debe ser tamén entre administracións públicas, e boa mostra disto sería —e dígoos aquí, nesta Cámara— que dunha vez por todas a Administración estatal facilítase en beneficio de todos ás comunidades autónomas o número dos ERTE que se atopan actualmente activos, que se atopan actualmente vivos na comunidade de Galicia, e o número de traballadores afectados por eles. Porque necesitamos eses datos para traballar, para tomar decisións, para implementar medidas. Todo o demais é traballar ás cegas e duplicar os esforzos de xeito innecesario.



Levamos meses traballando nunha estratexia, en proxectos que se adapten ás necesidades cambiantes que están experimentando os negocios na nosa comunidade, e necesitamos os datos reais do número de traballadores afectados, do número de empresas afectadas polos ERTE.

Pero, como lles dicía, estamos sendo quen de sacar adiante medidas de apoio para os sectores, medidas de apoio para as empresas, medidas de apoio para os autónomos e autónomas de Galicia, grazas á colaboración cos axentes sociais e grazas á colaboración coas asociacións de autónomos de Galicia.

Efectivamente, con isto, mañá, como anunciaba o presidente, o Consello da Xunta de Galicia dará luz verde a un plan de apoio aos autónomos e ás microempresas en ERTE en Galicia por valor de 70 millóns de euros. Este plan dará lugar a dúas ordes de axudas, que serán traballadas e consensuadas no seo do diálogo social e tamén no seo da Mesa de autónomos de Galicia. *(Aplausos.)*

Tanto a Mesa de autónomos como o correspondente grupo de traballo do diálogo social están convocados para o próximo venres, porque o que vai autorizar o Consello da Xunta son eses 70 millóns de euros que serán definidos para os sectores máis afectados segundo o que nos digan os propios interesados, que son os autónomos e que son as empresas.

E nada máis. Todo isto que lles acabo de explicar creo que pon de manifesto o intenso traballo que está desenvolvendo o Goberno galego para artellar a senda da recuperación económica, para apoiar o traballo, para apoiar o mantemento do emprego, tanto o emprego autónomo como o das pequenas e medianas empresas e o das microempresas, que son á fin e ao cabo a meirande parte do tecido empresarial de Galicia.

Pola miña parte, máis nada.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da ligazón da área de Igualdade á de Emprego na nova consellería creada na Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Boa tarde, señora conselleira.

A pandemia da covid-19 afectou de maneira global toda a sociedade, cunhas consecuencias sociais e económicas evidentemente aínda por avaliar; porén o que si parece claro é que esta afec-



tación foi moito maior para as mulleres, que experimentaron unha regresión nas súas condicións vitais para asumir máis carga de traballo no fogar, os cuidados de persoas dependentes ou menores, a modificación das súas condicións laborais para adaptarse á nova realidade e mesmo o feito de atoparse nunha maior situación de vulnerabilidade en casos de violencia de xénero.

Ante esta situación, pensamos que son os poderes públicos os que teñen que asumir a responsabilidade de mitigar esta situación vital das mulleres e aplicar políticas de discriminación positiva para evitar que todo isto se produza.

¿Que pasa? Pois que non parece que as políticas en materia de igualdade sexan para vostedes, como debería de ser, unha prioridade de goberno. Coa creación da nova carteira de Emprego e Igualdade poderíase atisbar cerca preocupación ou intención de artellar políticas no ámbito laboral e de promoción profesional dirixidas a contrarrestar a desigualdade que sofren as mulleres. Ata aí nada que obxectar. Mais a igualdade transcende a moitas máis áreas e non só ao emprego. A fenda de xénero existe en todos os ámbitos da sociedade, de maneira que as políticas públicas que se implementen deberían ter a igualdade como eixo transversal, xestionando de forma eficiente os recursos dispoñibles e achegando outros novos, ademais de avanzar en novas políticas en relación con outros campos de actuación, como pode ser a educación, a sanidade, a xustiza ou mesmo o urbanismo.

Por outra banda, o Partido Popular —e aquí comezamos coa pregunta— debe pensar que imos crer a súa preocupación pola igualdade só por poñer esa palabra no título dunha consellería. E digo isto, porque a recién creada Consellería de Emprego e Igualdade xa tiña definido practicamente todo o seu gabinete da área de Emprego, a estrutura e as súas liñas de acción iniciais, mentres que a de Igualdade permanecía no máis absoluto esquecemento ata só hai uns días, que coñeciamos que a secretaria xeral de Igualdade volvería ser Susana López Abella, a quen dende aquí lle desexamos os maiores éxitos.

É por iso que ao Grupo Parlamentario dos e das Socialistas de Galicia nos preocupa que o Goberno galego, primeiro, non creara unha Consellería de Igualdade como tal, e despois que unira esa competencia a un campo concreto, como é o do emprego, que en realidade parece ser ese, o do emprego, o único cometido desta carteira.

Dende logo, sabedoras de que foron as mulleres as maiores prexudicadas desta crise, que aínda seguen a ser as responsables dos cuidados e desa mal chamada conciliación, non parece de recibo esa despreocupación, ese descabezamento durante mes e medio, por non falar xa da falla de accións concretas tamén neste período.

Gustaríanos saber, entón, que motivou esa conxunción–ligazón–relación —podemos empregar moitas palabras— das áreas de Igualdade e Emprego nunha soa consellaría.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Díaz.

Ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.



A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Moitas grazas.

Deputada, agradezo moitísimo que diga vostede que eu xa tiña definidas todas as liñas de emprego da consellería hai dúas semanas.

E logo fala vostede de transversalidade, cando resulta que parece ser que todas as políticas de igualdade da Xunta de Galicia están concretadas na figura dun cargo concreto, que é a Secretaría Xeral de Igualdade. A Presidencia da Xunta de Galicia é Igualdade, a vicepresidencia primeira é igualdade, a vicepresidencia segunda é igualdade; todas e cada unha das consellerías da Xunta son igualdade. (*Aplausos.*) E quero dicir con isto, señoría, que a igualdade é unha acción transversal de todo o Goberno da Xunta de Galicia.

O Goberno da Xunta de Galicia ten asumido un firme compromiso coa sociedade galega en prol da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes; compromiso que se vén materializando non agora, senón dende hai anos no desenvolvemento das medidas e dos instrumentos xurídicos, económicos e sociais nos orzamentos da Xunta de Galicia, orientados á supresión de obstáculos que aínda persisten e que impiden que a igualdade entre xéneros sexa real e efectiva.

Preguntan vostedes, señorías, sobre as razóns da ligazón da área de Igualdade e da área de Emprego na nova consellería creada na Xunta de Galicia. Pois ben, sen prexuízo desa transversalidade, na que eu, dende logo, si creo, e de que lles falo respecto das políticas de igualdade, debemos ter en conta, e así o fixo o Goberno galego, que a incorporación das mulleres ao mercado laboral, a permanencia no emprego e as súas condicións de traballo aínda están lonxe de producirse en condicións de igualdade. Así o revelan as estatísticas, que seguen falando dunha realidade desigual nas retribucións salariais, na promoción profesional, no acceso aos sectores e ámbitos aínda fortemente masculinizados, así como tamén na presenza nas esferas de dirección. E este escenario contribúe certamente á persistencia dos estereotipos de xénero, de aí que sexa preciso seguir traballando en prol dun cambio cultural e de valores que modifique as actitudes e roles que sustentan a desigualdade de xénero.

Sen dúbida, outro dos grandes retos para os vindeiros anos é a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a corresponsabilidade no ámbito doméstico e familiar. A corresponsabilidade é labor do conxunto da sociedade, das administracións públicas, dos axentes sociais e das instancias privadas, e debemos entre todos traballar para fomentala. E falo dende o firme convencemento de que o avance económico, social e cultural de Galicia vai depender ineludiblemente de que as mulleres e os homes partan do mesmo lugar para poder alcanzar as mesmas metas, sen que o xénero masculino ou feminino constitúan unha limitación para o desenvolvemento dos distintos ámbitos da vida das persoas.

Neste contexto, a Consellería de Emprego e Igualdade artellará as políticas públicas para consolidar os logros producidos nos últimos tempos, reforzar as medidas dirixidas á eliminación das distintas brechas de xénero e sentar os cimentos para acadar novos avances na igualdade entre mulleres e homes.

Pola miña parte, máis nada agora.



Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica, ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Si, grazas.

Bueno, á vista da resposta da conselleira, que xa temía, porque non contestou, permítanme ir á anécdota nesta miña réplica. Pretendo así ser gráfica para demostrarlles a despreocupación pola igualdade por parte deste goberno galego.

Verán, no seu discurso como candidato na sesión de investidura do Parlamento de Galicia do 1 de setembro, o xa presidente Alberto Núñez Feijóo —digo que era candidato— fixo referencia unha vez —junha vez!— ao machismo e á violencia de xénero, pero non se atreveu nunca a pronunciar nin a palabra «feminismo» —que é o que combate, precisamente, ese machismo e esa violencia— nin a palabra «muller». A igualdade centrou catro parágrafos —por certo, moi curtos— nun discurso de 56 páxinas, e ningunha desas mencións se asociaba a cuestións relacionadas con emprego. ¡Curioso!

Cinco días despois, asinaba o decreto de nomeamento do seu novo Goberno, no que entre outras cuestións anunciaba con gran «pompa e compromiso» —entre comiñas— a creación dunha nova consellería que englobaría as áreas de emprego e igualdade.

Falan de compromiso. Bueno, pois vou volver á anécdota tamén novamente. A web da Consellería de Emprego e Igualdade, na web institucional propia da Xunta de Galicia —que hoxe entendemos que xa non debe ser tan mera anécdota—, está dedicada enteiramente á área de emprego, enteiramente, non existindo nin unha soa liña do departamento de igualdade ou desa segunda metade, por moi transversal que sexa. É máis, a web de Igualdade continúa, certo, pero xa me dirán vostedes como chega unha muller que necesite buscar algún recurso de maneira urxente a esa web. Convídoos a que o fagan, a que fagan ese exercicio.

Non teño moito máis que dicir, salvo pedirilles que, por favor, tomen en serio esta cuestión, porque, como dixeran, son as mulleres quen peor o está pasando nesta crise sanitaria, por non falar tamén agora da discriminación histórica que vimos padecendo.

Xestionen, fagan políticas de emprego que favorezan as mulleres, si, pero non se esquezan —repito— de que a igualdade é unha cuestión transversal a calquera acción de goberno.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Díaz.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.



A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Moitas grazas.

Podo asegurarlle, señoría, que o Goberno galego si toma en serio a igualdade de xénero. Non sei se é tomar en serio a igualdade de xénero falar de se o presidente utiliza a palabra feminismo e se isto —o emprego da palabra feminismo ou machismo— combate, ao parecer, a violencia de xénero. E non sei se é falar en serio da igualdade que vostede estea falando da web da Consellería de Emprego.

A desigualdade afecta as mulleres e é produto dunha realidade complexa e multidimensional, á que cómpre facer fronte dende unha unha perspectiva tamén multidisciplinar e a implicación —como lle digo— de todas as áreas de goberno da Xunta de Galicia, de todas as administracións e de todo o conxunto da sociedade. Só así poderemos avanzar na eliminación das brechas de xénero nos distintos ámbitos, e, entre estes ámbitos, por suposto, e como moi importantes están o acceso ao emprego, a mellora das condicións laborais, a promoción profesional e o fomento da presenza de mulleres nas esferas de decisión e influencia das estruturas sociais, económicas e profesionais.

O crecemento de Galicia, o incremento intelixente e sustentable que procuramos para Galicia, precisa do potencial de todas e de todos, polo que continuaremos traballando no fomento da creación de postos de traballo para a poboación feminina e favorecendo o emprendemento dende a innovación. Pero resulta indubidable que a plena igualdade no ámbito laboral só será posible se existe unha asunción equitativa do traballo doméstico e dos coidados no ámbito do fogar. Por iso, como lle dicía, o Goberno galego fai unha forte aposta por un modelo de sociedade corresponsable. E é por isto que non só se seguirá a impulsar a concienciación da sociedade en favor dunha organización social corresponsable e de horarios máis racionais, senón que se reforzarán os recursos destinados á conciliación da vida laboral, persoal e familiar.

A igualdade, señorías, é un valor de Estado, a violencia de xénero é un asunto de Estado e a erradicación da violencia machista é un deber de Estado, xa que a violencia machista constitúe o máis cruel expoñente da falta de igualdade da nosa sociedade e un dos ataques máis flagrantes dos dereitos fundamentais das persoas. Previr o machismo e a violencia exercida contra as mulleres é un obxectivo prioritario e irrenunciable para este goberno. Erradicar a violencia de xénero e acadar a igualdade real é unha tarefa na que non nos podemos permitir retroceder. É preciso lanzar unha mensaxe política rotunda baseada necesariamente en acordos, porque os maiores logros se conseguen mediante o compromiso dos sectores políticos e sociais. Todos debemos involucrarnos na procura de solucións neste eido, empezando, por suposto, polas administracións públicas. E, como lle digo, a Xunta leva anos traballando para facer de Galicia unha comunidade referente en materia de igualdade.

En definitiva —e remato xa—, dende a Consellería de Emprego e Igualdade seguiremos traballando contra a brecha de xénero en todas as súas manifestacións e, ¿como non?, no acceso ao emprego. Seguiremos apoiando a promoción profesional e o liderado feminino, xa que tanto a sociedade do presente como a do futuro o precisan. Acadar a igualdade real e efectiva é un obxectivo irrenunciable de todo o Goberno da Xunta de Galicia.

Grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a María Corina Porro Martínez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre cal é a avaliación do funcionamento, a actividade e o resultado das medidas de prevención da covid-19 implantadas a través da creación do rexistro de viaxeiros

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, conselleiro.

A covid-19 é unha infección respiratoria emerxente causada polo SARS-CoV-2. Nun principio, o foco epidémico, como todos sabemos, estaba localizado en China, concretamente na cidade de Wuhan. A epidemia comeza a propagarse a outros países, e comézanse a detectar tamén contaxios comunitarios en máis dun continente; o que leva á Organización Mundial da Saúde a declarar o 11 de marzo o estado de pandemia. En España o primeiro caso detectado foi localizado a finais do mes de xaneiro e dende entón o número de contaxios aumentou de maneira progresiva e a gran velocidade. O 14 de marzo declarouse o estado de alarma. Foi un día antes, o 13 de marzo, o Acordo do Consello da Xunta de Galicia que declara a situación de emerxencia sanitaria na Comunidade Autónoma galega o que obrigou a adoptar unha serie de medidas transitorias dirixidas a garantir ao mesmo tempo a seguridade dos profesionais sanitarios e dos pacientes, mantendo en todo momento o correcto equilibrio no exercicio dos dereitos e das obrigas da cidadanía galega.

Co obxectivo de protexer a saúde de todos nós e de conter a transmisión do virus e o progreso da enfermidade, dende a Xunta de Galicia puxéronse en marcha unha serie de medidas para a prevención da infección polo virus; medidas propostas polo Comité Clínico, medidas propostas polos profesionais sanitarios e medidas nas que Galicia foi pioneira en moitas delas, como, por exemplo, a covid-auto, conseguindo así unha recollida rápida das mostras dos casos sospeitosos, ou tamén a técnica de *polling* para facer os cribados máis amplos e rápidos.

Á vista da evolución da situación sanitaria e para facer fronte aos riscos de aparición de novos abrochos derivados da chegada a Galicia de persoas procedentes doutros territorios, o pasado 28 de xullo a Consellería de Sanidade publicou a Orde do 27 de xullo de 2020 pola que se establecen as medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola covid-19 en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios. Galicia unha vez máis establece unha medida pioneira para afrontar con garantías a tempada turística, o rexistro de viaxeiros, que non é máis que que todas as persoas que entran na comunidade autónoma procedentes de territorios cunha alta incidencia epidemiolóxica teñan que facilitar os seus datos ao Goberno galego no prazo de 24 horas dende a súa chegada para os efectos de facilitarlles a información e as recomendacións sanitarias que procedan.



Tendo en conta o tempo transcorrido dende a entrada en vigor da dita orde é polo que lle preguntamos: ¿como se desenvolve o rexistro de viaxeiros e ata cando vai continuar operativo?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde, presidente.

Señorías.

Señora Rodríguez-Vispo, grazas por interesarse por este asunto.

Efectivamente, o sistema de seguimento de casos que ten Galicia destaca pola evidencia dos seus resultados, unha incidencia acumulada moi por debaixo da media nacional e uns índices de positividade de PCR tamén moi por debaixo, pero tamén destaca porque dispoñemos de instrumentos cos que non conta ninguén máis, ou polo menos cos que Galicia foi a primeira comunidade en contar.

Cando a Xunta de Galicia crea este rexistro na nosa comunidade autónoma foi a primeira en acadar o que o Goberno de España deu en chamar «a nova normalidade»; é dicir, o resultado da saída do estado de alarma. A partir de entón era cuestión de tempo a saída do estado de alarma do resto das comunidades autónomas. E estaba tamén anunciada polo Goberno de España a apertura do noso país ao turismo estranxeiro a partir de xullo. En consecuencia, no propio mes de xullo a Xunta dita —como vostede ben dicía— a Orde pola que se establecen medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola covid-19 en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios. E esta orde inclúe a instauración dunha obriga de comunicación de datos ao Sergas de todas aquelas persoas que estiveran nos catorce días previos á entrada na nosa comunidade nunha listaxe de territorios onde existira unha alta incidencia da covid-19 ou onde non se dispuxera de datos fiables sobre a súa situación epidemiolóxica. Estes cidadáns deben comunicar, ou ben mediante o teléfono 881002021 ou ben mediante internet, os seus datos de contacto e estancia.

Por outra banda, a orde tamén establecía a obriga de informar deste rexistro aos usuarios dos establecementos de aloxamento turístico, das axencias de viaxe, dos operadores turísticos e das compañías de transporte. E tamén as empresas galegas con traballadores, por exemplo, que viñesen destes territorios quedaban obrigadas a informar a través deste mecanismo.

A orde estableceu tamén medidas para os visitantes que notaran sintomatoloxía compatible coa covid-19, creando mecanismos de aviso, de illamento e de comunicación ao Sistema sanitario galego. Coido que este instrumento foi clave para a promoción de Galicia como destino seguro neste verán e para conseguir unha tempada turística con mellores resultados que a media nacional. Pero este sistema é, sobre todo, un instrumento máis do sistema ga-



lego de seguimento e detección e un mecanismo máis para garantir a nosa saúde pública; polo tanto, este sistema chegou para quedar, polo que os resultados así o avalan. E, de feito, o pasado venres o *Diario Oficial de Galicia* publicaba unha nova actualización da resolución, actualizando a listaxe de territorios de procedencia dos visitantes que teñen a obriga de dar tal información.

De momento, nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra a señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas pola súa resposta, señor conselleiro.

Dende logo, a nós non nos cabe a menor dúbida de que este rexistro é unha boa medida para acadar unha detección e unha diagnose precoz de calquera infección por coronavirus e para protexer, deste xeito, a saúde da cidadanía galega.

Está claro que as medidas que se adoptaron en Galicia están incidindo positivamente no manexo da pandemia nesta comunidade. O pasado venres era noticia o documento do Ministerio, que permite, en función duns indicadores comúns, cualificar e facer unha avaliación da pandemia. Establecía catro niveis de alerta, e só había dúas comunidades autónomas con nivel baixo de risco: Cantabria e Galicia. Está claro que o sistema de rastrexo está funcionando na nosa comunidade autónoma.

Onte mesmo viamos na prensa que os indicadores de presión asistencial son dos mellores de España: un 3,95 % de camas ocupadas por pacientes covid, fronte á media estatal, do 10,36 %; e un 7,29 % de camas UCI ocupadas, fronte ao 21,04 % no Estado. Asemade, a mortalidade en Galicia dos doentes covid críticos foi bastante menor que noutros lugares, e non o di esta deputada, dío o presidente da Asociación de Anestesistas de Galicia. Galicia continúa sendo no día de hoxe unha das tres comunidades —como vostede dicía— con menor incidencia acumulada, estando moi por debaixo da media nacional. Algo terán que ver todas estas medidas, moitas delas —como xa dixemos— pioneiras no Estado.

Di vostede na súa intervención que este sistema chegou para quedar porque os resultados así o avalan. Gustaríanos saber nesta segunda quenda se pode explicarnos máis polo miúdo estes resultados e se o Goberno galego, exercendo as súas competencias en materia sanitaria, vai tomar algunha medida máis similar a esta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, señoría.



Por falar brevemente dos resultados, quero dicir que nos catro meses que leva funcionando o rexistro de viaxeiros máis de medio millón de persoas se rexistraron a través deste mecanismo; medio millón de persoas, das cales o 86 % procedían doutra comunidade autónoma española, e o resto do estranxeiro. A este medio millón de persoas chegaron a facérselles máis de 10.000 probas PCR, neste caso a visitantes. E grazas a este rexistro fomos quen de detectar 951 casos positivos para a covid-19. Ademais, o sistema de seguimento permitiu localizar 2.239 contactos estreitos, corentenalos e facerlles as pertinentes probas, a través das cales á súa vez detectamos 653 positivos. É dicir, que a suma total de casos positivos que puidemos detectar grazas a ter implantado este rexistro é de 1.604 casos.

Creo, polo tanto, que a avaliación deste sistema é moi positiva. É un mecanismo máis á disposición do sistema de rastrexo existente en Galicia. É un proxecto pioneiro, como vostede ben dicía, que axuda a este sistema a destacar como un dos máis eficaces. E, por suposto, o éxito deste sistema anímanos a tomar máis medidas semellantes. Por exemplo, o pasado 30 de setembro incluimos tamén a medida de exixir tests serolóxicos ou outras probas similares para os equipos de deportistas procedentes doutras comunidades autónomas no ámbito das competicións deportivas oficiais de ámbito estatal; non profesionais, por suposto, sempre no caso de modalidades deportivas que non impliquen contacto.

Neste tema tiñamos unha lagoa normativa, porque estes deportistas pasaban menos de 24 horas na nosa comunidade, co cal, non se lles aplicaba o sistema de rexistro de viaxeiros. Pero, en vista de que o Consello Superior de Deportes estatal segue sen ditar un protocolo claro sobre este aspecto, decidimos actuar. Eu mesmo comuniquéi ao Ministerio de Sanidade que Galicia adoptaba esta medida en exercicio das súas competencias en materia sanitaria ante a falla dunha resposta do Estado.

Polo tanto, si, seguimos traballando e si seguiremos anticipándonos e deseñando medidas —ás veces antes ca ninguén— para dotarnos de novos instrumentos de detección precoz e control do virus, sobre todo porque, como temos visto, os resultados amosan que funciona.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor conselleiro.

Pasamos ás interpelacións, que foran alteradas no desenvolvemento da orde do día.

Interpelación de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa garantía da asistencia sanitaria á cidadanía

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Boa tarde, señor conselleiro.



Cando rexistramos esta iniciativa o 10 de setembro xa era unha evidencia que o número de persoas positivas por covid-19 en Galiza non facía máis que aumentar. Hoxe é unha evidencia que a situación é moitísimo máis grave. Ás 12 da noite de hoxe entra toda Galiza en nivel 2 e parte de Galiza en nivel 3. E a pregunta pola que o queremos interpelar hoxe —xa que vostede, no terceiro pleno diante desta situación, non vén por vontade propia comparecer a este Parlamento— é: ¿en que condicións está a sanidade pública para afrontar esta situación? ¿En que condicións está para atender as necesidades sanitarias habituais, as patoloxías normais, as derivadas da covid-19 e as derivadas das enfermidades respiratorias propias desta época, da época invernal, que acontecen en maior ou menor medida todos os anos. ¿Que plan de continxencia ten preparado a Xunta de Galicia para garantir a asistencia sanitaria á poboación?

O que sabemos, señor conselleiro, é que a sanidade pública galega está enfrontándose no día de hoxe con moitas dificultades despois de once anos de recortes inmisericordes por parte do Partido Popular. O que sabemos hoxe é que a atención primaria está afogada, que os profesionais están cunha sobrecarga brutal, cunhas axendas extenuantes, ao ter que atender o cupo propio e o dos ausentes... Podo darlle un dato, simplemente un dato: no meu centro de saúde, no que eu teño de referencia, o de Cambados, hai dous días, o luns, había tres médicos e medio para un cupo de nove. É un dato, pero este podía estar por todo o país. Tres e medio —digo «e medio» porque había un contratado para unhas horas— para un cupo de nove profesionais. A isto hai que engadir toda a sobrecarga que lles puxeron encima e facer seguimento das persoas positivas por covid e que logo permanecen nos seus fogares.

Todas as persoas expertas non se cansan de dicir que na loita contra a covid a atención primaria é fundamental, que é fundamental a detección precoz, identificar e illar os doentes, e, a pesar diso, vostedes persisten en ter unha atención primaria afogada, cos centros de saúde a medio gas, con ringleiras de persoas facendo cola ás portas, con colapsos, con teléfonos non atendidos, sen presencialidade e coas persoas, os profesionais dos centros de saúde, desbordados a máis non poder. E este persoal, señor conselleiro, está soportando inxustamente as queixas dunha poboación que está moi molesta, moi frustrada e moi preocupada polas dificultades de acceder á asistencia, cando hai un único responsable, que é neste momento vostede como máximo responsable da Xunta, do Sergas, por non dotalos de medios e de recursos.

Na atención hospitalaria a situación, dende logo, non é mellor. Podo falarlle de Montecelo: urxencias saturadas, camas insuficientes un día si e outro tamén, 15 ou 20 persoas agardando por cama ao rematar cada quenda... No Chuac: urxencias saturadas, doentes nos corredores, cada día máis camas ocupadas por patoloxía covid... No Chuvi: urxencias saturadas, sen camas para ingresos, sen reforzos de persoal. No CHUS, igual. Bueno, temos que engadir que non normalizaron a actividade normal despois da desescalada, que seguen sendo miles as persoas ás que se lles interromperon ou ás que se lles cancelaron probas diagnósticas, consultas, intervencións e que non saben cando os van chamar nin saben que pasa cos seus procesos de saúde. E hai persoas con patoloxías graves, con intervencións suspendidas en febreiro e que no día de hoxe —practicamente en novembro— aínda ninguén se volveu poñer en contacto con eles e non saben que vai pasar. Claro, a pregunta é: ¿cal é a planificación do Sergas para evitar os colapsos do servizo e dar esta asistencia ás persoas que o necesitan?



As condicións do persoal, señor conselleiro, dende logo, tampouco son mellores. En plena segunda onda da pandemia manteñen unha contratación precaria, por días, por horas, por semanas; continúan ofertando contratos que en nada se asemellan ás necesidades da situación actual; e teñen un sistema de contratación precario, unha elevada temporalidade. Nin sequera nesta emerxencia sanitaria son capaces de rematar con esa política de contratación indecente duns profesionais que o teñen dado todo e aos que proceso tras proceso vostedes non fan máis que maltratar. A min gustaríame que vostede tivese algunha resposta que realmente puidese trasladarlles aos profesionais.

Case oito meses despois de iniciarse a pandemia o persoal segue denunciando que hai persoal contratado para zonas covid que logo está por todo o hospital; un día poden estar atendendo a covid e ao día seguinte poden estar atendendo unha muller que acaba de dar a luz ou recién nacidos. Isto, con toda normalidade. Oito meses despois do inicio da pandemia teñen que seguir denunciando deficiencias na protección que lles están dando aos profesionais, señor conselleiro; deficiencias diante dos posibles contaxios e deficiencias e escaseza de materiais de protección. A nós parécenos totalmente inxustificábel que a estas alturas teñan que estar demandando máscaras de protección suficientes diante da chegada de doentes. Neste momento hai transmisión comunitaria, hai cantidade de asintomáticos, e resulta que vostedes lles están dicindo que poden usar máscaras cirúrxicas e que só poden usar as FFP2 naqueles casos que consideren que son sospeitosos. ¿Cales son sospeitosos, señor conselleiro? ¿Por que pasa toda Galicia ao estadio 2 se están identificados os sospeitosos? Vostede sabe que non é así e, a pesar diso, teñen o persoal traballando nunhas condicións de inseguridade. E, froito diso, danse as circunstancias de que, por exemplo, no centro de saúde de Vimianzo, de 15 profesionais, hai 11 contaxiados, ou o caso que se acaba de dar no Servizo de Urxencias de Montecelo, onde dan positivos, vostedes non lles fan as probas, teñen que recorrer a altas instancias para que lles fagan, despois hai xente en contacto directo con positivos e seguen traballando, logo iso multiplícase... ¿Vostede cre que a estas alturas pode seguir o persoal traballando nestas condicións de incerteza, de inseguridade, con materiais que non son os axeitados e que pode seguir existíndolle que o sigan entregando todo? Dende logo, no BNG cremos que non.

¿Como se está protexendo os profesionais de posibles contaxios, señor Comesaña? ¿Que materiais de protección se lles está facilitando? ¿Cantos profesionais ten previsto contratar a Xunta para afrontar a situación tanto en primaria como en hospitalaria? Estas preguntas estaban por escrito, supoño que vostede virá coa contestación a estas cuestións.

Dende logo, teño que dicirle que no BNG estamos tremendamente preocupadas porque, diante deste contexto de atención primaria ao límite, a hospitalaria cunha presión asistencial en aumento que xa está poñendo en evidencia a incapacidade de dar resposta, persoal ao límite, a poboación angustiada pola pandemia e polas dificultades de acceso á atención sanitaria, o nivel de contaxios por covid-19 desbocados, o que vemos é que a Xunta, o Sergas e vostede non só non están actuando para solucionar estes problemas, para dar resposta, senón que seguen poñendo esforzo na propaganda. E dígolle isto porque, mire, o acerto e a efectividade das decisións depende en gran medida de ter unha información fiábel e rigorosa. Acaba de contestar vostede a unha pregunta do Partido Popular a respecto da efectividade de determinadas medidas e dos rastrexos, e a pesar de que é necesaria esa información rigorosa e fiábel, o Goberno galego non está actuando nesa dirección; moi ao contrario, eu



hoxe quedaba bastante escandalizada escoitando a directora xeral de Saúde, na rolda de prensa que deron pola mañá, dicindo que tiñan controlados os brotes, que xa se sabía cal era a orixe, cando os informes do Carlos III, o informe do 14 de outubro, de hai uns días, segue dicindo que en Galiza o 63,2 % dos contaxios non están identificados. ¿Pero como se atreven vostedes a dicir que xa os teñen controlados cando os informes din que o 63,2 % non están identificados e que Galiza segue sendo con moito a comunidade onde esa situación se dá? Pois vostede me dirá.

Non estar identificados ten moito a ver con cal é o sistema de rastrexos. No día de hoxe seguimos sen saber cal é o sistema de rastrexos, señor conselleiro. É bastante bochornoso ter que vir aquí un pleno tras outro a preguntarlle cando o van clarificar. E, realmente, despois de que incluso vostede deixara en entredito que non sabían moi ben que era o dos rastrexos, temos que volver ver na televisión pública de Galiza hai uns días este gráfico. *(A señora Prado Cores mostra un gráfico.)* É dicir, o Partido Popular atrévese a volver poñer este gráfico na televisión pública de Galiza onde di que en Galiza hai 6.000 rastrexadores. *(Aplausos.)* É dicir, a pesar de cal é a realidade, vostedes persisten en intentar impoñer un relato fraudulento; a propaganda fronte á realidade. E hai uns días na televisión pública de Galiza volven poñer este gráfico onde di que en Galiza hai 6.000 rastrexadores. Segue sen dicirnos quen son, como, onde están, como se chaman, onde traballan, pero que a publicidade e o titular non lle estropee a realidade.

Igual que lanzaron a bombo e platillo, señor conselleiro, unha campaña con miles de tests rápidos nas farmacias de Ourense porque iso ía ser unha gran atención á cidadanía, e en vez de reforzar a atención primaria e a atención na sanidade pública reforzan establecementos privados...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...e ademais fano para sacar adiante exclusivamente tests que ían caducar de alí a uns días.

Mire, señor conselleiro... *(A señora Prado Cores mostra uns documentos.)* É vergonzoso... *(Aplausos.)* ¡É vergonzoso...!

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Tests... Mire, o 23/10 caducaban...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRADO CORES: ...o 19/10 caducaban...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: O 20/10... É dicir, é vergonzoso que por parte dun goberno...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten vostede despois outro turno...



A señora PRADO CORES: ...se lancen campañas dicindo que vai ser para axudar a poboación, cando, para o único que era, era para quitar de diante...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

A señora PRADO CORES: ...material que ía caducar nuns días.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: A min gustárame que...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado. Ten vostedes outro turno despois no que pode continuar.

(Aplausos.)

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde de novo, presidente.

Señorías.

Señora Prado, grazas pola pregunta porque considero moi acaído transmitir á poboación unha mensaxe de tranquilidade ante a situación asistencial do noso sistema de saúde; unha mensaxe de tranquilidade, iso si, que debe ir acompañada tamén dunha chamada á prudencia e a extremar as medidas de prevención dos contaxios.

Como vostede ben dicía, onte pola noite tivemos que tomar unha medida importante no ámbito da saúde pública e unha medida sobre todo orientada á prevención de contaxios, non porque non saibamos cales son os brotes nin os coñecemos, coñecémolos un a un, con nome e apelidos, pero si por esa sensación que temos cos datos obxectivos de que o número de contaxios segue a aumentar e, como xa dixen neste Parlamento, nos contornos de confianza. Claro que sabemos quen son os pais, as nais e os fillos que se contaxian nas reunións familiares, e por iso tomamos a medida que tomamos onte.

Está nas mans de todos evitar unha expansión da propagación do virus, mais sen dúbida ningunha está nas mans da Xunta de Galicia e nas do Servizo Galego de Saúde contar con mecanismos de resposta para todas estas eventualidades.

Preguntaba vostede polos plans de continxencia —ou isto é o que figuraba na pregunta— para atender a demanda extraordinaria de atención sanitaria derivada do incremento dos casos da covid e da gripe. E voulle dar resposta a esta cuestión, pero permítame abordar unha previa.

O mellor plan de continxencia é a prevención, é evitar na medida do posible eses incrementos extraordinarios de casos por estas dúas patoloxías. E podó dicirlle que en ambos os casos a



Xunta ten tomado as medidas para incrementar esa prevención —e vou por partes—: no caso da gripe, investindo 3,2 millóns de euros para unha campaña de vacinación especialmente intensa. Galicia mercou inicialmente un total de 617.500 doses, que, xunto coas 248.330 que neste caso subministra o Ministerio de Sanidade, completan un total de 865.830 doses, un 30 % máis que o ano anterior. Realizarase unha chamada por parte dos profesionais, neste caso de enfermería e atención primaria, á poboación entre 65 e 74 anos, á que tamén lle serán enviados SMS masivos para recordo desta vacinación. E ademais por primeira vez Galicia empregará nesta campaña unha vacina tetravalente de alta carga para as persoas máis vulnerables, aquelas de 65 anos ou máis ingresadas nas residencias.

Polo tanto, e tendo en conta que xa o ano pasado, no que se refire á cobertura das poboacións diana desta campaña, Galicia se situou 6,5 puntos por riba da media nacional, cun 60,42 % de cobertura, agardamos que o reforzo da campaña de prevención efectuado este ano permita reducir a incidencia desta enfermidade no sistema sanitario este inverno.

En relación coa covid-19, tamén estamos a tomar medidas de prevención que están a conseguir conter ou reducir os contaxios. Volvo insistir na medida que tomamos onte, a semana pasada e practicamente todas as semanas dende o mes de xullo.

Grazas a estas medidas que a Xunta toma de acordo co seu comité clínico para conter os gromos, a incidencia acumulada nesta enfermidade en Galicia está na metade da media nacional; é, xunto con dúas ou tres comunidades, das máis baixas de España.

Xa sei que para vostedes, señora Prado, isto é froito da casualidade, xa o dixo no pleno pasado, pero permítame que eu defenda o traballo desas persoas —das que vostede falaba— en atención primaria e en atención hospitalaria que participan no proceso de rastrexo —volvo insistir, e non quero tampouco pararme máis neste tema—. Hai moitos traballadores do servizo sanitario galego que fan labores de rastrexo, moitos, e ademais toman medidas de contención dos gromos. Creo que hai que agradecerlles a eles e non á casualidade estes resultados. (*Aplausos.*)

Na anterior pregunta tiven a oportunidade de falar sobre algunha destas medidas tomadas en Galicia, pioneiras en España, que contribuíron a iso: volvo recordar os 1.900 casos positivos detectados a través do rexistro de viaxeiros, do que acabo de falar hai un momentíño; non podo deixar de destacar agora as medidas de cribados específicos de diferentes colectivos profesionais con especial risco, como os propios sanitarios —que estamos xa no segundo cribado que facemos con eles—, os docentes —máis de 40.000—, o resto do persoal que traballa nos centros educativos e sanitarios, o persoal de corpos de seguridade, o persoal de emerxencias ou os traballadores temporeiros do agro, e a maiores o cribado quincenal que temos instaurado entre os profesionais de residencias de maiores, que está permitindo, mediante a técnica do *pooling*, cribar cada dúas semanas a máis de 15.000 traballadores destas residencias, que manteñen, como vostedes saben, contacto directo coas persoas especialmente vulnerables á covid.

O resultado destas medidas de prevención —cribado, rastrexo, obtención de gromos, toma de medidas para a súa contención— tamén se reflicte noutros datos que publica a mesma páxina



do Ministerio que vostede citaba e que ofrecen os seguintes resultados: Galicia é, cun 6,7 %, a comunidade autónoma con menor porcentaxe de camas de UCI ocupadas, fronte á media nacional do 21,5 %, e Galicia, tamén cun 4,20 %, é a comunidade autónoma, xunto con Cantabria, que menor porcentaxe de camas globais de hospitalización ten ocupadas; a media nacional é do 11 %. Este é o mellor plan de continxencia para evitar o colapso, señora Prado: afrontar o outono partindo coa menor porcentaxe de ocupación hospitalaria para a covid-19. E reflicte tamén un éxito do sistema sanitario, que ten agora mesmo arredor de 5.000 casos activos —practicamente o mesmo número que no pico da pandemia, en abril—, ten un 69 % menos de pacientes hospitalizados e un 73 % menos de pacientes en coidados intensivos dos que tiña no mes de abril. Este é un éxito dos sistemas de prevención, detección precoz e tratamento do sistema sanitario galego, ou, se vostede prefire crelo así, un cúmulo de casualidades. En calquera caso, é un dato obxectivo que nos permite afrontar con mellores perspectivas o aumento de casos que puidera chegar no inverno, e niso estamos traballando, nese posible incremento.

Dito todo isto, o Sergas non pode permitirse, por moito que teña baixa incidencia hospitalaria da covid, actuar sen plans de continxencia para esta etapa; plans de continxencia que non só afectan os hospitais, senón, como vostede ben sinalaba, tamén a atención primaria. Se a porcentaxe de casos activos hospitalizados é menor —que así o é—, iso significa que hai máis casos que están nos seus domicilios. Hoxe mesmo o 94 % dos casos activos en Galicia están no seu domicilio, sendo monitorizados e controlados, precisamente, polo persoal de atención primaria.

Por iso, tamén quero anunciarlle que nesta semana o xerente do Sergas mantivo contacto coas diferentes sociedades científicas de medicina de familia e atención primaria para na vindeira semana traballar, planificar con eles e trasladarlles os plans nos que estamos a traballar. En particular, con respecto aos plans de continxencia, podo dicirlle que, se ben en relación coa covid se teñen xa establecidos nos diferentes ámbitos asistenciais protocolos de actuación, como, por exemplo, de reactivación asistencial, de urxencias, de brotes, de atención domiciliaria, de coidados intensivos, etc., non é menos certo que no caso da gripe no mes de outubro se adoitan elaborar e asinar, cos servizos especialmente de urxencias pero tamén coa medicina interna e os servizos de atención primaria, plans específicos de continxencia.

En consecuencia, este ano, debido ao probable solapamento das vagas epidémicas de ambas as enfermidades, o Servizo Galego de Saúde tomou a decisión de elaborar plans de continxencia fronte a cadros respiratorios para a temporada 2020-2021, tratando, neste caso, de adoptar un plan conxunto e transversal no que se dea cabida a toda esta patoloxía respiratoria e no que se recollan medidas operativas e de recursos, diferenciando os circuitos en cada caso no momento necesario ou outras medidas similares.

Os ditos plans están a ser elaborados por cada unha das áreas sanitarias en colaboración cos seus profesionais, aínda que incorporando as medidas xerais establecidas pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, tanto para a atención primaria como para a atención hospitalaria. Son, ademais, plans adaptables en función das necesidades epidemiolóxicas e asistenciais que se presenten en cada momento, coa finalidade de anticiparse a un aumento da demanda



asistencial, planificar eses posibles picos de demanda nos diferentes dispositivos asistenciais e garantir unha adecuada atención sanitaria á poboación neste período estacional.

Existen, dentro deles, medidas específicas para evitar gromos dentro dos centros sanitarios, para minimizar a incidencia da atención a estes pacientes sobre o resto da actividade dos centros e para definir os procedementos alternativos en caso de necesidade de habilitación de espazos específicos ou de habilitación de reforzos de recursos materiais e humanos.

Contéplase, ademais, nos hospitais a agrupación dos pacientes ingresados en zonas de infección respiratorias precovid, covid e o resto de patoloxías, ou a protocolización do transporte de pacientes a través de circuitos específicos para pacientes con sintomatoloxía respiratoria e pacientes covid.

Ademais, estes plans de continxencia van permitir ter nas áreas sanitarias un cadro de mando con información actualizada sobre a situación epidemiolóxica e asistencial dos centros, no que se reflectirán tamén os reforzos de persoal, as camas habilitadas ou as intervencións programadas suspendidas, de xeito que os responsables sanitarios poidan avaliar cal é o impacto destas patoloxías respiratorias na atención sanitaria e implementar, de ser necesario, medidas adicionais ás inicialmente establecidas.

Cómpre lembrar tamén que a situación asistencial das distintas áreas e dos distintos centros é tamén un dos parámetros que o Comité Clínico, que fai seguimento semanal da evolución da covid, ten en conta para tomar medidas restritivas que permitan frear a propagación da covid naquelas zonas onde a capacidade asistencial puidese verse comprometida, e por este motivo, como vostede sabe, hai xa semanas en Ourense tomáronse medidas adicionais ás que se estaban tomando no resto da comunidade autónoma.

Nesta situación extraordinaria cómpre medidas extraordinarias e por iso o Sergas elabora por primeira vez estes plans de continxencia conxuntos adaptados á situación actual. Este ano, como todos os anos, estes plans de continxencia elabóranse no mes de outubro, con tempo suficiente para que cando a situación se complique, especialmente pola gripe no mes de decembro ou xaneiro, estean perfectamente engraxados.

E non quero rematar sen agradecer a implicación e dedicación do persoal dos servizos sanitarios, que, aínda que non é ningunha novidade, segue a ser, coma sempre, extraordinario.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleiro.

Na rolda de réplica, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Señor conselleiro, o primeiro que quero dicir é que, realmente, nunha situación excepcional como na que estamos, que vostede veña aquí dicir que van ao



tran-tran, como todos os anos en outubro, e falen de elaborar un plan de continxencia, cando estamos diante dunha situación excepcional, onde acaban de decretar que toda Galiza pase a nivel 2 de restrición..., e vostedes ao tran-tran; é dicir, xa faremos, xa iremos facendo un plan de continxencia para ver se fiando un pouco todo e cun pouco de sorte a gripe non ten tanta incidencia como outros anos. Bueno..., fiando o factor sorte.

Xa que vostede quitou o tema da campaña de vacinación, a min gustaríame saber se vostede está en condicións de asegurar que se van poder vacinar todas aquelas persoas que o están solicitando, porque a información que nos está chegando é que desde os centros de saúde xa non teñen doses e que lle están dicindo á xente que teñen que agardar. Gustaríame que aproveitase e nos dixese se esa campaña de que todo o mundo se vacine vai ter o correlato nas doses suficientes para facelo.

Vostede aproveitaba para dar unha mensaxe de tranquilidade. Claro, eu pregúntome que tranquilidade coida vostede que poden ter os galegos e galegas cando aínda non chegou a época da gripe, cando esta segunda onda aínda non está facendo máis que empezar e xa teñen ringleiras diante dos centros de saúde porque non teñen accesibilidade, cando non dan chegada ao seu médico e cando teñen demoras para ser atendidos de dúas, tres e catro semanas. Entón, vostede di que hai que lanzarlle unha mensaxe de tranquilidade. ¿Como poden estar tranquilos con esta situación antes de que aconteza todo isto sen que vostede polo menos na súa primeira contestación diga que recursos vai poñer encima da mesa para que se produza esa tranquilidade? *(Aplausos.)*

Porque a tranquilidade, señor conselleiro, non chega con que vostedes teñan a televisión pública lanzando tests a toda a poboación simplemente para sacar os que están a punto de caducar, nin dicindo que teñen eses 6.000 rastrexadores, cando non sabemos como nin de que xeito. Vostedes con esa desinformación non están dándolle ningunha tranquilidade ao pobo galego; moi ao contrario, non os están crendo absolutamente nada porque o único que fixeron foi enganalos desde o principio ao fin.

Eu da súa contestación o que desprendo é que non teñen plan de continxencia —xa o irán facendo— e que van de ocorrencia en ocorrencia. E eu o que lle pido é que non poden ir detrás do virus, señor conselleiro, non poden seguir dificultando o acceso aos centros de saúde, non pode ser que en calquera patoloxía que non sexa covid a solución sexa que agarden, que sigan agardando, porque vostede hoxe aquí non deu ningunha alternativa ao que está acontecendo de demoras de semanas. O plan de continxencia nos hospitais non pode estar baseado en que a medida que sobe a presión asistencial en urxencias se vaian amoreando doentes nos corredores, como está pasando xa hoxe en hospitais, ou que a medida que vai subindo a presión asistencial se vaian anulando cirurxías, se vaian pechando quirófanos e se vaian ocupando eses espazos con doentes covid. Ese non é un plan de continxencias, iso é desvestir un santo para vestir outro e iso é incidir en ter a poboación galega desatendida, e iso non pode ser, ¡non pode ser! *(Aplausos.)*

Máis ca nunca neste momento é preciso garantir a sanidade pública, garantir recursos e garantir profesionais axeitados. Na interpelación do BNG estaban postas por escrito as preguntas de canto persoal, en que condicións e canto orzamento, e gustaríame que fora capaz de contestar



á pregunta de canto persoal van contratar e canto orzamento van destinar a todo isto, porque de momento o que sabemos é que vostedes están usando o custo cero e que seguen cunha política de contratación indecente, de precariedade e de seguir contratando cando xa están sobrepasados os servizos, e iso non é planificar, iso non é anticiparse, iso non é facer as cousas ben, señor conselleiro. Non poden agardar a que o virus siga tomando a dianteira e a que as cousas estean desbocadas para ir tomando medidas e ir vendo con que parches van solucionando os problemas. Anticípense; eu o que lle demando hoxe é que se anticipe, que realmente planifique, que active a atención primaria, que a active xa, que facilite o acceso á poboación á atención primaria, coas medidas de seguridade que fagan falta —non pode ser que logo estea amoreada noutros lados e que non poida chegar á atención primaria—, que haxa uns protocolos claros de cal é a atención que hai que prestar en todos os centros de saúde, que aumente o número de profesionais, que remate esta política de contratación precaria e que fagan a contratación decente. ¿Cantos profesionais hai en suspensión de chamada, nas listas do Sergas, señor conselleiro? ¿Por que cre que os profesionais piden suspensión de chamada no Sergas e están traballando na privada ou marchan para fóra? Porque teñen mellores contratos. Faga contratos decentes, señor conselleiro, ¡contratos decentes!, *(Aplausos.)* para ter profesionais e atender os galegos e as galegas.

Poña en marcha un plan de rastrexo crible e de verdade, non para facer un bonito nin para facer cuadriños para sacar na tele galega, de verdade; que en canto haxa un positivo se faga un rastrexo áxil e non sigamos á cola do Estado nesa falta de saber identificar de onde veñen eses positivos. E que aumente o orzamento, que lle dedique orzamento á sanidade pública e fundamentalmente á atención primaria, porque a custo cero non se pode dar unha resposta a esta situación excepcional, que require...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...unha resposta excepcional. Vostede é responsable e ten que dar esa resposta excepcional poñendo en marcha medidas reais que realmente solventen o problema que temos hoxe, e que é que os galegos e galegas non teñen un acceso á sanidade pública. Esa é a realidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para o peche da interpelación, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Señora Prado, vostede preguntaba en que consistían os plans de continxencia e cales eran as medidas da Xunta para evitar os colapsos. Eu creo que a informei sobre iso, pero vou insistir.

Respecto dos colapsos, relateille en primeiro lugar as medidas preventivas da Xunta sobre as dúas patoloxías por cuxo incremento de demanda asistencial vostede preguntaba. Explíqueille concretamente a situación especial da covid-19.



Respecto dos plans de continxencia, aclareille esa estrutura conxunta que temos decidido que teñan este ano estes plans, así como a fase de elaboración na que están, como todos os anos por estas datas, respecto á gripe. E tamén lle dicía que plans de continxencia para a covid temos —relatáballe un número de deles— practicamente en todos os ámbitos, non de agora, do mes de outubro, senón practicamente dende o mes de abril, e a maior parte deles activos.

Podo concretarlle tamén que os plans recollen os medios para responder aos obxectivos de que o 80 % das urxencias ou das interconsultas con outras especialidades poidan resolverse nunha hora. Este documento foi enviado aos hospitais; está adoptado este documento hai practicamente un mes.

Particularmente, no caso da covid, non só contamos coa gran capacidade diagnóstica das probas PCR —máis de 6.500 mostras ao día, sen contar co *pooling*—, senón que tamén adquirimos probas rápidas de detección de antíxenos, que están a presentar un bo resultado de sensibilidade nos estudos con pacientes sintomáticos e que axudarán, polo tanto, aos servizos de urxencias a discriminar de xeito máis áxil a patoloxía respiratoria do paciente e a evitar a confluencia de pacientes covid con pacientes doutras patoloxías.

Podo comentarlle tamén que estes plans de continxencia terán catro niveis de sobreaforo, seguindo o modelo que tiñamos os anos anteriores sobre o aforo nas urxencias, dependendo da porcentaxe de entradas globais que estean en espera de hospitalización, e que estes niveis determinarán a disposición de reforzos humanos e materiais ou a dotación da actividade cirúrxica, como viñan funcionando os últimos anos os plans de continxencia da gripe, que creo que tan bo resultado deron.

Respecto da atención primaria, somos perfectamente conscientes desde o Sergas da incidencia que a situación epidemiolóxica está a ter nos servizos de atención primaria. Dicía antes que o 94 % dos doentes covid positivos activos neste momento están no seu domicilio; polo tanto, recaen na atención primaria.

Como lle dicía no anterior pleno, nós cremos nas vantaxes da atención telefónica e dun modelo mixto, pero sempre ese modelo mixto garante a asistencia sanitaria do paciente. Estamos traballando cos centros sanitarios, visitando os centros sanitarios e, dende logo, señora Prado, nos centros que eu visitei nestes últimos días non topei esas colas das que vostede me fala. Sabemos que nalgún centro as hai, evidentemente, e demos instrucións para que esas colas non se produzan. Os centros teñen que estar abertos e os pacientes teñen que poder entrar ao centro de saúde, iso si, con máscara, como entramos en todos os locais públicos ou privados. Esas instrución está dada, e cónstame nas visitas que estou facendo que se está a cumprir.

En todo caso, tamén estamos traballando en cambios organizativos —xa o dicía tamén o outro día— que permitan redistribuír determinados labores e determinadas tarefas entre o persoal sanitario e non sanitario, liberando persoal médico para centrarse nas funcións máis estritamente clínicas. Tamén a isto poden contribuír outras medidas das que falaremos na seguinte interpelación. Tamén en cambios tecnolóxicos que permitan automatizar e infor-



matizar procesos administrativos que agora están motivando desprazamentos presenciais aos centros despois desa consulta telefónica que fan aos médicos, e con bo resultado. E en cambios para incrementar e mellorar os recursos de acceso telefónico —que tamén o comentaba na anterior intervención—, como a separación entre as chamadas para a petición de cita e as chamadas que requiren contacto directo co centro sanitario concreto.

Pero dígolle algo máis, señora Prado, temos un plan galego de atención primaria en pleno proceso de implantación. Este plan contempla a creación de máis de 300 prazas nas distintas categorías de atención primaria, e na actualidade xa supuxo un incremento de 147 prazas.

Na pasada lexislatura existiu un conflito na atención primaria, cando foi evidente que un modelo ata entón exitoso non estaba suficientemente adaptado aos cambios demográficos, á cronicidade, á pluripatoloxía, etc. E, ademais, estaba a sufrir as tensións derivadas da ausencia de persoal sanitario para cubrir as substitucións. Ante este problema, houbo dúas actitudes: o equipo da Xunta de Galicia, co conselleiro Almuíña á fronte, puxo en marcha grupos de traballo e diálogo con profesionais, e formularon un plan con medidas concretas. Os grupos da oposición quixeron utilizar este conflito como arma partidista sen máis proposta concreta que unha apelación xenérica da necesidade de máis cartos e máis profesionais.

Señora Prado, quixen repasar deliberadamente o debate que se produciu neste Parlamento o ano pasado, cando o conselleiro Almuíña compareceu para presentarles este plan. Mentres el explicaba as medidas e liñas de actuación, vostede respostaba o seguinte: «*Persiste vostede en non escoitar o clamor que hai fóra respecto da oposición ás políticas sanitarias do Partido Popular*». Señora Prado, o pasado mes de xullo escoitamos os galegos, e o clamor que houbo foi para ampliar o apoio a un goberno que ofrecía plans e medidas concretas e reducir o apoio a unha oposición que só ofrecía consignas de conflito. (*Aplausos.*)

Creo que é o momento de que todos entendamos que o mandato popular que nos coloca aquí é un mandato para ser construtivos e ofrecer solucións. A Xunta de Galicia e o Servizo Galego de Saúde, dende logo, van seguir neste camiño.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa contratación de profesionais sanitarios para afrontar a covid-19

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde.



Boa tarde, señor conselleiro.

A verdade é que teño que recoñecer que me cambiou un pouco o pé. Os recursos humanos son un tema no que nós levamos incidido moitas veces, pero viña coa intención de plantexar esta interpelación para dicir que se cadra era posible cambiar as políticas da Consellería dos últimos tempos e avanzar algo en recursos humanos, aínda que vostede no peche da anterior interpelación acaba de pegarse fielmente á política da consellería anterior; polo tanto, desmontoume un pouco a miña intención de ver se podíamos alterar un pouco as cuestións. Entón, vexo que vai ter un percorrido parecido ás que tivemos co señor Almuíña, co que tiñamos as nosas diferenzas con respecto aos recursos humanos. En fin, parece que imos continuar por ese camiño, pero, bueno, eu vou manter a teima de crer que aínda podemos convencelos un pouco dalgunha modificación. Imos manter a teima. Eu son teimudo; xa sabe vostede, señor Balseiro, que eu son así. Cada un ten os defectos que ten, e eu téñoos todos, así que tampouco é unha cuestión... (*Murmurios.*) Si, bueno, non pasa nada.

Nós cremos que hai un problema de recursos humanos no Sergas, dicímolo dende hai tempo. Hai un problema que ten que ver co déficit e outro coas condicións laborais dos que si están dentro do sistema. O das condicións laborais parécenos bastante evidente. O Sergas converteuse nos últimos anos, probablemente, na peor ETT de Galicia. A utilización habitual de recursos que deberan de ser extraordinarios como o *pooling* pode ser unha cousa...; é dicir, tirar de enfermeiros *pooling* para facer un traballo durante un ano enteiro, contratados por días, pois non ten moito sentido. Que isto pase practicamente en todas as categorías laborais tampouco ten moito sentido, e ademais que as baixas que van ser por «x» tempo, por seis meses, se cubran con contratos de semanas, cando se sabe que se van necesitar seis meses, leva a unhas condición absolutamente precarias do persoal, e isto non pode ser.

Hai problemas xudiciais, o Sergas ten problemas xudiciais, porque ten sentenzas que lle van dicindo que isto é fraude na contratación. «Fraude» pon nalgunhas sentenzas, e vostedes, cando queren fomentar algunha suposta mellora, como a carreira profesional, pasa o que pasa coas denuncias, e os xulgados dinlles que non estaban no certo.

Hai un problema de déficit, por repasar algúns datos. O Consello Xeral dos Colexios Oficiais de Médicos di, afirma e presenta os datos de que temos a terceira peor ratio de médicos por paciente de toda España, das comunidades autónomas. Temos, ademais, unha media de arredor de 5,5 enfermeiras por cada 1.000 habitantes, a terceira peor de toda España, cando a media de España está arredor do 6, aproximadamente. Outros países europeos supérannos con moita vantaxe. Temos a peor ratio en calquera categoría de saúde mental de toda España, en psicólogos, en psiquiatras e en enfermeiros especialistas. Temos un problema de matronas. Estamos cunha media por debaixo da media estatal, non chega ao 0,7 por cada 10.000, cando a media estatal está practicamente no 1. Temos hoxe, orzamento contra orzamento, 140 millóns de euros menos en atención primaria que hai once anos e 1.100 profesionais menos que hai once anos. Temos un problema de déficit de persoal.

Isto, ¿en que acaba derivando? Nun problema de saturación. Hoxe coñecía o caso dunha persoa que é hipertensa, que necesita renovar a súa receita —algo que é habitual—, e leva unha semana en que non ten capacidade nin de pedir unha atención telefónica para renovar a re-



ceita. E faino con tempo, pero se xa leva unha semana e aínda non ten cita, vai ter un problema para ter a súa medicación. Isto é o que pasa coa saturación de profesionais, aos que, ademais, nos últimos tempos lles caeu a maior gravidade das situacións que moitos deles viviron, e, polo tanto, a saturación é maior.

Iso si, escóitaselles para algunhas cousas, pero cando o Colexio de Médicos di o que dixo sobre os tests rápidos que vostedes anunciaron agora, non sabemos se iso o consultaron de verdade con ese comité clínico, porque vostedes din que en sanidade no toman decisións políticas. A ver se vai ser que esta decisión dos tests rápidos non a tomou Sanidade entón, porque parece unha decisión política. Será que non toman decisións políticas e que os rastrexadores funcionan moi ben. A ver se me pode dicir cantos hai, señor conselleiro.

En todo caso, non sabemos a orixe de dous de cada tres casos, e isto é un problema, que non o di aquí este señor —que pode non saber o suficiente para dicilo, e xa lle digo que eu non o sei—, senón que calquera profesional lle di que isto é un problema: dous de cada tres casos non sabemos de onde veñen. ¿Como imos parar isto?

Vostedes están empeñados en dicir que son perfectos, pero ninguén lle vai pedir que sexan perfectos, ninguén lle pode pedir a este goberno —como a ningún outro— que sexa perfecto en afrontar a pandemia, nin sequera que sexan os mellores, os máis rápidos ou os máis listos.

Igual a obsesión esa de ser sempre os que máis, os que máis... Vostedes presumen de ser «os primeiros que fixemos, os primeiros que saímos...», e eu lémbrolles Ourense. Igual non había que ser tan rápido e facer as cousas mellor, porque ás veces ser rápido e eficiente vai da man, pero outras veces non pasa nada por ir un pouco máis paseniño e, en vez de presumir de ser os primeiros, igual é mellor ser os segundos e facelo ben. Xa o dicía a Biblia, «*los últimos serán los primeros*». Eu non son crente, pero ás veces a Biblia igual ten razón.

Iso si, na cuestión das responsabilidades cos recursos humanos, nunca este goberno ten responsabilidade en nada. Mire, vostede botounos a culpa á oposición de que maltratamos os profesionais porque falamos mal deles, e nunca tal cousa se viu, pero vostedes sostéñeno, e cando traemos aquí propostas para mellorar as condicións laborais votan en contra; así que igual non era culpa nosa. Tamén lles botaron a culpa aos profesionais. Eu lembro o señor Feijóo dicir que non se pode organizar un servizo cando o 17 % dos profesionais se pon de baixa nun día. Dixo tal cousa. Era un centro de saúde onde había 6, e deuse de baixa 1 porque tivo un problema médico. Deuse de baixa 1, pero el falaba do 17 %. Voulle facer o mesmo que lle dixen: aquí non está nin o 17 % do Goberno. É dicir, que ás veces isto de usar as porcentaxes así para atacar os profesionais tampouco lle quedou moi ben ao señor Feijóo.

Había un problema cos MIR. Vostedes pediron —xa que vostede adquire a posición na anterior consellería— un MIR extraordinario, que legalmente invalidou o señor Aznar no seu momento. Vostedes pedían unha convocatoria maior de MIR, pero perderon 150 prazas de medicina familiar e comunitaria que non pediron —e que tiñan a posibilidade de pedir— nos últimos dez anos. Debe de ser que ninguén se deu conta de que iamos ter un problema porque se xubilaban os médicos de familia. Cumpren un ano cada ano, sabiamos que iamos ter este problema, pero levamos dez anos en que hai 150 prazas MIR que non temos.



Vostedes chegaron a plantexar a posibilidade nalgún momento, veladamente, de ampliar as prazas na Facultade de Medicina, pero cando nós trouxemos esa proposta aquí para preguntar dixeron que iso era unha cousa dunha comisión, que non tiña nada que ver o Goberno...; unha comisión onde a maior parte dos membros os pon o Goberno, pero non tiña nada que ver, e a culpa era nosa e da universidade, se acaso...

Vostedes dicían despois que os problemas eran do Estado, porque nos lles facilitaba a posibilidade de contratar porque non eliminaban a taxa de reposición. Iso si, a Comisión para a Reconstrución do Congreso chegou a un acordo para propoñer a eliminación da taxa de reposición e vostedes na comisión non o apoiaron.

Vostedes demandaron do Goberno do Estado que lles puxeran fondos porque non podíamos afrontar, con este sistema de persoal, a pandemia sen fondos para contratar persoal. E viñeron os fondos. ¿Que fixo esta consellería? Colleu os fondos, contratou o persoal, e a todos os que contrataba de maneira extraordinaria cos seus fondos botounos, e así quedaron algunhas incongruencias na contratación de persoal coas listas de contratación.

Vostedes teñen problemas habitualmente co persoal de ambulancias, ¿pero de quen é a culpa? Da empresa, porque é unha concesión. Debe ser que non importa que sexa unha concesión o sistema de ambulancias, a culpa é da empresa. A culpa sempre é doutro.

Nós aquí queremos volver insistir nisto e a través desta interpelación e da próxima moción queremos plantexar algunhas ideas.

Nós queremos, en primeiro lugar, ver se somos capaces de chegar a un acordo para que todos nos comprometamos a apoiar aquelas medidas que permitan levar a cabo o acordo de eliminar a taxa de reposición. Vostedes non a apoiaron en Madrid; demándana, pero cando se propuxo na Comisión para a Reconstrución, tivemos que convencelos á última hora, e xa no pleno, despois de que votaran en contra, porque somos o único grupo que está nesta Cámara que a votou de entrada. Pero despois é certo que vostedes chegan alí e non a votaron. Nós o que dicimos é: xa está, ben, fagámolo. E a partir disto agora poñamos todas as medidas que a leven a cabo.

Segunda medida, cando se poida eliminar a taxa de reposición, utilicémola, non vaia ser que eliminemos a taxa de reposición —que é o que demandamos— para contratar máis persoal e logo non o contratemos. Xa propuxemos isto neste pleno e xa votaron en contra. Polo tanto, nós o que dicimos é que se queremos eliminar a taxa de reposición, eliminémola e despois contratemos. ¿A quen? A todos aqueles que non temos hoxe por culpa da taxa de reposición. E non fai falta dicir nun ano, é imposible, non se trata...; mellor, nunha lexislatura. Nós plantexamos esa idea.

¿Que plantexamos? Vostedes plantexaron que o Goberno de España non entendía disto e que non lles facilitaba que puideran contratar persoal —pola excepcionalidade da covid e para resolver problemas en atención primaria— que estivera no seu último ano de formación MIR. Teñen o real decreto que xa llo permite, e xa van alá tres semanas. ¿Cantos contrataron por este medio? ¿Cantas prazas ofertaron por este medio? Dicían que o Ministerio non se



enteraba e que non lle facilitaban esta solución, e agora que a teñen, ¿cantos contrataron? Ningún. No momento en que se solucionan as cousas, deixan de ser un problema. Están máis preocupados do relato que de resolver.

Tamén lle plantexamos cousas en planificación. Plantexámoslle que oferten todas as prazas MIR que poidan en termos de pediatría e de medicina familiar comunitaria. Só o fixeron o último ano —por certo, cando o Goberno do Estado facilitou o maior MIR da historia, que algunhas veces estaría ben que o recoñeceran—. Pedimos que se lle poida plantexar á universidade, se o ven ben esas comisións, os técnicos e os que avalían os recursos humanos, ampliar as prazas, dándolle medios e recursos á universidade para facelo. Plantexamos iso unha vez e votaron en contra, e volvemos plantexalo; e plantexamos que doten de equipos multidisciplinares a atención primaria para desafogar os médicos, porque hoxe temos unha atención primaria demasiado «medicocentrista» e poderíamos desafogar con máis profesionais. Tamén plantexamos que fagan contratacións máis estables alá onde temos baixas ou vacacións cando sabemos que imos ter que substituír por «x» tempo. Non fagamos contratos troceados cada día que non lle permiten a ningún profesional que está hoxe dando o callo neste sistema facer unha previsión nin a dous días vista, porque, entón, temos problemas de saturación, de queime laboral...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...e de fatiga laboral enormes que van levar a un problema xa non porque non incorporemos medios e recursos humanos, senón porque os que temos van acabar queimados do sistema e non imos ter a quen pedirlle axuda cando a necesitamos.

Por iso, imos ver se a partir de agora podemos chegar a algún novo acordo neste sentido.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Presidente, señorías.

Señor Torrado, voume centrar en darlle resposta ao seu interese sobre a postura deste goberno respecto do Real decreto-lei 29/2020, que era o que tiña recollido na pregunta. E tratarei tamén de responder ao que vostede comentou.

Bueno, comecemos polo principio. O día 28 de setembro o Ministerio de Sanidade convoca unha Comisión de recursos humanos do Consello Interterritorial de Saúde á que por parte de Galicia asistimos eu mesmo e a directora xeral de Recursos Humanos. O Ministerio explícanos as liñas xerais nas que están traballando para facilitarlles ás comunidades autónomas a contratación de profesionais sanitarios, fálanos da homologación de títulos



especialistas estranxeiros —que é unha demanda, efectivamente, que Galicia levaba tempo facendo— e fálanos tamén da contratación de titulados aínda non especialistas e das posibilidades de dotación de recursos humanos. Dende Galicia expresamos naquel momento que botabamos en falta medidas máis estruturais, pero que non viamos con malos ollos estas liñas e medidas máis conxunturais e que agradeciamos e agardabamos contribuír.

Para a nosa sorpresa, esas liñas que nos suxiren aparecen na rolda de prensa do Consello de Ministros do día seguinte convertidas nun real decreto que aparece publicado ao día seguinte no *Boletín Oficial do Estado*. É dicir, ese suposto sistema de cogobernanza que defende o Goberno de España non deu ningunha posibilidade de alegación, participación ou proposta por parte das comunidades autónomas, que somos, ao final, os que debemos xestionar esta normativa.

Como vimos posteriormente, tampouco houbo diálogo cos profesionais sanitarios. Hai unha folga convocada por un sindicato médico precisamente por multas das medidas dese decreto. Estes sindicatos e estes profesionais amosaron o seu malestar a través das asociacións de colexiados e dos sindicatos que os representan. E tampouco houbo diálogo cos grupos da oposición. Este real decreto foi convalidado a pasada semana no Pleno do Congreso e non foi apoiado nin por algúns dos seus socios máis sinalados, como o Bloque Nacionalista Galego, que non votou a favor. Solicitouse unha tramitación como proxecto de lei para que os diferentes grupos puideran perfilar estas medidas, melloralas ou facer propostas, pero os votos do PSOE e de Unidas Podemos impediron que houboese este diálogo e vetaron este trámite. E hoxe estamos aquí co Partido Socialista de Galicia presumindo no Parlamento de Galicia dun texto que foi tramitado sen diálogo coas comunidades autónomas e sen diálogo cos profesionais, que non conta co apoio do que en Galicia é o seu socio prioritario e que inclúe medidas que, de telas aprobado un goberno do PP, os teríamos a vostedes na rúa falando de penalización ou vulneración de dereitos laborais.

Polo tanto, comprendendo a postura do Partido Popular no Congreso negándose a convalidar este texto polo xeito no que foi tramitado, lamentamos a postura do Partido Socialista, que impediu calquera posibilidade de participación das comunidades autónomas, dos profesionais e dos grupos da oposición.

Pero estamos no momento no que estamos, no medio dunha crise sanitaria de proporcións inmensas, e as institucións deben estar por riba destas posturas partidarias. En consecuencia, podo asegurarlle que a Xunta de Galicia non vai boicotear estas iniciativas, e por mal que foran formuladas e tramitadas, poden axudar e poden achegar recursos nun momento de grandes necesidades. Polo tanto, sen dúbida, a Xunta vai aproveitar as posibilidades que abre esta norma. Iso si, o que tamén vai facer a Xunta é o que non fixo o Goberno central: dialogar, falar cos profesionais, área por área, para propiciar a implantación destas medidas e o xeito de facelo, da forma máis pacífica e máis respectuosa cos distintos colectivos profesionais. Trátase de medidas extraordinarias que excepcionan a normativa xeral de acceso ás profesións sanitarias e que permiten modalidades de prestacións excepcionais de servizos; polo tanto, somos partidarios de utilizar con cautela estas medidas.

Por iso, aínda non podo concretar moitas das preguntas que vostede me fai sobre cantos e cando van empezar. Non podo anticipar neste momento o número de contratos ou as áreas



nas que se van facer porque estamos en cada área sanitaria —como dicía— con diálogo co noso persoal para estudar en cada caso e diante de cada situación o mellor xeito de integrar estas novas contratacións. Será nese momento cando iniciemos o procedemento para esa oferta de prazas, que, por suposto, será pública.

Podo avanzarlle que estamos dispostos a facelo, pero temos previsto que a integración dos MIR sen especialidade —os licenciados en Medicina que non aprobaron o MIR, neste caso— se faga dun xeito prioritario en funcións non estritamente asistenciais en materia de saúde pública. Aínda que a Lei de ordenación de profesións sanitarias nolo permite, cremos que é prudente orientalo deste xeito. Queremos que poidan apoiar os labores dos sanitarios nas tarefas que se incrementaron tanto en primaria como nos hospitais pola xestión da pandemia. Xa o fixemos no mes de marzo, xa se contrataron licenciados en Medicina que non aprobaron o MIR, e precisamente ubicáronse nestes postos que estamos comentando, de apoio fundamentalmente non asistencial. Pero, polo tanto, aínda que discrepemos do xeito no que foron concibidas, a Xunta non vai opoñerse a estas medidas nin vai renunciar a utilizalas porque consideramos que todos os medios que poidan axudar neste momento son benvidos. ¡Oxalá tiveran esta actitude algúns alcaldes do seu partido, que parece que teñen interese en cuestionar os medios diagnósticos extraordinarios que recibe a súa poboación! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

De feito, en Galicia enténdese perfectamente a necesidade de tomar medidas extraordinarias. Durante a fase aguda da pandemia fomos a primeira comunidade autónoma que decidiu contratar os especialistas, os MIR que remataban a súa residencia en maio; 158 profesionais médicos que se incorporaron ao Sergas con estas condicións laborais, mentres o Ministerio seguía recomendando meras prórrogas de contrato de residencia. Iso si, que aceptemos e aproveitemos as medidas estruturais que pon en marcha o Goberno central non significa en absoluto que renunciemos ás medidas estruturais nin que aceptemos que este goberno queira tapar cunhas as ausencias das outras.

O 24 de abril de 2018 o Consello Interterritorial do Sistema nacional de saúde estudaba as recomendacións do grupo de traballo sobre déficit de profesionais que creara o Goberno, naquel momento dirixido por Mariano Rajoy, e que aprobara os seguintes acordos: priorizar a revisión dos requisitos de habilitación de centros e unidades docentes para a formación sanitaria especializada nas especialidades que se teñen declarado maioritariamente deficientes como medicina de familia, pediatría e as súas áreas específicas; modificar os apartados 3 e 4 do artigo 26 da Lei 44/2003, de ordenación de profesionais sanitarios, para establecer un procedemento máis áxil e flexible e acreditar centros e unidades docentes para a formación sanitaria especializada; e introducir un novo artigo —o 33 bis— na Lei 55/2003, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos da saúde, para incentivar a provisión de prazas de difícil cobertura no conxunto do Sistema nacional de saúde.

Dous meses despois da aprobación destes acordos cambia o Goberno de España e comeza a gobernar o partido que xa gobernaba na maioría das comunidades autónomas que estiveran a favor destes acordos. Dous anos despois, nada do comprometido alí se fixo por parte do Goberno central. Agora temos unha pandemia e, sen dúbida, son necesarias as medidas urgentes e conxunturais, pero hai dous anos que se puideron ter posto en marcha medidas estruturais acordadas a nivel nacional e non se fixo.



O mesmo sucede coa eliminación da taxa de reposición que vostede comentaba; hai catro anos que Galicia vén solicitando esta medida. O meu antecesor solicitouno por carta ante a ministra Dolors Montserrat xa en decembro do 2016 e expresouno na Comisión de Recursos Humanos do Consello Interterritorial do ano 2017, despois de que este Parlamento aprobara por unanimidade un acordo nese sentido proposto precisamente polo seu grupo, que defendía que non facía falta vontade política para tomar esa medida. Un ano despois o seu partido accede ao Goberno de España e esa medida aínda non se tomou, non sabemos se é porque non había vontade política ou porque era falso iso de que a vontade política non era todo o necesario.

Por iso tivemos que seguir insistindo, e Galicia volve solicitar esta medida ante a ministra Montón, ante a ministra Carcedo e ante o ministro Illa, ata hoxe sen resultado. E por iso hai unha cifra que si lla podo concretar e que ten que ver coas medidas estruturais: antes de que remate este ano a Xunta publicará un decreto de oferta de emprego público que contemplará un total de 973 prazas. Lamentablemente, non puideron ser as 3.500, que eran as que poderíamos ter completado, se como expresou o presidente Feijóo o Goberno central levantara esa limitación da taxa de reposición para a que só facía falta vontade política de facelo.

Hai unhas semanas trasladeille ao ministro Illa o acordo unánime deste Parlamento do pasado 22 de setembro para demandarlle ao Goberno de España esa supresión da limitación da taxa de reposición. Expreselle a importancia de que este Parlamento, que representa o mandato popular moi recente, fixese esa solicitude de xeito unánime. Debo dicirlle que a resposta do ministro foi nun ton moi cordial, iso si, como adoita ser habitual nel, comprendendo os motivos deste Parlamento e entendendo a necesidade da medida, pero expresando, ao mesmo tempo, que a decisión non depende exclusivamente del senón doutros ministerios.

Señor Torrado, no pasado pleno vostede preguntábame se o Goberno do que formo parte me ía deixar tomar as medidas necesarias. Á luz da resposta que o ministro de Sanidade deu ao mandato deste Parlamento parece pertinente preguntarse máis ben se o señor Illa —o Goberno que vostede apoia— vai deixarlle tomar as medidas estruturais necesarias. *(Aplausos.)*

Nós, mentres tanto, imos colaborar na posta en práctica das medidas conxunturais que si nos están deixando tomar, por moito que poidamos discrepar do xeito no que se implantaron —como queda dito—, pero debo dicirlle que este real decreto lei foi publicado hai menos dun mes, tal como lle relataba, só dous días despois de que se avansasen nas comunidades unhas ideas xerais sobre o seu contido, e hai só unha semana que está convalidado no Congreso dos Deputados. Por tanto, a Xunta non vai instalarse na conformidade e vai ser unha administración que asuma esforzos para loitar contra a pandemia. Imos contribuír a implantar estas medidas, pero permítanos ter o tempo necesario para implantalas co diálogo que o Ministerio non foi quen de realizar.

Máis nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a réplica, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, non me quere responder a moitas cuestións que plantexamos aquí porque non era o sitio da pregunta, pero contestou a algunhas que non lle preguntamos. Ás que non lle preguntamos pero quere contestar vostede, a esas, si; ás que plantexamos nós, non. ¿Por que? ¡Porque, vamos...!, ¿para que contestar a un grupo da oposición?

¿E quéixase de que lle consultaran dous días antes unha medida? ¡Oh!, se vostede fixera oposición a este goberno... ¡Oh!, ¡oh!, ¡fantástico! (O señor Torrado Quintela ri.) Isto é un pouco como o conto do rei espido, que vai pola rúa espido e cre que ninguén lle di nada porque vai moi ben, pero vai espido e a xente sábeo. E aínda que fora en calzóns... Quero dicir que non lle hai maneira de sacar as cousas. (Risos.) (Aplausos.) Non, non lla hai, e non... (Aplausos.)

Pero, bueno, máis alá da brincadeira, vostede menciona que está ben, que van facer unha OPE e que non lle permiten... Que está ben, porque incorporou un novo culpable, Salvador Illa; antes focalizaba máis en Pedro Sánchez, agora xa é Salvador Illa tamén. E está ben, eu recoñezo esa capacidade de encontrar sempre un culpable. O día que se dean conta de que teñen as competencias para xestionar a sanidade vai ser tremendo. (Aplausos.) ¡Tremendo!, (Aplausos.) porque se resulta que a culpa de todo sempre está fóra e aínda así vostedes presumen de ser tan bos, o día que se dean conta de que xestionan vostedes isto vai ser unha marabilla.

Iso si, fixo un relato aquí sobre a taxa de reposición; dedicoulle moito máis tempo que ao que vostede quixo focalizar e que preguntabamos para non falar do último que pasou coa taxa de reposición. Porque isto é importante, a Comisión da Reconstrución do Congreso dos Deputados chegou a un acordo a partir dunha emenda do BNG —por certo, que non apoiaron despois— para plantexar que se eliminara a taxa de reposición. ¿Que fixo o seu partido na Comisión de Reconstrución? ¿Votar a favor? Non, non. ¿Van vostedes contribuír a que esa medida saia a adiante? Porque vai ser moi difícil que vostedes sosteñan que queren eliminar a taxa de reposición e voten sistematicamente en contra. Iso lévame a este real decreto: párecelles ben, era unha medida que xa tiñan prevista, pero agora resulta que teñen que facer un estudo para ver se se pode aplicar. ¡Home!, se vostedes defendían que era unha medida necesaria e que tiña que estar prevista, algo terían avaliado, ¡digo eu! ¿Ou é que estaban facendo unha proposta por facer para buscar e botarlle a culpa a alguén e non tiñan avaliado nada? Supoñemos que tiñan avaliado que, de permitirse, poderían tomar esa medida nese mesmo momento. Agora parece que non, agora poden tomala, pero non queren.

Sobre as votacións, hai que dicir que vostedes estaban de acordo. Chegarán a dicir —dígollo eu, non sei se vostede ou algún outro membro— que se toma esa medida grazas a que o propuxo o señor Feijóo —xa llo digo eu, que o van dicir—, iso si, votarán en contra, porque votaron en contra. E co seu voto xa se aprobaba directamente, non facía falta tramitalo doutra maneira. Ou sexa, que vostedes din: esta medida é necesaria, hai que propoñer esta me-



didada, pero cando se propón esa medida, vostede van, votan en contra e aínda cando se vai tramitar despois din: ¡buff!, agora temos que estudala.

A vostedes non lles importa nada disto dos recursos humanos do sistema. Vostedes constrúen relato ben, constrúen relato moi ben, pero constrúen relato. Adícanse a intentar buscar a maneira de contar que a culpa do malo é doutro e que as cousas boas son mérito do Goberno, que politicamente ten moito sentido facelo. Pero, ademais diso, que é importante no plano político, hai que facer algunhas cousas porque, ao final de todo isto, ¿que sacamos? Que a todas aquelas medidas que vostedes plantexaban que eran boas votan en contra e non as aplican; e cando hai un compromiso ou unha proposta como a que nós trouxemos aquí a este Parlamento hai poucas semanas, de que na eliminación da taxa de reposición vostedes se comprometan a contratar nunha lexislatura a todas aquelas persoas que por culpa da taxa de reposición quedaron fóra do sistema, vostedes votan en contra. Entón, ¿para que a queren eliminar se a vostedes o que lle fastidia da taxa de reposición é que se elimine? A vostedes fastídalles que se elimine porque así terán unha cousa menos á que botarlle a culpa. Serán hipercapaces —non teño ningunha dúbida— de encontrar outro elemento de discusión. Seguro, ¡eh! Créame que igual sobreestimo as capacidades deste goberno para iso, pero nunca quedo curto.

A vostedes cando se elimine a taxa de reposición fastidiaralles porque xa non poderán botarlle a culpa a iso. Agora, ¿aplicar iso e despois contratar en función diso? Non, ¿para que? Se vostedes non é o que queren, por iso votan en contra e por iso votan en contra deste real decreto. E por iso traemos esta pregunta, para dicirlle a este goberno o que lle queremos dicir: que vostedes unicamente constrúen un relato porque, cando tiveron diante medidas que vostedes dixeron que querían e llas puxeron diante, votáronas en contra. E iso, é certo —non é culpa súa, non o traslado, pero si llo digo a este goberno—, en política, cando vostedes teñen un problema grave de recursos humanos e teñen unha medida diante e votan en contra só para poder votar en contra, é deslealdade. Ese é o problema, que vostedes prefiren ser desleais que resolutivos porque son capaces de construír un relato político a partir da deslealdade, e iso está ben electoralmente, pero non resolve o problema porque seguimos tendo a terceira peor ratio de médicos por habitante, a terceira peor ratio de enfermeiros por habitante, unha das peores ratios de matronas por habitante, as peores ratios de profesionais de saúde mental por habitante e seguimos tendo un sistema saturado...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...nos profesionais. Ese é o problema. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para o peche da interpelación, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Señor Torrado, Galicia si tomou medidas estruturais sobre o persoal nos últimos anos. A medida máis estrutural que pode



tomar un servizo de saúde no eido da súa plantilla é ser constante nas súas ofertas públicas de emprego. E poucas comunidades autónomas poden dicir que convocaran ofertas públicas de emprego na sanidade durante os peores anos da crise económica. Galicia nunca deixou de facelo, esgotando sempre, ademais, a famosa taxa de reposición que se permitía en cada momento.

Grazas á súa maior solvencia orzamentaria e cumpridos os obxectivos de déficit e estabilidade financeira, Galicia puido superar nos últimos anos ese 100 % de taxa de reposición e chegar ata o 108 %. Grazas á prioridade que este goberno deu sempre en sanidade, puidemos contar con prazas que noutros eidos como a función pública xeral ou a educación cederon para a OPE sanitaria.

A semana pasada rematou o prazo de toma de posesión de 1.429 profesionais que se incorporaron a unha praza fixa no Sergas tras superar a OPE de 2018. (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) Efectivamente, temos lanzada a OPE do 2019 e estamos traballando —acabo de anunciálo— na OPE do 2020 —repito, hai OPE todos os anos— (*Aplausos.*). Agardamos que no primeiro trimestre do vindeiro ano tomen posesión outros 1.492 profesionais cuxa fase de concurso se viu afectada pola pandemia.

En canto á precariedade, este goberno puxo en marcha o Plan de estabilidade do emprego do persoal estatutario do Sergas, acordado coas centrais sindicais e co obxectivo de situar a taxa de temporalidade do noso servizo sanitario no 5 %.

Ademais, creamos o contrato de continuidade de 1 a 3 anos, cunha retribución mínima de 61.500 euros, que vostedes criticaron moito pero ao que xa se incorporaron 117 profesionais da atención primaria galega. Tamén temos os contratos de continuidade no ámbito da enfermería, aos que tamén pouco a pouco —iso é certo— se van incorporando, porque son contratos de 1 a 3 anos.

Vostede falaba de contratos de vacacións, que con seis meses previstos se fan de semana en semana. Creo que é algo anecdótico, señor Torrado. A maior parte dos traballadores que teñen un contrato de substitución por vacacións ou por unha baixa suelen ser longos. Non digo que non haxa situacións puntuais —que as houbo—, pero a maior parte dos contratos teñen esa lonxitude. E, ademais, como dicía, temos os contratos de continuidade en enfermería, para que as enfermeiras e os enfermeiros teñan ese contrato de 1 ano ata 3. E estano a usar, señor Torrado.

Respecto do que falabamos das demandas que tiña o Servizo Galego de Saúde sobre a homologación de títulos e a contratación dos MIR, dos médicos sen especialidade, teño que dicir que é certo que na etapa anterior da pandemia ese modelo de contrato de facultativo licenciado sen especialidade, como dicía, o usamos, pero foi moi acoutado, porque, como dicía eu antes, non é doado buscar a ubicación, a tarefa específica onde eses profesionais poidan desenvolver a súa actividade con normalidade e sen provocar ningún tipo de problema ou resquicio co resto de especialistas. Como dicía, iso require un diálogo; diálogo que non tivemos co Ministerio neste tema, pero que nós, sen dúbida, imos abordar, e buscaremos unha solución —como dicíamos—, como fixemos no mes de marzo, para incorporar estes profesionais e que poidan aportar o mellor de si neste caso en aspectos asociados á pandemia.



Tamén falabamos das homologacións. Trasladámoslle ao Ministerio, nesa reunión previa ao decreto, o noso interese nesas homologacións dun xeito ordenado, traballando con eles. O Ministerio quedou de enviarnos a listaxe daquelas persoas que tiñan o título solicitado para homologar, que vivían en Galicia ou que manifestaban a súa posibilidade de traballar en Galicia. Esa listaxe chegou a semana pasada e estamos traballando nela para ver exactamente que especialistas poden acomodarse a iso.

Co cal, insístolle, sobre a súa pregunta de que estamos a facer no uso desas posibilidades, pois, en resumo: nos médicos sen especialidade, buscamos orientalos a ese eido de funcións fundamentalmente non sanitarias de apoio aos labores asociados á pandemia; e, no caso dos títulos sen homologar, estamos traballando coas listaxes que nos acaban de enviar.

Polo tanto, si que estamos aproveitando esa oportunidade. Con isto non deixamos de aspirar a esa taxa de reposición, que si que aspiramos a ela.

E quería facerlle un pequeno matiz sobre a votación, señor Torrado. Vostede di que o PP votou en contra da taxa de reposición. Non (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*), non votou a favor dun paquete de medidas que, ademais da taxa de reposición, incluían outras cousas. Isto é unha pequena trampaña, ¿non? (*Murmurios.*) Pero ben, non pasa nada, non pasa nada. O caso é que creo que quedou demostrado no pleno anterior, cando se votou a taxa, e na carta —que lle podo trasladar e que remitín ao Ministerio de Sanidade— que insistimos, por favor, nesa taxa de reposición. Entrégolla cando vostede queira. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Polo tanto, creo que queda clara a vontade deste goberno de aplicar esas medidas —repito—, a pesar da forma en que se produciron, e estou encantado de que o Partido Socialista tamén estea nese labor. Seguro que podemos chegar a algún tipo de proposta e acordo para conseguir, á fin e ao cabo, que teñamos máis profesionais e os nosos pacientes estean mellor coidados.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Non hai máis asuntos.

Remata, polo tanto, aquí o pleno.

Boa tarde.

Remata a sesión ás sete e vinte e seis minutos da tarde.







RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abelairas Rodríguez, María Isaura	(S)	39. Otero Rodríguez, Patricia	(S)
2. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	41. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
4. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	42. Pérez López, Daniel	(BNG)
5. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	43. Pérez López, Noelia	(P)
6. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	44. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
7. Armada Pérez, José Antonio	(P)	45. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
8. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	46. Porro Martínez, María Corina	(P)
9. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	47. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
10. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	48. Prado del Río, Paula	(P)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Puy Fraga, Pedro	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Rey Varela, José Manuel	(P)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
18. Cores Tourís, José Manuel	(P)	56. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
19. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	57. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
20. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
21. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	59. Rodríguez González, Román	(P)
22. Fernández Alfonso, Ramón	(BNG)	60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
23. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
24. Fernández Prado, Martín	(P)	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
25. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. Francisco Rivera, Juan Carlos	(S)	64. Sanz Arias, Cristina	(P)
27. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	65. Seco García, Martín	(S)
28. García Martínez, Fabiola	(P)	66. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
29. González Albert, María	(BNG)	67. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
30. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	68. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
31. González Vázquez, José	(P)	69. Torrado Quintela, Julio	(S)
32. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	70. Vázquez Almuíña, Jesús	(P)
33. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Martínez García, Valeriano	(P)	72. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
35. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	73. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	75. Vereá Fraiz, Borja	(P)
38. Ortega Otero, Marina	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

